

NOVA AMEAZA PARA A SERRA DA GROBA: PROXECTADAS DÚAS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS DE AUGA MARIÑA EN OIA E NO ROSAL



Foto: Bruno Centelles

PAX: 7

Festa dos Callos
de Salceda

Pax.: 11

A SLC de
Reboreda iza
con orgullo a súa
bandeira

Pax.: VI

Radiografía do
ensino en Marín

Pax.: XV

Os Lumes
forestais

Pax.: XXI

XXXVIII Edición
do Festival de
Poesía do
Condado

Pax.: 16

O BNG de
Forcarei
sen límites

Pax.: 22

VIGO

A CORUÑA

SANTIAGO

PONTEVEDRA

CURSOS DE
**TERAPIAS
NATURAIS**
en Galicia

**ESCUELA
ESPS**
EUROPEA PARASANITARIA

FORMACIÓN
PRÁCTICA
Y DE CALIDADE

**COMEZA HOXE
O TEU CAMIÑO**

MEDICINAS
COMPLEMENTARIAS

TERAPIAS
MANUAIS

REFLEXOLOXIA
E TERAPIAS REFLEXAS

AURICULOTERAPIA
E MOITO MAIS

espsformacion.com | 619 847 798



Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

O mundial de fútbol

editorial

Pouco despois de gañar a final do mundial de fútbol masculino o dianteiro Ferrán Torres, autor do gol que lle deu a vitoria á selección española, declaraba nos micrófonos de TVE: "He sido criticado pero Dios le da las cosas a quien se lo merece".

Resulta realmente meritorio ser capaz de dicir tal cantidade de estratoféricas parvadas en tan curto espazo de tempo, pois nin Deus existe nin as cousas malas ou boas que lle pasan a un na vida responden a razóns de merecemento na maior parte das veces. É o azar, e só o azar, o que determinou que ese mozo teña unhas condicións sobresaíntes para xogar ao fútbol que o levaron a se converter nun futbolista de elite, e a anotar o tanto que lle deu ao equipo español o segundo mundial de fútbol masculino.

Consideremos por un momento a literalidade do que declarou o futbolista e se fose así, se fose un ente volitivo metafísico omnisciente e omnipotente quen decidise, en función dos méritos ou deméritos de cadaquén, que os seres humanos fosemos premiados ou castigados segundo nolo merezamos, resultaría que os nenos e nenas que se afoğan no Mediterráneo, tratando de fuxir da miseria dos seus países de orixe, merecen acabar así as súas vidas?...E as nenas e nenos de Palestina asasinados polo estado terrorista de Israel tamén merecen morrer desa maneira?...E o meu irmán Claudio, que aos 15 anos lle foi diagnosticado un lupus eritematoso sistémico que lle fixo pasar os últimos 14 anos da súa vida nun constate calvario de permanentes visitas a hospitais ata morrer con 29 anos, tamén merecía



pasar a segunda metade da súa vida torturado?...E o meu primo Dani, que agora tería a miña idade, e que non a ten porque cando tiña 8 anos matouno unha leucemia infantil, que fixo para merecer morrer sendo tan só un neno?.

O fútbol é un deporte consistente en que un equipo de 11 persoas compita contra outras 11 para tratar de introducir máis veces que o equipo contrario un obxecto esférico nunha superficie rectangular. Si, só é iso. Non ten a máis mínima relevancia para a vida, e obxectivamente dá igual que o faga o equipo A ou o equipo B.

O fútbol de máximo nivel porén si que ten unha importante función social: é utilizado polas elites oligárquicas a modo de narcótico que provoca que as masas empobrecidas dirixan aí as súas pulsións máis profundas, no canto de facelo cara ao que realmente importa. Estes días do mundial pasáronme un vídeo dunha xornalista facendo entrevistas a seareiros españois, todos mozos e mozas, e ante a pregunta de que prefería o entrevistado: que España ga-

ñase o mundial ou que acabase o desemprego, agás algunha rapaza lúcida, a práctica totalidade das persoas preguntadas, incluso algunha persoa desempregada, afirmaban con absoluta rotundidade que preferían que España gañase o mundial.

O fútbol tamén serve para enfrontar aos pobos dunha maneira noxenta, ata o punto de converter a persoas intelixentes e sensibles en auténticas fanáticas idiotizadas. Sempre son os outros os pérfidos tramposos, e sempre é ao adversario

ao que favorecen os árbitros. Pola contra os nosos sempre son os bos, e en todos os casos é o noso equipo ao que prexudican deliberadamente as arbitaxes ao abeiro de sinistras e malvadas conspiracións. A este respecto lembro un artigo de opinión de Antonio Gala, pouco despois de que España gañase a Holanda o seu primeiro mundial, no que se laiaba da suposta violencia exercida polo equipo holandés e aproveitaba para defender as barbaridades que o duque de Alba cometeu no país europeo no nome da coroa española. Ollo, Antonio Gala, non Pablo Motos, Iker Jiménez ou Tomás Roncero...

Por outra parte eu non me sinto representado pola selección española. Con absoluto e escrupuloso respecto para quen se sinta español, afirmo que eu non teño máis patria que Galicia. Se algún día unha selección galega tivese a oportunidade de competir en torneos internacionais probablemente si me sentiría representado por ela, pero con seguridade seguiría opinando o mesmo: O fútbol non importa o máis

mínimo. Importa a vida digna de todas as persoas por igual, a xustiza social, a igualdade dos dous sexos que formamos a humanidade, o recoñecemento e memoria para todas as persoas que sufriron represión por defender o ben común, a liberdade das persoas, a saúde e a educación universais, a loita contra o cambio climático, a protección do planeta dos seus ríos, dos seus mares e dos seus montes e bosques, o benestar animal, e a soberanía de todos os pobos do mundo, incluído o pobo galego.

TALLERES SAN JUAN

Mecánica
Neumáticos
Alineado de dirección
Cambio de lunas
Servicio de grúa a clientes

PEINADOR - TORROSO
(Mos)
Al lado de la Capilla de San Juan

986 337 187
645 991 192

CAFÉ - BAR

Casa Gallardo

Puxeiros - Mos 986 48 79 18

EL SOL

Carburantes EL SOL

- Descontos de 7ct. a Taxistas + 2 lavados gratis/mes.
- Descontos de 6ct. por litro ao momento repostando un mínimo de 20 €. Gasóleo micro inflado e gasolina sen chumbo 95 Plus (Activado especial)

Estrada Porriño - Redondela 76
tel: 986336303 - administracion@carburanteselsol.com

Ven e Infórmate!

Estrada das plantas S/N
Tameiga

Corredoira Olegario Rodríguez, 3
Sanguñeda

adoa
CENTROS DE XARDINERÍA
Creando natureza dende 1990

www.adoa.es

Campo, xardín, fogar



Baldomero Iglesias Dobarrio, 'Mero'

Aducidos?

opinión

Nos tempos que corren estamos tan metidos na mentira que nos custa moito aceptar as evidencias e moito máis caer na conta do noso enorme erro. O erro da nosa propia desnaturalización. Percíbese esa nosa submisión ás hipóteses dos fala-baratos, ás informacions e aos recortes de prensa, ás fotos trucadas, aos díxome-díxome que tanto no mundo se practican. Son este xeito de involucionar que nos tocou vivir e do que moitas veces non queremos ser conscientes. Difícil é salvarse de tanto conto e de tanta historia mediocre, tanta mentira e tanto matiz polarizante que nos fai confundir ao agresor co agredido e viceversa. Á vítima e ao verdugo facéndonos os "longuis" e sabendo que non podemos nin debemos ser imparciais.

A min, hanme perdoar, dáme moita pena, vergoña quizais, ver enormes grupos de xente dicindo as mesmas cousas, as mesmas xustificacións.

Quedo parvo pensando no apaisado das súas expresións e as mesmas reiteracións na desculpa e na mentira, insistentes proclaman a súa; neutralidade desde o mesmo dogma. Lémbrame aquel vello concepto de "ovellas do rabaño", corte sistémico dunha sociedade que non sabe pensar por separado e necesita agregarse ás hordas que conducen e dirixen unánime chusma de vertidos. Sempre vertidos e no disimulo empoleirados.

Descorazona sabernos faltos da orixinalidade e o bo criterio de cada quen, da actitude crítica e discrepante que obriga a reflexionar antes e despois para sacar algún proveito. Baixamos un enorme banzo de liberdades e agora vivimos a urxencia, o consumo e o tropel, coas

súas angustias. Estamos pillados polas prásas e o gasto, obedecemos reclamos de calquera propaganda prometedor de marcha e ruído, despreocupacións. Ovellas mansas do rabaño.

Síntome estraño ao saber deses grupos tan enormes de xentes aducidas, que seica "fan tendencia", tribo, son frikis e cousas polo estilo. Penso, e xa o pensaba, que cada vez máis nos roubaron a vontade, a vontade de ser, de sentírnos libres, de decidir, de pertenza, de saber escoller ben para gozar da vida, para vestir ou non vestir, para ir e vir con competencia de poder equivocarnos, conducírnos e atoparnos.

Como di o meu amigo Xío Blanco de Mos.: "...Sonoros, si sonoros. E semellantes a instrumentos desafinados e rexentes versos. Si, así debiera facer a percusión dos poetas do pobo. E a música, a música de fondo que a poñan outros".

A mesma música é un rolo de repeticións, de ritmos obstinados feitos por máquinas, voces conducidas por sámples ao servizo de incautos "seguidistas". No medio claquetas e metrónomos que marcan e miden, mentres quedan amorfas as emocións e faltas de expresión no medio do cálculo contable. Se alguén berra "Oeee", todos berran "Oeee".

E pásano ben, nesa cretina lea de ovellas. E se as voces son en inglés fanse máis cribles e repiten o que lles imponen. O espectáculo vén de moi lonxe para que acaten, cedan e consuman. Sobre todo para que paguen e ser condutibles. Quizais non participen nas folgas por baixos soldos, polos desafuzamentos brutais ou nas de falta de médicos, ou polos dereitos consolidados e nece-

sarios. Irán na mansedume, nesa observancia silandeira que somete.

Ben pensado é unha colonización máis, devastadora. Tan grave ou máis que os espolios da Terra, con eólicos traidores e cheos de prexuízos para castigo dos máis vulnerables. Minas que son perdición, especulacións á par da corruptela dos que din representarnos. Lodos contaminantes que tiran con nocturnidade pestilente no medio dos apartados observatorios, ou as mesmas augas que contaminan terras, outras augas, praias, toda a paisaxe, ...todo. E non digamos esta perversa eucaliptización obstinada por parte dos que, seica entendidos, permiten despois sexamos pasto do lume. Non, nós non participamos desa involución da intelixencia humana na que se perden vidas e vida. Nós sabemos que hai outra forma de facer, de gobernar. Sabemos que hai que plantar e sementar, cambiar a paisaxe e a vexetación altamente inflamable por outra que dea oportunidade de goce e continuidade á nosa vida.

É o problema desta aculturación que despraza os nosos modos de facer historia e sociedade, cheos de humanidade, gozos e sufrimentos. Hai que impor as engrenaxes do capitalismo atroz. E aí os temos, mais non contaba eu con esta xente, alienada e gustosamente embebida de ínfulas alleantes. Parecen ser produtos industriais da submisión colonización conformista. Todos contentos e cheos de castelanismos aínda dentro da nosa lingua, de anormais estranxeirismos na insólita burremia do delirio a parecerse a algún fantoche, deses que publicitan as teles, incluída a de aquí, que tamén ten o seu punto de denigrante parodia e fervor

oligofrénico, de diccións pertu badas sen que os organismos correspondentes ao caso, chamen á orde.

Pena grande que nos coman O Noso sen que nos deamos conta, que nos leven a paraísos dun inferno servil organizado por lacaios, sipaios escarnecidos nesa "ambulancia" que nos leva ao tatorio. Pois non, cómpre enfrontarse e non calalo. Cómpre, xa que somos Patria e Matria, erguer a voz e amosar o noso inconformismo. Por unha Galiza ceibe ou ceive, mesmo sen ortografías!



Telf.: 634 88 70 54



ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B
CP. 36416 MOS



Javier González Riveiro

C/ Generoso Dguez. 110
36419 Cela (Mos)
T. 986 907 346
M. 670 327 210
M. 619 839 058

panaderianovadevesa@gmail.com



Joaquín Benito Sousa

652 95 50 50

FRONTE AO LEROY MERLIN

neumaticosbelicar@gmail.com

Ctra. Porriño - Redondela, KM. 1 - Mos



"En Puxeiros"

Rúa Ludeiro 31 A - Mos 986 682 494

info@ferreteriamos.com

www.ferreteriamos.com

TODO PARA EL PROFESIONAL



A Nova Peneira parroquia a parroquia Atios de O Porriño

Por *G. Figueiredo*

Entre a riqueza do seu patrimonio, a paixón polo fútbol, a forza da veciñanza e unha historia que se remonta a miles de anos, Atios é unha das parroquias con máis personalidade do Porriño. Un lugar onde tradición e modernidade conviven sen perder a súa esencia.

A poucos minutos do centro urbano do Porriño está Atios, unha paisaxe onde os montes, as casas tradicionais, os camiños antigos e os espazos naturais continúan marcando o ritmo da vida cotiá. Nos barrios de Alvarín, O Carbón, A Casilla, O Castro, As Cavadas, O Covelo, Os Eidos, Galegos, A Guía, A Ínsua, Liboeira, O Outeiro, A Pontenova, Portela de Souto, O Rial, A Rocha, A Torre, Vilafría a A Viñoira aínda é posible escoitar as campás da igrexa mesturarse co son dos nenos xogando na rúa ou co ambiente que se vive cada fin de semana no campo de fútbol.

Con algo máis de dous mil habitantes, Atios é unha das trece parroquias do Porriño. A segunda en extensión e a terceira en densidade de poboación. A súa proximidade ás principais vías de comunicación, ao polígono industrial das Gándaras e ao centro do Porriño permitiron un importante desenvolvemento urbanístico durante as últimas décadas. Porén, lonxe de perder a súa identidade, Atios conseguiu conservar aquilo que máis valoran os seus veciños: o sentimento de pertenza, a vida comunitaria e un patrimonio que segue contando a historia dunha parroquia con séculos de tradición.

A pedra que deu fama ao Porriño

Falar de Atios tamén é falar do granito.

A parroquia atópase moi próxima ás grandes canteiras que converteron ao Porriño nun referente internacional da



Canteira baixa de Atios

industria da pedra natural. O coñecido Granito Rosa Porriño, empregado en edificios e obras públicas de todo o mundo, forma parte tamén da historia

económica desta zona.

Durante décadas, numerosos veciños de Atios traballaron nas canteiras ou nas empresas relacionadas coa trans-

formación da pedra. A extracción e elaboración do granito contribuíron decisivamente ao desenvolvemento económico do municipio e permitiron que moitas familias mellorasen as súas condicións de vida.

Aínda hoxe, esta actividade continúa sendo un dos principais motores económicos da comarca.

Que ver en Atios.

O principal símbolo patrimonial da parroquia é a igrexa de Santa Baia (Santa Eulalia), que reúne cada verán centos de persoas arredor dos actos relixiosos, as verbenas, a música e as actividades populares. Durante varios días, Atios convértese nun auténtico punto de encontro para a veciñanza e para moitos antigos residentes que regresan á súa terra para compartir estes días coa familia e cos amigos.

A igrexa parroquial actual data de 1757, aínda que as súas orixes se remontan ao século XIV.

Trátase dunha igrexa de planta rectangular e nave única, con ábsida en eixo destacada en planta e altura. Ao seu redor celebráronse durante séculos feiras, reunións, actos relixiosos e as principais festas parroquiais.

Na igrexa parroquial comeza o viacrucis de Atios, un conxunto de 14 cruces. Na ladeira do Monte Castro encóntrase un fermoso cruceiro de pedra datado no século XVIII: é o chamado "Cruceiro do Castro".

No percorrido do Camiño de Santiago está a Capela de Virxe da Guía. O edi-



SILVAKARAVAN

AUTOCARAVANAS

COMPRA - VENTA - ALQUILER

- Caravanas, autocaravanas
- Mobilhomes
- Remolques, accesorios
- Todo para el camping

info@silvakaravan.com
www.silvakaravan.com

C/ Rosalía de Castro, 39
36350 Nigrán
Pontevedra

986 365 629
696 383 650
696 293 764

C/ Costeira, 1 - Budiño
36475 Salceda de Caselas
Pontevedra

986 346 842
696 143 835
696 293 764

FLOR DE LOTO

Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros
Tameiga Mos

teléfono: 986 48 60 20
móvil: 687 46 76 34
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30
16:30 a 20:00
Sábado: 10:00 a 14:00

O Progreso

Panadería - Cafetería

O Porriño - RÚA PROGRESO 5
Tui - RÚA CASAL ABOY 4

986 334 079

ficio e de 1640 e goza de gran popularidade en todo o concello.

Na parroquia fíxose un importante descubrimento arqueolóxico: a chamada cista de Atios, que data da Época de Bronce inicial (1800-1000 a. C.) Trátase dunha tumba composta por laxes, e no interior atopouse un interesante enxoval funerario. Está depositada no Museo Quiñones de León de Vigo.

Espallados polos diferentes barrios aparecen tamén numerosos hórreos tradicionais, algúns deles con máis dun século de historia. Estas construcións permitían gardar o millo protexido da humidade e constitúen unha das mostras máis representativas da arquitectura popular galega.

Neste barrio atópase tamén un interesante conxunto de muíños de auga situados xunto aos pequenos regatos que atravesan Atios. Durante moitos anos foron fundamentais para a economía local, xa que neles se moía o gran que posteriormente se convertía en fariña. Hoxe permanecen como silenciosos testemuños dunha forma de vida que marcou durante séculos o día a día da parroquia.

Os amantes da natureza atoparán en Atios numerosos camiños rurais que percorren montes e pequenas zonas arboradas. Son rutas ideais para pasear, practicar sendeirismo ou simplemente descubrir a paisaxe característica do val do Louro.

Ademais, desde varios puntos elevados da parroquia poden contemplarse magníficas vistas sobre o municipio do Porriño e boa parte da comarca, especialmente nos días claros.

O fútbol:

unha paixón que une xeracións

Se hai un lugar onde a parroquia se reúne cada fin de semana, ese é o campo do Atios Fútbol Club. Máis ca unha entidade deportiva, o Atios F.C. converteuse nun dos grandes símbolos da pa-

rrroquia e nun dos mellores exemplos da importancia que ten o asociacionismo na vida local.

Fundado hai varias décadas, o club foi medrando ao mesmo ritmo que a parroquia. Xeracións de rapaces e rapazas vestiron as súas cores, aprendendo non só a xogar ao fútbol, senón tamén valores como o respecto, o esforzo, o compañeirismo e o compromiso.

Os días de partido o ambiente cambia completamente. As bancadas enchense de familias, amigos e afeccionados que animan aos equipos da base e aos conxuntos sénior. Para moitos veciños, acudir ao campo forma parte da rutina da fin de semana e constitúe unha oportunidade para compartir tempo cos seus, comentar a actualidade da parroquia e manter vivas relacións que van moito máis alá do deporte.

O Atios F.C. representa tamén un importante espazo de integración. Cada tempada incorpora novos xogadores procedentes de diferentes lugares, converténdose nun punto de encontro entre persoas que atopan no deporte unha maneira de sentirse parte da comunidade.

A forza dunha veciñanza comprometida coa tradición.

Pero se algo caracteriza verdadeiramente a Atios é a implicación da súa xente.

Ao longo do ano, as asociacións culturais, deportivas e veciñais organizan numerosas actividades que manteñen viva a parroquia. Cursos, obradoiros, festivais, actividades para a infancia, propostas destinadas ás persoas maiores e iniciativas solidarias forman parte dunha programación que reforza a convivencia e o sentimento de pertenza.

A Rondalla de Atios é outro dos grandes referentes culturais da parroquia. Cada Nadal, as súas actuacións reúnen centos de persoas e contribúen a con-

servar unha das tradicións musicais máis arraigadas do sur de Pontevedra. O son das pandeiretas, das cunchas, dos cristos, dos charrrascos ou das castañetas continúan emocionando a veciños de todas as idades, demostrando que a cultura popular segue moi presente na vida diaria.

As festas que manteñen viva a tradición.

Poucos momentos do ano representan mellor o espírito de Atios que as súas festas patronais.

A celebración de Santa Baia, patroa da parroquia, en decembro. Á programación festiva súmanse concertos, actividades deportivas, xogos infantís e eventos gastronómicos que converten estas datas nun dos momentos máis esperados do calendario parroquial.

Pero as festas son moito máis ca diversión. Constitúen unha oportunidade

para transmitir ás novas xeracións costumes, tradicións e formas de entender a vida que forman parte da identidade colectiva de Atios.

Tamén en agostos celebran a Festa da Virxe da Guía de Atios, dúas datas onde se reúnen centos de persoas arredor dos actos relixiosos, as verbenas, a música e as actividades populares. Durante varios días, Atios convértese nun auténtico punto de encontro para a veciñanza e para moitos antigos residentes que regresan á súa terra para compartir estes días coa familia e cos amigos e amigas.

Atios é moito máis ca unha das trece parroquias do Porriño. É un lugar onde a historia continúa presente en cada camiño, onde o patrimonio forma parte da vida cotiá e onde o verdadeiro valor atópase nas persoas que, día tras día, seguen construíndo parroquia.

O BNG de Mos reclama un plan integral para recuperar e protexer o río Louro



Imaxe dun tramo do río Louro



CÁRNICAS
O LABREGO
SABOR RURAL

Praza de abastos
posto nº15
Salceda de Caselas

637 04 93 36

Servizo a Domicilio

AUTOCARES LUCHO, S.L.

CTRA. N-120
PETELOS
MOS



986 331 203 - 649 901 278 / 649 901 279



Manolo
RESTAURANTE

AUTOVÍA VIGO-OURENSE - SAÍDA 305
PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414



CALIDADE, EXCELENCIA
E TRADICIÓN EN PLENO
CENTRO DA LOURIÑA.

VEN A COÑECERNOS
www.restaurantemanolo.es
info@restaurantemanolo.es

O pleno debaterá unha moción na que se insta á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e ao Goberno municipal a adoptar medidas urxentes Gustavo Barcia denuncia a falta de mantemento e pide unha “estratexia conxunta” para reverter o deterioro da contorna natural

Mos

O BNG de Mos presentará no vindeiro pleno unha moción para impulsar a recuperación, conservación e posta en valor do río Louro ante o deterioro que presenta ao seu paso polo termo municipal. A través desta iniciativa, a formación nacionalista insta a adoptar medidas urxentes tanto á Confederación Hidrográfica Miño-Sil como ao Goberno municipal. Entre outras actuacións, solícitase a retirada de árbores caídas e restos de muros, a elaboración dun diagnóstico ambiental do río ou a erradicación de especies invasoras..

O portavoz municipal do BNG, Gustavo Barcia, considera que “o río Louro é un dos grandes patrimonios naturais do noso concello e non pode seguir sufrindo o abandono das administracións responsables”. Ao seu xuízo, “é imprescindible pasar das palabras aos feitos e poñer en marcha medidas concretas que garantan a conservación do río, a protección da súa biodiversidade e o seu disfrute por parte da veciñanza”. Nese sentido, Barcia critica que nin a Confederación Hidrográfica nin o goberno municipal teñan desenvolvido actuacións suficientes para facer fronte aos problemas que afectan ao río.

O Grupo Municipal do BNG advirte

da presenza de verteduras, árbores caídas, residuos, especies invasoras e antigas estruturas que acabaron por desprenderse cara ao leito do río, situacións que, en opinión de Gustavo Barcia, “evidencian o total desleixo do PP de Nidia Arévalo”.

Ademais, o BNG cuestiona a actual xestión do paseo do Louro, lembrando que, mentres se anuncia a construción de novos tramos, os existentes presentan un importante deterioro por falta de mantemento. “Non ten sentido seguir ampliando o paseo se antes non se garante a conservación do que xa existe nin se respecta a contorna natural”, sinala Barcia.

Un patrimonio natural e social Na moción, o BNG lembra que o río Louro constitúe un elemento fundamental do patrimonio ambiental de Mos, tanto polo seu valor ecolóxico como polo seu uso social e de lecer. Por iso, a iniciativa tamén propón crear unha mesa de coordinación entre os concellos de Pazos de Borbén, Mos, O Porriño e Tui, xunto coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co obxectivo de deseñar unha estratexia conxunta para a conservación, restauración e posta en valor do río ao longo de todo o seu percorrido.

Os poemas de Mar Míguez

Fun recadar ondas



Fun rrecadar ondas
na praia dos teus ollos,
e escoitzi soar as bucinas
que trzmían no abismo.

Corazon,
non escoito os teus latexos, quzdaron varados
na zscuridade dun intrz,
na lznz caricia dun suspiro.

Choran as agullas do rreloxo
que contaba por ti as zstrzlas,
agora zn silznzio
pasa as páxinas zn branco
dun cuaderno que agarda un pozma.

Amor,
vin eazr pétalos
no val dos xirasolzs brancos.

Eu, alquimista zn prácticas,
buscaba a fórmula do amor gztorno,
pero bastou o rrefulxir dunha ollada túa,
para sabzr que non hai miragrez,
así sz abran as portas do avzrno,
as papoulas vermzllas
szguirán dztro dz min,
florzczndo.

CARNICERÍA
TRANVÍA
CHARCUTERÍA

Peinador 81 - 36417 Mos
Tel 986 487 947 - 646 907 230

Loterías y Apuestas del Estado

BAR CASELAS
Nieves Canosa Lorenzo

Telf. 986 347 969
Avenida de Galicia, 3 SALCEDA DE CASELAS

ELECTRICIDAD	Talleres Alvecar Sanguineda n.º 156 36419 SANGUINEDA PONTEVEDRA Tlf./Fax 986 33 09 51 alvecar@hotmail.es
INYECCIÓN ELECTRÓNICA	
CLIMATIZACIÓN	
MAQUINARIA: TALADROS AMOLADORAS	
MOTORES ELÉCTRICOS	
PRE-ITV	
BATERÍAS	

Hostal Maracaibo

Ti es a nosa razón de ser

Manuel Rodríguez, 50
O Porriño
986 33 09 01

NOVA AMEAZA PARA A SERRA DA GROBA

Por *Tino Lago*



Dicía, no abrente da década dos oitenta do século pasado, aquel inesquecible personaxe creado pola fantástica Lolo Rico: “Viva el mal, viva el capital”. E nin que a “Bruja Avería” fose vidente, porque hoxe, medio século máis tarde, o mal está máis vivo que nunca. E no seu afán de engrosar as contas de resultados dos que realmente mandan no mundo, semella que non se cansa de presentar proxectos ultra agresivos para o planeta, un planeta espremido ata uns niveis moi perigosos para a continuidade da vida a longo prazo. Proxectos de nulo impacto para as maiorías sociais e de enorme solvencia para as oligarquías económicas. As elites económicas extractivas semella que lle colleron “cariño” á Serra da Groba.

Esta Serra é un espazo marabilloso que se encontra entre as comarcas do Baixo Miño e do Val Miñor. Este enclave natural destaca por posuír unha enorme colonia de cabalos en liberdade e outras especies de animais e vexetais como raposos, xabaríns, coellos, anfibios, aves, carballos, loureiros, salgueiros... Tamén é salientable a existencia da fonda pegada da historia humana en forma dunha grande concentración de arte rupestre, das máis importantes de Galicia, e por ofrecernos diversos acuíferos, pozas e recunchos naturais de grande beleza.

Nos últimos anos foron moitos os intentos de realizar proxectos de negocio neste espazo, que calquera administración minimamente sensata debería blindar de contado para deixalo en herdanza ás xeracións futuras. Desde ideas absolutamente disparatadas como os intentos de construír un campo de golf, ata as tentativas de inzar a Groba de enormes torres eólicas cuxa dimensión xigantesca e as actuacións necesarias para facer realidade a montaxe dos parques, suporían a morte dunha das paraxes de maior beleza do país galego.

De momento todas as tentativas de agresión foron derrotadas grazas á forza imparable da sociedade civil organizada e ao traballo encomiable de distintas plataformas como SOS GROBA ou o IEM, pero o mal non descansa nunca e agora chegan

As centrais hidroeléctricas de bombeo.

Estamos falando dun proxecto dobre que contén dúas centrais hidroeléctricas de auga mariña diferentes, pero

conectadas. Son do mesmo promotor, a empresa Jealsa, e están intentando tramitalas como se fosen dous proxectos diferentes

Unha das centrais está proxectada no

termo municipal de Oia e a outra no do Rosal. Están pensadas para evacuar conxuntamente a súa produción á subestación de Atios no Porriño.

Cal é o seu obxectivo?


Producir enerxía eléctrica bombeando auga mariña que se almacenaría en dúas grandes balsas no alto Serra da Groba. O concepto teórico pode parecer interesante: Producir enerxía a



GUMERJO
SERVICIO OFICIAL



Todo. Siempre.
GUMERJO



www.gumerjo.es
Sequeiras 162, O Porriño

Ferreira
TALLERES
SERVICIO TECNICO
Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas

C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69
36418 MOS (Pontevedra)

e-mail: taller.ferreira@hotmail.com

Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489
Fax: 986 344 019

BAR · RESTAURANTE

CASTRO

COCINA TRADICIONAL GALLEGA

Antonio Palacios, 154
Teléfono: 986 330 757

36400 PORRIÑO
Pontevedra

Tapería
A Calustra

Se hacen banquetes
programados

Todos los días desde las 18:00 h hasta
las 24:00 h.

SÁBADOS Y DOMINGOS DESDE
LAS 12:00 H. HASTA LAS 24:00 H.

Bouzavedra, 23 - San Xurxo - SALCEDA

986 349 298

partir da auga do mar a priori parece unha boa idea, que tería bastante menos impacto no medio ambiente cá que se produce a partir de combustibles fósiles.

Por outra parte a produción de enerxía eólica non é estable, depende das circunstancias climatolóxicas. E se queremos que a electricidade dependa dos parques eólicos, necesitamos que sempre sexan capaces de achegar a enerxía que o sistema demande.

As cousas son máis complicadas do que parecen

E tanto que o son. A produción de enerxía non é a que nós queiramos senón que está en directa relación cun concepto científico denominado Factor de Planta: A relación entre a enerxía instalada e a que a planta podería producir. No caso dos eólicos en Galicia estamos falando de arredor do 23,5%. É dicir se temos 100 MW só poderíamos garantir unha produción de 23,5 MW. A idea destas dúas centrais hidroeléctricas sería utilizar a enerxía sobrante para bombear auga, e cando necesitamos producir enerxía eléctrica facelo soltando a auga almacenada.

Cal sería o problema?

Que para producir unha unidade de enerxía hidroeléctrica necesitamos previamente dúas unidades de enerxía para poder bombear a auga en altura. É dicir; é indispensable gastar dúas unidades de enerxía para poder producir unha.

Entre o factor de planta e esta última cuestión estamos en que para poder bombear a auga destas dúas centrais hidroeléctricas proxectadas sería absolutamente imprescindible a instalación de varios parques eólicos complementarios que nos deran a enerxía necesaria para podermos levar a auga desde o mar ata as balsas que se situarían na Serra.



Cabalos salvaxes na Serra da Groba

De non ser así, ou subimos a auga a caldeiros ou sería imposible producir luz para acender unha soa bombilla. Necesitamos oito MW instalados de eólica para recuperar un. E o peor é que non se trataría de produción pensada para alimentar as centrais senón de enerxía sobrante, produción que o mercado non é capaz de asumir en determinados momentos

De onde sae toda a enerxía necesaria para que as centrais hidroeléctricas poidan bombear a auga?

Parece inevitable conectalo coa idea de que nas costas de Oia e A Guarda

estean proxectados catro polígonos eólicos mariños.

Tamén están os parques eólicos na Groba, tanto os 6 anulados como os 4 proxectados. A enerxía necesaria para alimentar a estas centrais ten que estar necesariamente vinculada a algún parque eólico. Pero a enerxía que lles puidera sobrar a eses parques non sería suficiente para alimentar ás centrais de bombeo. Sería necesario un grupo de polígonos de parques eólicos. Onde Están?, por que non aparecen en ningún sitio?.E hai que ter en conta que teoricamente non serían parques eóli-

cos feitos ad hoc para alimentar estas centrais, senón que estas centrais estarían feitas para aproveitar excedentes de produción.

Asemade non só serían estas dúas últimas centrais das que acabamos de coñecer o proxecto, en Oia e en Portecello(O Rosal) senón que tamén estaría a tamén proxectada en Punta Centinela, na zona de Mougás que xa coñecemos con anterioridade.

Esta de Mougás tamén ten proxectado derivar a súa produción á subestación de Atios.

Casualidade?

No universo dos negocios desta dimensión non existen as casualidades. Semella que todo deriva dun plan industrial, deseñado por alguén, para a parte sur de Galicia, do que non nos queren dicir nada, e que imos coñecendo así aos poucos con motivo de que o impacto de algo tan inmenso, que suporía inzar dos parques eólicos, necesarios para alimentar as centrais hidroeléctricas de bombeo, enormes cantidades de terreo, teña a menor contestación social posible.

En que fase estamos agora?

Nunha fase de exposición pública na que se pide autorización administrativa para ocupar as franxas litorais necesarias para construír as centrais hidroeléctricas.

Pero só se solicita autorización para iso. Por que motivo nin se solicita autorización nin se explica que se vai facer para producir a enerxía necesaria para alimentar esas centrais?.

Agora mesmo a sociedade civil máis lúcida está preparando as alegacións pertinentes. Probablemente, a Xunta fará todo o posible para que estes proxectos progresen. Isto último é unha pura especulación, pero tendo en conta o historial e as políticas habituais da administración autonómica galega



Rua Argentina, nº 9 Baixo
36470 – SALCEDA DE CASELAS

Tfnos. 606 968 156 e 986 317996
julio.pineiro.barros@coitagalicia.org



RABADEIRA

AUTOMÓVIL - MAQUINARIA AGRÍCOLA
NEUMÁTICOS - ACCESORIOS
ALINEADO

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE NOKIAN TYRES

Telf. 986 340 753

Revolta.nº 7 - Parderrubias. 36472 - SALCEDA DE CASELAS
rabadeira2011@hotmail.com

RIVADA SEGUROS

Generales, vida e inversión

Estrada de O Porriño a Redondela, 153 (36415) MOS

Tlf. 986 33 74 81 / Fax: 986 33 94 12

seguros@rivadaseguros.com

parece razoable pensar que vai ser así. Tamén é certo que considerando o rigor a experiencia e a preparación das plataformas que sen dúbida liderarán de novo a defensa do territorio, o IEM e SOS Groba, non o van ter nada fácil.

A auga salgada podería causar problemas na Groba?

Si, claro que podería. Problemas moi serios que incluso, se houbera unha fuga importante, poderían fastidiar os acuíferos de auga doce da Serra. No proxecto falan do modelo dunha central de Xapón na que desenvolveron un polímero especial co que tapizarían a balsa, e garantirían que non se producirían filtracións..Pero claro. A saber..

Como se financiarían?

Con fondos europeos. O obxectivo é facer negocio, só ese e nada máis que ese. A sustentabilidade enerxética importa en realidade bastante menos que nada a quen diseña este tipo de cousas para que uns poucos gañen moito diñeiro a costa de empobrecer as posibilidades de moitos, e de deteriorar seriamente o medio ambiente.

Ninguén mete un montón de cartos para montar unhas centrais, e ver se a algún parque eólico indefinido e indeterminado lle sobra algo de enerxía para que poidan funcionar. Non hai enerxía sobrando para alimentar iso en toda a contorna. Alguén terá que facer parques eólicos ad hoc para alimentalas

Ninguén arrisca unha enorme cantidade de cartos montando centrais por se soa a fruta que lles permita alimentalas. **Todo está perfectamente deseñado. Por que non nos contan todo o que pretenden facer?**

PS. Infinitas grazas ao noso amigo Bruno Centelles pola súa información. Sen el este artigo, e moitos outros, non serían posibles.



Paulo Peres Lago, Comité Antifascista da Louríña

A rede Stay Behind e a contrainsurxencia anticomunista

opinión

Os EUA e o seu criminal imperialismo, na loita polo control do mercado global, usou as ferramentas dos bandidos perversos que son, violando o dereito internacional, as fronteiras e soberanías nacionais, provocando masacres, causando devastación e destruíndo nacións enteiras. Todo pola apropiación de recursos enerxéticos e materias primas, favorecendo a industria armamentística e o oligopolio da construción.

A OTAN foi usada para a loita contra toda aquela nación que se opuxera aos seus plans, que representase un perigo polo seu modelo de organización social, ou para a conquista de novos mercados. A CIA, o Pentágono, e a Casa Branca, son o triunvirato máis mafioso que pariu o poder. Non se conforman con esmagar ás nacións que consideran inimigas, senón que someten aos seus aliados a espionaxe, promoven candidatos que beneficien os seus negocios, ou tratan aos seus amigos como muca-mas domésticas.

A OTAN creou un exército nas sombras, a rede Stay Behind, un exército ben adestrado en sabotaxes tanto industrial como de infraestruturas, comunicación, operacións, fabricación de explosivos con materiais caseiros, etc. Diseminado por toda Europa Occidental, con células formadas por elementos fascistas que se adicaron a frear mediante técnicas contrainsurxentes, a influencia de partidos comunistas, organizacións operarias, sindicatos de clase, e todos aqueles colectivos que se declarasen anticapitalistas e pola revolución socialista-comunista nos países europeos.

Adestrados polo MI6, financiados pola CIA, e coordinados polos países integrados na OTAN dende unha ramificación secreta da mesma, participaban tamén os servizos de intelixencia de cada país. Os ataques de falsa bandeira foron unha necesidade na loita contrainsurxente realizada por estas células Stay Behind, que na Italia tomou o nome de 'Gladío', onde logo de varios atentados foi descuberto a implicación

de membros do servizo segredo nestas atrocidades.

Existen declaracións de axentes que participaron, e que foron a prisión, na que contan que se sentían seguros pola cobertura da CIA. Logo dos atentados eran levados ao Estado español, onde estaban protexidos pola ditadura franquista. Na estrutura de apoio figuraban elementos de tódalas institucións do estado. Dende o poder executivo, xustiza, militares, policía, directivos industriais, banqueiros, todos cooperaban en diversas facetas das operacións de falsa bandeira, armas, loxística, vías de escape, ocultación de probas, financiamento, etc.

A partir da derrota infrinxida pola URSS, tódolos nazis non foron xulgados. Esa foi a coartada para dar un revestimento de lexitimidade a Nuremberg. Unha grande parte deles, altos cadros de gran preparación en distintas disciplinas, foron captados polas democracias occidentais e pasaron a ocupar cargos en distintas áreas: Exército, seguridade nacional, defensa, no Pentágono, na CIA, e na OTAN.

Foi esta organización terrorista quen absorbeu toda esta camarilla de nazis, non polas súas calidade humana ou valores éticos e morais, senón polo seu profundo e visceral odio aos comunistas. Reinhard Gehlen, Albert Schnez, Adolf Heusinger, Hans Speidel, Johannes Steinhoff, Johann von Kielmansegg, Ernst Ferber, Karl Schnell, Franz Joseph Schulze, ou Ferdinand von Senger und Etterlin. Durante 15 anos sementaron o terror na Italia, Bélxica, Alemaña, causando máis de 400 mortos, centenas de feridos, logrando o



debilitamento dos partidos eurocomunistas.

Todas estas accións, o macarthismo institucional, a represión do estado, os atentados e asasinatos cometidos polos fascistas, as campañas mediáticas, a presión social, etc, tiveron repercusión no ideario dos partidos comunistas, nos seus dirixentes orgánicos e teóricos, que aceleraron a renuncia á toma do poder pola forza, á loita de clases.

Aceptaron definitivamente as regras do xogo burgués, deixaron de ser comunistas para converterse en socialdemócratas, inventaron o eurocomunismo, unha deriva propia da claudicación e podremia ideolóxica, mais tamén propiciada polo medo, pola aco-

so ao que eran sometidos. Deixaron de ser partidos de cadros como vangarda do proletariado, para converterse en partidos de masas aceptando o electoralismo burgués, mudando revolución por reforma, abandonando os principios do marxismo-leninismo. Durante a transición, houbo 271 asasinados pola BPS, pola garda civil e os grupos de extrema dereita, como o Batallón Vasco Español, Forza Nova, Guerrilleiros de Cristo Rei, falanxistas, etc... Non tiña sentido a creación destas redes Stay Behind, posto que xa había grupos fascistas

dispostos a todo, mais si que mantiveron estreitos contactos cos membros de Gladio.

Hoxe o macarthismo acentúa a cacería. Hai cuestión de un mes o perrucón laranxa ianqui e Narco Rubio, reuniron a 60 países nunha cruzada contra o "terrorismo de esquerda", acusando de ser unha ameaza global contra a "liberdade e o progreso". Non se pode ser máis cínico, hipócrita, e mentireiro... Nesta altura da historia xa temos claro quen asasina crianzas e familias enteiras na Palestina ocupada, temos claro quen agride ao Irán prometendo envialos á idade de pedra, ao igual que G.W. Bush ao Iraque, destruindo todo o país e a súa civilización.

Os EUA financiaron e deron golpes de estado en 27 países de América do Sul, financiaron e financian paramilitarismo, crearon Al-Qaeda, ISIS, e tódalas franquías terroristas na Asia Oriental, mataron aos seus propios cidadáns nun ataque de falsa bandeira (11-S) para ter a escusa de destruír Libia, Iraque, Siria, Irán, Sudán, Iemen.

Os verdadeiros terroristas son eles, e a OTAN, é a ferramenta dese decadente imperialismo, como poder contrainsurgente, criminal e anticomunista fe-
roz.

Antifascistas e antiimperialistas sempre!

estudo de demanda e viabilidade

O Porriño

O Grupo Municipal Socialista levará ao próximo pleno unha moción para iniciar unha folla de ruta institucional destinada á creación dunha estación intermodal de transporte no Porriño.

O municipio é un dos principais centros industriais e de comunicacións do sur de Galicia. Conta con 20.965 habitantes e cunha elevada poboación flotante vinculada aos polígonos industriais, ao comercio, aos centros educativos e aos servizos públicos. Porén, continúa sen unha terminal moderna que concentre os servizos de autobús e facilite a conexión co tren, o taxi, o transporte urbano e parroquial, a bicicleta e os percorridos peonís.

"O Porriño precisa unha estación intermodal adaptada á súa realidade industrial e social. Non presentamos unha localización decidida nin unha promesa sen respaldo: propoñemos estudar as alternativas, acordar a mellor solución e buscar o financiamento necesario."

Consenso sobre a localización

A moción propón declarar de interese estratéxico municipal a creación da estación intermodal e convocar, no prazo máximo dun mes, unha Xunta de Portavoces monográfica coa participación dos servizos técnicos municipais. Nesa reunión deberán establecerse os criterios e as posibles alternativas de localización, atendendo á dispoñibilidade e custo do solo, ao planeamento urbanístico, aos accesos, á conexión coa estación ferroviaria, á seguridade viaria, ao impacto ambiental e a integración urbana.

Os socialistas consideran que unha decisión desta importancia non debe adop-

tarse unilateralmente, senon apoiarse en informes técnicos e procurar o maior consenso político e institucional posible.

Un estudo completo nun prazo de seis meses

Tras acordar os criterios de localización, o Goberno municipal deberaá promover, nun prazo máximo de seis meses, un estudo de demanda e viabilidade técnica, económica, ambiental e urbanística.

O documento deberá determinar o em-
prazamento máis adecuado e definir o programa funcional da futura infraestrutura, incluíndo os espazos destinados aos autobuses, taxis, transporte urbano, bicicletas, peóns, información ás persoas usuarias e servizos complementarios.

"A moción non obriga a comprar mañá unha parcela nin a licitar unha obra sen estudos. Induce a comezar a traballar, establecer prazos e render contas ante o Pleno."

Colaboración entre administracións

A iniciativa socialista solicita a participación da Xunta de Galicia e do Goberno de España, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, de Adif e de Renfe.

O obxectivo e promover un convenio que concrete a participación da Xunta, do Estado, do Concello e, de ser preciso, da Deputación de Pontevedra, tanto na planificación como no financiamento da infraestrutura.

A proposta toma como referencia outras estacións intermodais galegas, nas que a Xunta asumiu a terminal de autobuses, os concellos colaboraron co solo, os accesos e a integración urbana, e o Estado executou as actuacións ferroviarias correspondentes.

O PSOE propón iniciar a creación dunha estación intermodal para transformar a mobilidade do Porriño

A moción socialista solicita declarar o proxecto de interese estratéxico, consensuar as posibles localizacións e realizar nun prazo de seis meses un



APLICACIÓN DE SISTEMAS DE IMPERMEABILIZACIÓN
Persoal especializado e profesional

DEPÓSITOS DE COMUNIDADES DE AUGAS
Impermeabilización, limpeza e desinfección **CERTIFICADA**

SERVIZOS A EMPRESAS E COMUNIDADES
Pavimento, fachada, patio, garaxe, mantementos...

APLICACIÓN E VENDA DE PRODUCTOS

Subida ó Rebullón 28 - Mos

Telf.: 986 49 88 72

www.aplivilca.com

info@aplivilca.com

XXXII Edición da Festa dos Callos de Salceda de Caselas 2026

Os Callos de Salceda: unha festa que, ano tras ano, tras pasar tres décadas de andaina, converte a esta vila na organizadora nunha das festas gastronómicas máis representativas da Comarca e xuntará a milleiros de persoas na praza do Concello o domingo 6 de setembro.

Cada primeiro domingo de setembro, Salceda de Caselas convértese nun dos grandes puntos de encontro gastronómico do sur de Galicia. A Praza do Concello acolle unha celebración que, desde 1993, foi medrando ata converterse nunha das citas máis populares do calendario festivo da provincia. A Festa dos Callos chega cada ano con milleiros de persoas procedentes de diferentes puntos de Galicia e tamén do norte de Portugal, atraídas por un prato tradicional que, co paso do tempo, acabou converténdose nun dos símbolos da identidade salcedense.

A dimensión da festa explica por si soa a súa importancia. Nas últimas edicións téñense preparado arredor de 20.000 racións, unha cifra que dá unha idea do enorme dispositivo necesario para que todo estea a punto. En 2019, por exemplo, neste xornal comentabamos que para elaborar esa cantidade eran necesarios aproximadamente 2.000 quilos de ventre vacún, 950 de carne de tenreira, 2.500 de garavanzos, 450 de lacón e preto de 400 quilos de chourizo. Detrás de cada prato hai, polo tanto, unha enorme organización e moitas horas de traballo.

Esa maquinaria comeza moito antes de que os primeiros comensais ocupen as mesas da praza. Máis de medio cento de persoas voluntarias colaboran habitualmente na preparación da festa, dedicando tempo e esforzo durante semanas para que o gran día funcione. É precisamente ese traballo colectivo o que converte os Callos nunha festa da veciñanza, onde o protagonismo non corresponde unicamente ao Concello, que son os encargados de organizar o



evento, senón tamén ao tecido asociativo e ás persoas que, ano tras ano, fan posible a celebración. En 2025, a alcaldesa Loli Castiñeira volvía destacar ese traballo en equipo e a importancia da participación das asociacións locais.

Pero a Festa dos Callos non se limita ao domingo. Ao longo dos anos foise construíndo unha programación que transforma a celebración gastronómica nunha auténtica fin de semana festiva. O serán popular, incorporado no ano 2007, converteuse nunha das citas máis arraigadas. A programación tamén foi incorporando actividades infantís, actuacións musicais, charangas e diferentes propostas culturais pensadas para públicos de todas as idades. En 2022, tras dous anos sen celebración debido á pandemia, Salceda recuperou o formato tradicional cun programa que se

prolongaba desde o xoves ata o domingo.

O domingo dos Callos ten, con todo, o seu ritual propio. Desde primeira hora, a Praza do Concello comeza a encherse de actividade mentres nas cociñas xa traballan para que as potas estean listas. A degustación comeza a media mañá ou ao mediodía, segundo se mire, e mantense ata que se esgotan as racións. O pregón, as actuacións musicais e o tradicional paseo polas potas das autoridades e representantes das asociacións forman parte dunha liturxia festiva que se repite ano tras ano.

A festa tamén ten unha clara dimensión económica e turística. Moitas das persoas que se achegan desde fóra pasan boa parte do día en Salceda, consumindo nos establecementos hostaleiros e comerciais da vila. A propia tradición

dos callos transcende o día grande, durante os mércores de mercadillo varios locais hostaleiros do centro ofrecen tapas de callos, demostrando que este prato forma parte da vida cotiá da vila e non só do calendario festivo do primeiro domingo de setembro.

Un dos retos que acompañou a festa durante os últimos anos é conseguir o recoñecemento oficial como Festa de Interese Turístico de Galicia. A solicitude vén de anos atrás e continúa pendente. En 2025, o Concello insistía novamente na importancia de acadar esta distinción, entendendo que

a magnitude, a tradición e a capacidade de convocatoria dos Callos de Salceda fan merecedora á celebración dese recoñecemento.

Tres décadas despois do seu nacemento, a Festa dos Callos segue demostrando que unha celebración popular pode medrar sen perder as súas raíces. Cambian os programas, os protagonistas e mesmo as cantidades de comida que se preparan, pero permanece o esencial: unha praza ateigada, unha pota compartida, música, encontro e unha veciñanza orgullosa dunha tradición que xa forma parte da memoria colectiva de Salceda de Caselas. Porque nos Callos non se celebra só un prato: celébrase a capacidade dun pobo para reunirse, recibir a quen chega de fóra e manter viva, ano tras ano, unha parte fundamental da identidade desta vila.

Talleres S. Malvar

Carretera de Vigo a Madrid (Antigua N550)
AVDA DE GALICIA 53 A MOS
986 092 947

adega tría Courtyer

T. 986 333013. Móv. 600 304608
Estrada Porriño - Redondela 237. LOUREDO. 36415 MOS

SUMYRENT

ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



Polígono O Cerquido, 59 BUDIÑO

SALCEDA DE CASELAS

Telf. 986 34 68 53

sumyrent@sumyrent.com

www.sumyrent.com



Hugo Javier Freitas

Os nenos que cruzaron o Atlántico

opinión

Cando falamos da emigración galega cara a América, é habitual imaxinar homes e mulleres adultos que deixaban a súa terra na procura dun traballo e dunha vida mellor. Porén, entre aquelas multitudes que atravesaron o Atlántico tamén había nenos e adolescentes. Algúns viaxaban cos seus pais. Outros facíano acompañados por irmáns, parentes ou coñecidos. E tamén houbo rapaces que, sendo aínda moi novos, emprenderon unha viaxe que hoxe nos custa imaxinar.

A comezos do século XX, cruzar o océano non era simplemente trasladarse dun país a outro. Para un rapaz dunha aldea galega significaba abandonar de golpe unha paisaxe coñecida, unha lingua, unha casa, unha familia e unha maneira de entender o mundo. Do outro lado estaba América. Bos Aires converteuse nun dos grandes destinos daquela emigración. Alí chegaron milleiros de galegos que atoparon traballo no comercio, nos servizos, nos obradoiros, na construción ou en innumerables actividades que contri-

buíron ao crecemento dunha cidade que cambiaba a unha velocidade extraordinaria.

Para un neno emigrante, con todo, a experiencia debía resultar especialmente intensa.

Primeiro estaba a despedida.

Logo, o porto.

Despois, o barco.

Durante semanas, o océano separaba progresivamente aquilo que se deixaba atrás daquilo que aínda non se coñecía. Para moitos daqueles rapaces, o horizonte do mar foi probablemente a primeira experiencia concreta da distancia.

Ao chegar, todo era novo.

As rúas de Bos Aires, os tranvías, os acentos, os comercios, a multitude, os edificios e unha sociedade formada por persoas chegadas de numerosos lugares de Europa podían producir fascinación, pero tamén desconcerto.

A infancia, ademais, era entón moi diferente da que coñecemos hoxe.

Moitos rapaces comezaban a traballar moi cedo. A emigración podía acelerar aínda máis ese paso cara ao mundo

adulto. Había que contribuír á economía familiar, aprender un oficio, axudar nun negocio ou buscar unha ocupación. Por iso, detrás de moitas historias de emigración existe tamén unha historia de infancias interrompidas ou transformadas.

Co paso do tempo, aqueles nenos aprenderon novos costumes e construíron novas vidas. Algúns conservaron o galego que escoitaban na casa. Outros foron perdéndoo lentamente. Moitos falaban aos seus fillos dunha aldea que quedara ao outro lado do océano e que, ás veces, nunca volveron visitar.

E así aconteceu algo especialmente interesante.

Galicia continuou existindo na memoria familiar mesmo cando xa non estaba presente na experiencia cotiá.

Unha comida, unha palabra, unha canción, unha fotografía, unha carta ou simplemente o nome dun lugar podían conservar durante décadas a lembranza daquela terra abandonada na infancia. Nas familias descendentes da emigración ocorre con frecuencia que certos relatos sobreviven durante xeracións.

“O avó chegou moi novo”. “A avoa veu cunha irmá”. “Mándárono chamar desde Bos Aires”. “Nunca volveu a Galicia”.

Son frases aparentemente sinxelas.

Pero detrás delas pode existir toda unha vida.

Os arquivos migratorios permiten ás veces recuperar esas historias. Un rexistro de pasaxeiros pode ofrecernos un nome, unha idade, un porto de saída e unha data de chegada. Unha partida parroquial permite regresar á aldea onde nacera aquela persoa. Un censo pode mostrarnos onde viviu anos despois en Arxentina.

Entre un documento e outro aparece unha vida atravesada polo Atlántico.

Talvez por iso paga a pena prestar atención ás historias dos que emigraron sendo nenos.

Eles non decidiron sempre a viaxe, pero tiveron que aprender a habitar as súas consecuencias.

Fixéronse adultos nun país diferente do lugar onde naceran e, dalgún xeito, convertéronse tamén nunha ponte entre dous mundos.

Moitas familias galegas e arxentinas conservan aínda hoxe a memoria daquela ponte.

E cando preguntamos quen foi aquel neno que un día embarcou cara a América, non estamos recuperando unicamente unha historia familiar. Estamos recuperando tamén unha pequena parte da historia de Galicia.

CHURRASQUERÍA
Pontenova

Domingo Bueno, 73
Teléfono 986 33 67 20
Altos - PORRIÑO

Toys Maniatic
Porque los niños son lo más importante

GRUPO DE ASOCIADOS

xoguetería

Rafael Tilve Adrio, 8 - Telf.: 886 123 137
36470 - SALCEDA DE CASELAS (Pontevedra)
toysdetalles@gmail.com

A despensa de Maria

Visitános en Peinador

CONGELADOS FRANDI

T.986334271

E. frandicongelados@gmail.com

C/ ESTACIÓN Nº7 O PORRIÑO

asegal

asesoría fiscal, laboral y contable
seguros

SUSANA CABAILEIRO

Manuel Rodríguez 112 PORRIÑO
Tlfo. 986338216 info@asegal.org

fara FLORISTAS

Elisa Rodríguez Vaqueiro
T. 675 846 202
farafloristas@gmail.com

Lorenzo négase a reclamarlle á Xunta melloras para o Servizo de Axudano Fogar (SAF)

O Porriño

No primeiro aniversario do asasinato de Teresa de Jesús en Atios e terminado o Protocolo para a Prevención e Actuación ante Situacións de Violencia Laboral Externa no Servizo de Axuda no Fogar, impulsado pola FEGAMP, o PP non asina o documento na Xunta. No Pleno Municipal, este luns, o Alcalde do Porriño negouse a apoiar unha

sionais.

O Bloque demanda que a Xunta de Galicia asuma o documento acordado por FEGAMP, Delegación do Goberno, sindicatos, colectivos profesionais e patronal para reforzar a seguridade laboral e o marco de protección das traballadoras do SAF no que non participou desde o primeiro encontro. O sector leva anos denunciando situacións inadmisíbeis que se están a producir nos domicilios e requiren modificar normativas competencia da Xunta.

Entre as medidas que incorpora o acordo non asinado pola Xunta

destacan a identificación e avaliación dos riscos, unha mellor coordinación entre administracións e empresas concesionarias, máis medidas de control sobre o contexto social dos domicilios; mais sobre todo destaca a posibilidade de que as profesionais interrompan a prestación cando estea en perigo a súa integridade sen que teña que decílo a Xunta.

Esta é a principal eiva para salvagardar a vida das traballadoras.

Tamén se recolle a necesidade de reactivar a negociación do convenio colectivo do sector. Míriam Martínez, Concelleira do BNG no Porriño

“Para o BNG o que aconteceu en Atios hai un ano supuxo un punto de inflexión para urxir mudanzas que dignifiquen o traballo das persoas que prestan este servizo. Reclamamos que a Xunta asuma a súa responsabilidade, tanto a nivel de

financiamento como en todo o que ten que ver coas condicións laborais das traballadoras. Un ano despois do asasinato de Teresa o PP segue sen dar solucións e o Alcalde mira para outro lado antepoñendo os intereses do seu partido aos das traballadoras do servizo”, sinalou a concelleira do Bloque, Míriam Martínez.

“Chamamos a participar, o mércores 29 de xullo, no primeiro cabodano do asasinato de Teresa, na manifestación convocada pola CIG ás 11:30h no Porriño, desde o Centro Cívico até a Casa do Concello. Hai que reclamar na rúa un sistema público galego de atención ás persoas.

Temos dereito a unha vellez digna mediante un modelo público de coidados. Merecemos unha autoridades que si prioricen os servizos sociais”, concluíu a concelleira do BNG.

SOBRE OS FURANCHOS:

Carlos Montes, propietario da tapería O Lar do Campo da Feira, situada no alto de Puxeiros, pediunos que reflectiramos nas nosas páxinas a súa opinión sobre os furanchos: El entende que se trata de negocios que fan competencia desleal aos profesionais da hostalaría. Cre que fan un gran dano a negocios como o seu, ata o punto de comprometer seriamente a súa supervivencia, pondo en serio perigo moitos postos de traballo.



Estamos no alto de Puxeiros.
Visítanos!

O BRASEIRO DO LUCHO

ESPECIALIDADE EN CHURRASCO E POLOS A BRASA
E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS...

COMIDA PARA LEVAR E A DOMICILIO HOXE COCINAMOS NÓS!

TEL. 604 007 240

R/ Rafael Tilve Adrio, 8
SALCEDA DE CASELAS

Égaro Fisioterapia
salud&movimiento

C/ Victoriano Pérez Vidal, 37
Telf.: 633 15 28 23

LAVADO MANUAL PONTE NOVA

C/ Domingo Bueno, 138
36400 PORRIÑO
Telf.: 620 539 930

MAPFRE | SALCEDA

C/ Joaquín Fdez. Sestelo, 26 bajo
36470 Salceda de Caselas
E-mail: mjsaave@mapfre.com

Teléf.: 986 347 970
Móvil: 622 851 155



Lois Pérez Leira

Unha polaca en Vigo

opinión

Vigo transformouse recentemente nunha cidade plenamente cosmopolita, un vibrante crisol onde conviven novas veciñas e veciños procedentes de todos os recunchos do mundo. A miúdo, a sociedade tende a asociar erroneamente o fenómeno migratorio con traballadores sen especialización ou destinados a cubrir os postos que a poboación local non desexa ocupar. Porén, esta realidade deu paso a unha onda migratoria de alto valor humano e intelectual, integrada por profesionais, artistas, médicos e enxeñeiros que enriquecen o noso tecido social. Un exemplo excepcional deste fenómeno é a presenza na nosa cidade da escritora polaca Grażyna Wasiak-Maxwell, unha muller brillan-

te, profunda e dotada dunha sensibilidade extraordinaria.

Nada en Polonia e formada academicamente en Ciencias Políticas pola Universidade de Breslavia, Grażyna complementou a súa formación con estudos especializados en africanismo, demostrando desde nova unha curiosidade intelectual que trascendía as fronteiras do seu país. O seu periplo vital é digno dunha das súas novelas: tras finalizar os seus estudos, chegou ao Reino Unido con apenas cen libras no peto e un visado de turista, no que inicialmente sería unha estancia curta para estudar inglés en Dover. Porén, aquel “romance” con Inglaterra estendeuse durante trinta e cinco anos, durante os cales se converteu nunha figura clave da vida cultural da capital británica.



En Londres, Grażyna non só consolidou unha carreira de prestixio como

xornalista e escritora, senón que se integrou na elite intelectual como membro activo da Unión de Escritores Polacos no Estranxeiro (ZPPnO). O seu labor foi tan significativo que foi incluída na distinguida publicación Twórcy Wizerunku Polonii (Creadores da Imaxe da Diáspora Polaca) e foi nomeada embaixadora para os cidadáns da terceira idade (seniors) de Polonia. Entrou en Londres, como ela mesma adoita dicir, “pola porta principal e en tacóns”, reivindicando sempre que a nacionalidade hédase, pero a cidadanía gáñase.

A súa obra literaria, que inclúe títulos como *Dokąd którędy po co?* (Cara a onde, por onde, para que?) e *Sanatorium bez miłości* (Sanatorio sen amor), destaca por unha mestría única para indagar no interior das persoas, explo-

rando a madurez e a procura de sentido. Tras décadas de éxito no Reino Unido, “os ventos do destino” trouxérona hai cinco anos a Vigo, cidade que hoxe define como “o absoluto centro do mundo” e a “xoia da coroa de Galicia”. Desde aquí, Grażyna exerce como unha verdadeira embaixadora cultural, demostrando que a nova veciñanza cosmopolita de Vigo achega unha profundidade e unha luz que enriquecen irremediabilmente o noso diálogo colectivo.


Os “Tonios” e o eclipse.

<http://comsasdeluxo.blogspot.com.es> *(por Marcos Escudero)



Encrucillado

Por Khan Dean



HORIZONTAIS

A – ESCRITORA VENEZOLANA CONTEMPORÁNEA, EDITORA E TRADUTORA DO PORTUGUÊS. B – CHAIRA EXTENSA E SEN ÁRBORES PROPIA DE AMÉRICA DO SUR. COMENTARIOS MOI FAVORABLES A PROPÓSITO DUNHA PERSOAA OU DUNHA COUSA, DECLARÁNDOA ASÍ DIGNA DE ESTIMA E DE ADMIRACIÓN. C – ESTABLECIMENTO PÚBLICO NO QUE SE OFRECEN TRATAMENTOS DE ESTÉTICA OU RELAXACIÓN BASEADOS NO USO DE AUGA CORRENTE, SEN PROPIEDADES MEDICINAIS. NORTE – AFLUENTE DO RÍO RIN. SÍMBOLO DO AMPERE. D – COMUNIDADE AUTÓNOMA COMPOSTA POLAS PROVINCIAS DE HUESCA, TERUEL E ZARAGOZA. PARTE POSTERIOR DO PÉ HUMANO, SITUADA ENTRE A PLANTA E A PARTE DE UNIÓN DO PÉ COA PERNA. E – SENTIN AMOR OU GRANDE AFECCIÓN POR ALGUÉN. CONCEJO DO PRINCIPADO DE ASTURIAS QUE TEN UNHA IMPORTANTE FEIRA DE GANDO. CONSOANTE. F – AQUÍLO QUE PREXUDICA, MATERIAL OU MORALMENTE E O SEU EFECTO. ORDENADOR PERSOAL. CONSOANTE. G – REPRESENTACIÓN GRÁFICA A ESCALA DA TERRA OU DUNHA PARTE DELA. H – SÍMBOLO DO IODO. CONTRACCIÓN DE PREPOSICIÓN E ARTIGO. DISCO DE VINILO DE TAMAÑO GRANDE E LARGA DURACIÓN. INDIVIDUO QUE PERTENCE A UNHA ORDE RELIXIOSA. I – PAPA DA IGREXA CATÓLICA DO ANO 1978 ATA O 2005. CINCUENTA. K – SÍMBOLO DO ALUMINIO. CONSOANTE. TOMAR DROGAS. L – SABEDORA, SABOROSA. PRESENTA ALGO OU ALGUÉN QUE ESTÁ Á VISTA.

VERTICAIS

1 – SISTEMA DE POSICIONAMENTO GLOBAL. MOLUSCOS BIVALVOS DA FAMILIA DOS VENÉRIDOS, DE VALVAS ASIMÉTRICAS E OVALADAS, QUE VIVE NOS FONDOS MARIÑOS DE LODO E AREA. 2 – AREAL DE AREA BRANCA E FINA. SITUADO NA RÍA DE PONTEVEDRA, ENTRE OS MUNICIPIOS DE MARÍN E BUEU. RECIPIENTE DE FORMA REDONDA, XERALMENTE DE BARRO E COA BOCA ANCHA, USADO PARA COCIÑAR. 3 – EN FEMININO, DE COR TIRANDO A AMARELO OU QUE TOMOU ESA. CONSOANTE. 4 – DEFENSOR DO POBO. EXCLAMACIÓN QUE DENOTA DOR, QUEIXA, SUSTO, AFLIÇÃO. CIDADE BELGA UNIVERSITARIA SITUADA ENTRE BRUXAS E BRUXELAS. 5 – CONCEPTO FUNDAMENTAL DA FILOSOFÍA CHINESA E O TAOÍSMO QUE REPRESENTA A FORZA ACTIVA, LUMINOSA, MASCULINA, CÁLIDA E ENÉRGICA. SÍMBOLO DO PLUTONIO. CONSOANTE. SÍMBOLO DO DEUTERIO. 6 – SUR. VOGAL. NON DIGADES NADA. 7 – CORREAS QUE UNEN AS DÚAS PARTES DO MALLOS. PAN PLANO FRITO ORIXINARIO DO SUR DE ASIA. 8 – ENFERMIDADE NEURO DEXENERATIVA QUE AFECTA ÁS NEURONAS MOTORAS DO CEREBRO E A MEDULA ESPINAL. ENFADO VIOLENTO, ACOMPAÑADO DUNHA FORTE REACCIÓN. RÍO DE LUGO, AFLUENTE DO SIL. 9 – UN DOS CATRO PUNTOS CARDINAIS, SITUADO APROXIMADAMENTE NA DIRECCIÓN DA ESTRELA POLAR. PARTIDO POLÍTICO INTEGRADO NO BNG, CUXO LÍDER É O VIGUÉS SEGUNDO GONZÁLEZ. 10 – DIRECTOR XERAL. DEPÓSITO DE ARMAS. 11 – DOUS. COMPOSICIÓN POÉTICA NA QUE SE LOA UNHA PERSOAA OU UN ACONTECIMENTO. MESTURA QUE, CONSTITUÍDA POR OSÍXENO, NITRÓXENO E OUTROS GASES AMAIS DE VAPOR DE AUGA, FORMA A ATMOSFERA DA TERRA. 12 – COMBINACIÓN DA PREPOSICIÓN A CO ARTIGO MASCULINO. SÍMBOLO DO OSÍXENO. CONSOANTE. CINCOCESTOS. PALABRA CON QUE SE AFIRMA ALGO. 13 – RELATIVA OU PERTENCENTE A DEUS OU Á RELIXIÓN, QUE TEN UN CARÁCTER SAGRADO. PRONOME PERSOAL TÓNICO DE TERCEIRA PERSOAA DO PLURAL.

SOLUCIÓNS:
HORIZONTAIS:
1 - GPS - AMEIXAS. 2 - LAPLAIN - OLA. 3 - AMARELADA. 4 - B. 5 - YANG. 6 - PU. 7 - D. 8 - S. 9 - CALADE. 10 - FRADE. 11 - XOVAN PAULO. 12 - T. 13 - SABEDORA. EIS.
VERTICAIS:
1 - PAMPA. 2 - ELOXIOS. 3 - SPA. 4 - A. 5 - A. 6 - A. 7 - A. 8 - A. 9 - A. 10 - A. 11 - A. 12 - A. 13 - A.

A DEREITA ESPAÑOLA PERDEU A CABEZA: INTOLERABLE CAMPAÑA DE ACOSO CONTRA LUCÍA SANTOS, CANDIDATA DO BNG DE MARÍN

Que puta es Lucía
Responder Ocultar

Lucía , tú sabes que tu marido es maricon ?
Responder Ocultar

Este borrego necesita una ostia en los dientes para ponérselos en su sitio
Hijo de puta
Responder Ocultar

Sois todos unos hijos de puta
Responder Ocultar

Subnormales
Responder Ocultar 1

Estos no son gallegos pero subnormales un rato
Responder Ocultar 1

Tu puta madre retrasada, Franco era tu paisano
Responder Ocultar

Putas
Responder Ocultar

Menos mal que estos de la estrella son 4 retardados y dan el coñazo una vez al año
Responder Ocultar

Te as equivocado de trapo, raposa
Responder Ocultar

Otros gilipollas que no se enteran, de que Galicia es una comunidad de España.
Está todo el país lleno de subnormales.
Responder Ocultar

De personas vosotros llamáis pueblo con arraigo nero la izquierda indefinida

Pax XIII

 **euronics**
REDONDELA

Telf.: 986 405 069
Móvil: 620 89 41 41
Ernestina Otero nº 26
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: euronicsredondela@gmail.com

SON CALIZA

“O noso obxectivo como grupo é pasalo nós ben e que o público se divirta con nós”

Pedro López e Omar Cadilla, Picota F.M.

Os compoñentes deste grupo de Redondela son dous primos que levan xuntos toda a vida, os dous cantan e os dous tocan a guitarra. Eles fan versións de temas de rock and roll e xa teñen algunha canción propia, coa ilusión de poder compoñer unha maqueta para participar no próximo festival de maquetas do Millo Verde e por que non, poder ampliar o grupo cun baixista e un batería, porque como eles mesmos afirman : “Picota FM é un grupo que naceu da nada para poder chegar a todo”. Na nosa xeira polo rock popular galego fixemos unha parada na histórica zona da Picota para coñecermos mellor a estes dous mozos de Redondela. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa



Pedro e Omar son Picota F.M.

Que queda daqueles dous mozos que tocaban en “Relámpago”?

Ben, digamos que somos os mesmos pero con arredor de 10 anos máis.

Que recordos vos evoca aquela época?

Pois recordos preciosos. Cando un lembra os seus comezos en calquera campo da vida as emocións sempre se sitúan en niveis máximos. Tes que pensar, Marcos, que aquela época foi cando comezamos no mundo da música e cando nos chamaron do Millo.

Naqueles tempos eramos uns nenos, que estaban a vivir o que calquera afectado ao mundo da música desexa vivir, pero aínda non nos dabamos de conta.

Desde aquela época seguides xuntos?

Si, “Relámpago” acabou pero nós decidimos seguir xuntos e aí naceu “Picota FM”.

E chegou o primeiro grande concerto no Brisa?

Pois si, en parte grazas a Chopi que foi quen nos chamou.

Que raro Chopi polo medio nalgunha historia

Ha, ha, ha, ha...Chamounos para ver se queriamos telonear a Alfredo Piedrafita, o guitarrista de Barricada, e nós encantados, claro.

Vaia forma de debutar!!

Pois si, o Brisa é un lugar máxico para nós. Incluso cando repetimos nese local foi para telonear ao guitarrista de “La Fuga” Pedro Razkin. Un tipo por certo encantador. Primeiro subímolos nós a el, e logo subiunos ao escenario

el a nós.

Picota FM sodes volos dous?

Si ben, de momento si, malia que hai moita xente detrás que nos apoia e que son moi importantes para o funcionamento do grupo como por exemplo os nosos pais, Chiri, Pedro...

Como é iso de “de momento”?

Ben, ímolo deixar aí, de momento. Cando poidamos dicir algo máis, Marcos, serás o primeiro en sabelo

Digo eu que terá que ser así

Ha, ha, ha...por suposto que si. O trato que lle das a universo musical de Redondela ben o merece.

Levades xuntos toda a vida. Non vos aburrides de tocar sempre os dous?

Non oh...Levámonos moi ben. Xa nos coñecemos tanto que case non fai falta que falemos para nos coordinar co-

rectamente. Somos un grupo que flúe sen ningún problema. Lembro unha canción á que lle puxemos música un día ás 4:30 da mañá nun garaxe no que fomos acampar nun aniversario.

Algunha vez habería algún conflito, non?

Iso é pouco menos que inevitable... pero nunca foi nada grave nin tóxico.

Cal é o tipo de música que fai Picota?

Facemos versións sobre todo de rock and roll. E estamos traballando en comezar a sacar temas propios. De feito xa temos un tema que levamos tocando bastante tempo, temos algúns máis xa preparados.

En breve teremos LP?

O que si podemos dicir é que igual para o ano nos presentamos ás maque-





O FUNIL

· TRAGOS E BOCADOS ·

Pai Crespo, 46 - Redondela

 O FUNIL - TRAGOS E BOCADOS
 OFUNIL.TB
 OFUNIL.TB

tas do Millo Verde. Aínda que non gañemos ter unha maqueta feita por nós sería estupendo.

Entón o ano próximo ides tocar nas maquetas do Millo?

Esa é a nosa intención, pero aínda non o podemos confirmar. Todo dependerá da velocidade de produción.

Algún soño para o futuro próximo?

Gustaríanos poder elevar o grupo, e contar cun baixista e un batería. Xa temos algo medio apalabrado pero, como che comentamos antes, xa o comunicaremos no seu momento.

Facemos esta entrevista no día que tocades en Ponte Sampaio. Tedes algún outro concerto nas próximas datas?

Estamos pechando actuacións na cultural de San Martiño e na de Nespereira, e pendentes de varios sitios amigos como O Funil ou o Arume de Santiago. A nosa finalidade como grupo e pasalo nós ben, e que o público se divirta con nós.

Nós nas datas que van saíndo tocamos, pero a nosa intención é non ter a máis mínima dor de cabeza con ese asunto.

Rematamos: A continuidade de Picota FM está asegurada?

Esa é a nosa intención desde logo. Somos un grupo que xurdiu da nada para chegar a todo.



Alberte Román, Xestor cultural

O Legado Activo Cal Beiras e os outros patrimonios

opinión

Creado a partir do acervo privado do casal Antía Cal e Antón Beiras, o LACB (Legado Activo Cal Beiras) sen dúbida é unha das iniciativas culturais mais salientábeis dos últimos anos no contexto cultural galego polo novo da proposta. Desde 2022, o LACB vén producindo diferentes propostas expositivas a partir do arquivo familiar Cal Beiras. Neste tempo ofreceron tres propostas salientábeis, como foron a exposición fotográfica da Malla de Pascual de 1957, a partir dunha serie fotográfica realizada por Antón Beiras, e que ofrecía unha ollada á experiencia comunitaria das mallas. Recentemente programaron a exposición "Serigrafía Galega 1971" que recollía as obras integradas na colección Serigrafías de Arte Galega integrada por obras de 19 autores, e que serviu para homenaxear o inxente traballo editorial realizado nos anos setenta polos irmáns Álvarez Blázquez. Neste 2026, desde o LACB programaron unha nova proposta que se constrúe a partir do traxe de noiva de Antía Cal

que serve de fío para pór o valor das costureiras rurais.

O proxecto é unha aposta, valente e consciente, por desapenoveizar a cultura neste país. A casa familiar dos Cal no lugar das Aguias no concello lucense de Muras é o espazo que inicialmente acolle as exposicións, aínda que as mesmas puideron ser visitas en Vigo.

O singular desta iniciativa está en colocar o foco nun tipo de patrimonios non sempre valorados, como son aqueles que conforman os acervos patrimoniais familiares. Narrar a partir da memoria familiar, permite narrar a memoria colectiva. Aínda está ben estendida entre nós unha idea do patrimonio, dos bens que é preciso conservar, bastante cativreira, que limita o valor patrimonial a elementos antigos ou relacionados con aspectos relixiosos ou artísticos. Esa visión deixa fóra do campo unha alargada extensión de elementos. En non poucas ocasións, vemos noticias de coleccións fotográficas familiares atopadas nos contedores do lixo, ou o baleirado de casa vellas déixanos contedores de obras cheos de obxectos non sempre valorados. Elementos patrimoniais da industria, do comercio, roupa dos avós, documentación, ou pezas de uso cotiá acaban nos contedores sen moito miramento.

As redes sociais son unha das novas ferramentas empregadas polos portais inmobiliarios para a venda de casas no rural. Visionando as fotografías desas casas que se ofertan, sorprende ver como en moitas delas parece que a vida cotiá quedou detida de súpeto, como se os habitantes

marchasen ás presas, e deixasen todo atrás, obxectos con moito que contar. O obxecto en si pode non ter moito valor, mais colocado nunha historia de vida, o xeito en que ollamos para el muda por completo.

Nestas cousas da conservación do patrimonio, o contexto inglés sempre é referencia pola importancia que dan á conservación dos obxectos como elementos para narrar. Quen consulte o catálogo online do British Museum, entre materiais das culturas asirias, africanas ou dos pobos do Pacífico, poderá atopar unha pedra que as mulleres sufragistas inglesas lanzaran nalgunha das súas accións de protesta. Unha pedra para contar unha das loitas sociais máis importantes do século XX. Pois si. Canda novo, no recreo da escola había rapaces que amosaban como tesouros as bolas de borracha que a policía lanzaba nos enfrontamentos que se producían polo conflito de Regojo na metade dos anos oitenta e que facían que Redondela abrise os informativos. Onde terán ido aquelas bolas? Haberá quen as conserve? O que tal podería contar unha bola de borracha da historia local.



Dende 1962 ó seu servizo

CONFITERIA



PASTELERIA ARTESANA

Casto Sampedro, 4
Teléfono 986 401 718
REDONDELA (Pontevedra)



RÚA ALFONSO XII, 23 - REDONDELA - 986 40 30 99



Zapatería Candi

Reparación de calzado, cosido, afiados e complementos. Duplicado de chaves e mandos. Cerralleiro.

Tlf: 639 07 54 56

candi@zapateriacandi.com
www.zapateriacandi.com

R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA
(Fronte ó despacho de hutano).

O PP de Redondela valora un recurso contra a sentenza favorable á suba da taxa do lixo “por existir xurisprudencia favorable á súa tese” e revogará a ordenanza se goberna en 2027

Javier Bas sinala que “acatamos o fallo, pero non compartimos o seu contido”, polo que analizan unha posible casación ante o Supremo, “xa que existen pronunciamentos xudiciais contrarios a este que defenden que non pode haber arbitrariedade na distribución deste tributo”

O voceiro lamenta que o goberno de Digna Rivas presuma dun ditame “que lles permite meterlle un sablazo aos veciños para pagar os seus pufos” e insiste en que volverían a presentar o recurso “porque estamos sempre a carón dos redondeláns para que teñan unha ordenanza xusta”

Redondela

O grupo municipal do PP de Redondela vén de valorar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que ditamina a legalidade da nova ordenanza da recollida do lixo –cunha suba media do 165% e máis dun 300% para moitos negocios– amosando o seu respecto e acatamento a este fallo, pero expresando a súa discrepancia no contido, polo que anunciou que xa está a valorar, co su equipo xurídico, a posible interposición dun recurso de casación ante o Tribunal Supremo (TS) dado que existe bastante xurisprudencia favorable á tese dos populares para que as taxas se axusten realmente ao nivel de xeración de lixo real de cada contribuínte. O voceiro municipal, Javier Bas, sinalou que, desde o absoluto respecto a todos os ditames da Xustiza, “non compar-

timos o seu contido”, posto que considera que os razoamentos do tribunal son “débeis e pouco convincentes” ao centrarse exclusivamente na necesidade de actualizar as tarifas vixentes desde o ano 2008 e de buscar o equilibrio e o autofinanciamento do servizo de recollida de lixo, pero sen centrarse na cuestión principal do recurso do PP de Redondela, que se centraba en que o reparto dos custes era inxusto, posto que moitas actividades comerciais con apenas xeración de lixo tiñan que pagar centos de euros anuais e incluso por riba doutras con máis residuos.

“A ordenanza aprobada por PSOE, BNG e AER se limita a buscar que a recadación global da taxa sume os 2,4 millóns de euros que, supostamente, custa o servizo cada ano, pero non motivou

o reparto dos custes entre as distintas actividades e contribuíntes e tampouco se preocupou de que as tarifas garden relación coa xeración real e efectiva de lixo, polo que incumpe o principio de ‘quen contamina, paga’ e xera desigualdades e inxustizas flagrantes”, manifestou o edil, que insistiu en que a sentenza baséase no equilibrio orzamentario do servizo, que é algo que recolle a lei, e desdenou a evidente arbitrariedade das taxas de Redondela, que tamén deben ser equitativas segundo a normativa.

Defensa dos veciños e nova ordenanza
En todo caso, e con independencia do resultado xudicial final deste caso, Javier Bas anunciou que o PP de Redondela deroga esta ordenanza se chega ao goberno tras as eleccións municipais de 2027 e abrirá un proceso de escoita

e busca de consenso cos cidadáns para dispoñer dun panorama fiscal para a recollida do lixo que sexa “xusto, equitativo, razoable e posiblemente algo máis asequible, sobre todo para os negocios”. Ademais, afeoulle ao goberno de Digna Rivas que presuma dun ditame xudicial “que o único bo que ten é que lles permite meter un enorme sablazo, con numerosas desigualdades, aos veciños de Redondela só para pagar os seus pufos derivados dunha pésima xestión económica” e insistiu en que o PP volvería a presentar o recurso xudicial contra a suba, malia o contido do fallo, “porque estamos e estaremos sempre a carón dos redondeláns, que seguen escandalizados por estas taxas e que merecen un goberno que lles escoite e que aprobe unha ordenanza xusta”.



ODONTOLOGÍA INTEGRAL

NOVAODONTO

“A TÚA SAÚDE DENTAL, A NOSA RAZÓN DE SER”

ORTODONCIA - BLANQUEAMIENTO - LIMPIEZA
IMPLANTES - PRÓTESIS - ENDODONCIA
TRATAMIENTO - ESTÉTICA DENTAL

¡AGENDA TU CITA! **660 509 181**

Av. Ernestina Otero 45, Redondela **@novaodontoredondela**

Ramos de flores personalizados
Eventos y defunciones
Entregas a domicilio

Telf: 622 614 006 - 646 030 005
Rúa Telmo Benardez, 2
(Redondela)

Flores AyM
 floresam4954

O Concello de Redondela supera o plan de axuste e liquida a súa débeda de xeito anticipado cun aforro máis de 156.000 €

O Concello de Redondela liquidou anticipadamente a débeda de 746.462 euros asinada en 2024, aforrando máis de 156.000 euros en xuros e acadando a débeda cero. A alcaldesa, Digna Rivas, destacou o fito financeiro e agradeceu expresamente o traballo do persoal técnico e funcionarios municipais “pola súa implicación e rigor”.

Rivas destacou que os números falan por si sós: “Non só saímos do plan de axuste antes do previsto, senón que demostramos a excelente saúde financeira do Concello, que se atopa hoxe con total autonomía económica para afrontar novos investimentos estratéxicos sen hipotecar o futuro do municipio”.

Redondela



Digna Rivas, alcaldesa de Redondela, no salón de plenos

O Concello de Redondela non só superou con éxito o plan de axuste municipal para acadar a estabilidade orzamentaria, senón que o fixo cunha solvencia económica tal que permitiu realizar a devolución anticipada da

débeda. Esta xestión supón un fito de eficiencia que libera ao municipio de cargas de cara aos vindeiros anos. En concreto, o Goberno local liquidou por completo un préstamo de 746.462 euros que se formalizara en novembro de

2024. Esta operación de crédito asinárase cun tipo de xuro do 2,737% e un prazo de amortización fixado en 15 anos. Porén, a boa situación económica do Concello fixo posible acelerar os pagamentos de xeito drástico. “Adiantar o pagamento supón unha vantaxe directa para os petos da cidadanía, xa que nos permitiu aforrar un total de 156.710 euros de xuros que xa non se terán que pagar aos bancos”, explica a alcaldesa, Digna Rivas.

Un grave fallo informático resolto en tempo récord

Rivas destacou a relevancia deste saneamento económico: “Cando dicíamos que Redondela era un Concello solvente e que os problemas de pagos se deberon a un problema informático transitorio, estabamos a dicir a verdade”. O Concello sufriu hai tres anos un fallo técnico grave no sistema informático, o que provocou a perda de datos no departamento de Intervención. “Foi unha situación moi complexa que pui-

do colapsar o Concello de Redondela e grazas a todos os funcionarios e o servizo técnico informático resolveuse en tempo récord”, lembra a alcaldesa. “Ata a Axencia Estatal de Datos nos deu os parabéns pola boa xestión realizada”. Durante eses meses perdéronse datos que houbo que recuperar, o que impediu presentar as contas xerais a tempo. Hoxe os números falan por si sós: “non só saímos do plan de axuste antes do previsto, senón que pagamos en apenas un ano un préstamo que estaba asinado a quince, o que permite aforrar á cidadanía de Redondela máis de 156.000 euros en xuros”, conclúe Rivas.

Con esta liquidación total o Concello de Redondela sitúase hoxe con débeda cero, recuperando a súa total autonomía económica para afrontar novos investimentos estratéxicos sen hipotecar o futuro do municipio.



Temos os mellores peixes e mariscos
Especialidade: Chocos na súa tinta



Avda Xeneral Rubín, 22 Redondela

986 40 09 72

A SLC de Reboreda amosa con orgullo a súa identidade

Por *Tino Lago*



Reboreda ten o local cultural mais bonito do mundo

O pasado 24 de xullo, véspera do día nacional de Galicia, no local da SLC de Reboreda desenvolveuse un acto de izado dunha reprodución da bandeira orixinal deste colectivo, que nos seus inicios foi fundado como sociedade labrega.

O edificio actual foi inaugurado en 1934. A sociedade en si arredor de 20 anos antes. Pero a parroquia só puido utilizar dous anos o local como sede do colectivo agrarista pois en 1936, despois do golpe de estado fascista, o edificio foi expropiado polos falanxistas. Posteriormente estivo dúas décadas pechado, e vendido ao Concello foi convertido en escola pública.

En 1975 grazas ao talento e o compromiso coa súa parroquia, e co seu país de varios veciños como Manolo Barros, Pepe Toucedo, Andrés Couñago Laxe....nace a SLC. E unha das súas primeiras actuacións foi recuperar o edificio como local cultural da

parroquia, e dese xeito leva funcionando ininterrompidamente durante máis de medio século.

Cando nace a sociedade labrega faino cunha bandeira que a identifica. O estandarte orixinal, cosido con fío de ouro, estivo moitos anos perdido, ata que de casualidade foi atopado nun caixón dunha dependencia municipal por Manolo Barros. Hoxe loce enmarcado nunha das paredes do salón de actos do edificio que en non moito tempo, pouco máis de sete anos, cumprirá o seu primeiro século de vida.

A directiva da SLC manifestou nas nosas páxinas que sacala de onde está probablemente faría que se deteriorase. Entón eles decidiron encargar unha reprodución pois a súa intención era que a bandeira lucira orgullosa nun dos mastros da entrada como símbolo da identidade colectiva da parroquia de Reboreda, e de todos os seus veciños e veciñas que no pasado, no presente e tamén no futuro alzaron a súa voz en defensa do ben común.



A secretaria da SLC de Reboreda iza a bandeira



Victor Tellado, Angeles Puertas e Manuel Domínguez, presidente, secretaria e tesoureiro da SLC

Gastro Pub
TRISQUEL
Rúa da Prata, 8
Redondela

DESFRUTA DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE
NALLUA

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462
Tel. 986 401 394 - REDONDELA

611 953 419

instagram: a_artesa_sen_gluten

Paseo da Xunqueira nº41 baixo - 36800 - Redondela

Restaurante Asador Tapería

Tasca A Chousa

TAPERÍA
CERVEXERÍA
ASADOR
MÚSICA EN DIRECTO
MONÓLOGOS

Vilar de Infesta - Rúa Chousa
Telf.: 986 48 63 93 - 678 13 14 68 - REDONDELA

O izado da bandeira no mastro da entrada, a carón da do país galego, desenvolveuse nun acto moi bonito no que Ángeles Puertas, secretaria da directiva da SLC leu un pequeno discurso sobre a historia do colectivo, e contou asemade coa interpretación do himno galego, e de varias cancións máis, por parte da coral de



A Coral de Reboreda

Reboreda dirixida por Manolo Núñez, un veterano membro da coral que leva nela os mesmos 42 anos de vida que ten este grupo, que inicialmente naceu como coro parroquial ata se converter no ano 2013 na coral dunha Reboreda cunha identidade tan sólida como os milenarios camiños de Asnelle ou as infinitas corredeiras de Santo Paio.

Redondela presenta a segunda exposición de maquetas de Gene Muíños, que amplía a recreación do patrimonio local

A mostra nace como continuación da primeira edición de agosto de 2023 e inclúe novas reproducións de edificios da vila. Son máis de 100 maquetas que poderán visitarse no Multiusos da Xunqueira do 13 de agosto ao 15 de setembro

Redondela

O Concello de Redondela acolle a segunda edición da exposición de maquetas “A nosa pequena vila”, unha mostra artística realizada polo veciño e creador Gene Muíños Reboreda. Esta nova exposición dá continuidade á primeira edición celebrada con grande éxito en agosto de 2023, ampliando agora a colección con pezas inéditas e novas

recreacións de edificios emblemáticos do municipio. Son en total máis de 100 maquetas que recollen a vila de Redondela.

A exposición abrirá as súas portas o vindeiro xoves 13 de agosto ás 20.00 horas no Multiusos da Xunqueira, onde permanecerá ata o 15 de setembro. A través desta colección ampliada de pezas a escala (1,5:100),

os visitantes poderán realizar un percorrido visual máis completo polas construcións senlleiras do municipio. Os edificios están plasmados con gran realismo, rigor e precisión artesanal e as maquetas contan con todo luxo de detalles, incluído o mobiliario urbano ou esculturas.

A alcaldesa, Digna Rivas, destacou o valor desta cita cultural e o orgullo que supón para o municipio contar co talento de Gene Muíños: “Despois do grandísimo interese que espertou a primeira mostra en 2023, é un privilexio presentar esta ampliación. O traballo de Gene Muíños non é só unha

demonstración de paciencia e precisión artesanal, senón unha homenaxe de valor incalculable á nosa identidade e á riqueza arquitectónica de Redondela”. Rivas engadiu que “con esta segunda edición, veciños e visitantes teñen unha oportunidade única para redescubrir a nosa vila dende unha perspectiva nova e minuciosa, que protexe e difunde a nosa memoria histórica”.

Dende o Goberno local convidase a toda a veciñanza e visitantes a achegarse ao Multiusos para descubrir estas novas incorporacións, poñer en valor a memoria de Redondela e apoiar o talento dos creadores locais.

Redondela celebra o 27º entroido de verán ao ritmo de Ráfaga e Monolious DOP

A mítica banda arxentina Ráfaga porá o ritmo da noite xunto ao talento galego de Monolious Dop e as sesións de DJ de Olalla Gonzalezz, Borja Rua, Kike Varela e Rodri Vegas que se prolongarán ata a madrugada.

A programación infantil incluírá inchables con auga, espectáculos, xincana e festa da escuma. A alcaldesa de Redondela, Digna Rivas, destaca que a intención do Concello redondelán é ofrecer unha programación ampla e variada para todos os públicos “por iso os nenos e nenas teñen os seus propios espazos con actividades específicas”.



Rodri Vegas, Digna Rivas e Rita Pérez presentando o Entroido de Verán

TU AUTOESCUELA EN REDONDELA



Paseo da Xunqueira, 39. Bº

986 17 35 07

¡TE ATENDEMOS POR WHATSAPP
SIEMPRE QUE LO NECESITES!

667 847 683

TAMBIÉN
CLASES
ONLINE

A tu ritmo y desde
donde tú quieras...



ÓPTICA TRAVESÍA

ESPECIALISTAS EN SAÚDE VISUAL E AUDITIVA

Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42

Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68



MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960

Agencia Exclusiva AXA

Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela

Tfno.: 986 400 842 604 00 33 46

bullomediacion@agencia.axa.es

O Concello de Redondela desvelou a programación detallada para a vixésimo sétima edición do seu aclamado Entroido de Verán, que se celebrará o sábado 22 de agosto. O Goberno local deseñou unha xornada que combina propostas para o público infantil e familiar durante a tarde con potentes actuacións musicais de gran formato que se prolongarán ata a madrugada. A alcaldesa, Digna Rivas, destaca que a intención do Concello redondelán é ofrecer unha programación “que teña en conta tanto ao público infantil e familiar como á mocidade e público adulto, por iso os nenos e nenas teñen o seu propio espazo con actividades específicas e actuacións pensadas para eles”. Desde as concellarías de Turismo e Cultura, que dirixe Rita Pérez Táboas, faise unha aposta polos grupos locais e galegos.

Animación infantil dende as 18:00 horas

Os máis cativos serán os encargados de abrir a festa a partir das 18:00 horas. A programación familiar distribuirase en varios puntos da vila: a Praza de Pontearreas acollerá unha xincana con inchables, a Pista da Xunqueira contará con inchables con auga e, máis tarde, ás 21:00 horas, a tradicional Festa da Escuma. A maiores, a Praza da Torre

sumará o espectáculo musical A bailar, da compañía Animar-T, programado para as 19:30 horas.

Gran despregue musical no Campo da Feira

O epicentro da música nocturna estará situado no Campo da Feira. O ambiente quantará motores de 20:00 a 21:30 horas coas sesións de DJ de Olalla Gonzalez e Borja Rua. De seguido, ás 21:30 horas, dará comezo a Gala Drag e, ao remate, a música en directo collerá o relevo co concerto dos galegos Monoulous DOP (de 23:00 a 0:30 horas) e a grande actuación internacional do grupo argentino Ráfaga, que fará bailar ao público cos seus éxitos de cumbia dende as 0:30 ata as 2:15 horas da madrugada. O peche oficial da xornada correrá a cargo dos DJs Kike Varela e Rodri Vegas, cunha sesión final prevista ata as 4:00 horas.

Seguridade, sostibilidade e transporte reforzado

Co fin de garantir o correcto desenvolvemento do evento, o Concello informou de que queda estritamente prohibido acceder con recipientes de cristal aos espazos oficiais onde se desenvolven as actividades. Tamén se habilitará un Punto Violeta e Arcoiris na contorna e lémbrese que todo o recinto estará protexido como un espazo libre de violencia machista, co teléfono 112

dispoñible para calquera emerxencia. Para facilitar unha mobilidade segura e evitar o uso do coche privado, a empresa de transporte poñen en marcha un servizo especial de autobuses de ida e volta que conectarán Redondela con Vigo, Pontevedra e O Porriño. Os autobuses saíran con destino a Redondela desde os diferentes puntos a partir das

18.00 horas, e haberá transporte de volta até as 06.00 horas.

Dende o Concello de Redondela faise un chamamento á veciñanza e aos miles de visitantes que se agardan ese día para desfrutar da xornada cun espírito retranqueiro, orixinalidade nos disfraces e, por riba de todo, respecto e moderación.

Os máis pequenos do Grupo Casa Paco 81 xa arrancaron no Mundialito da Xunqueira



O equipo de chupetes do Grupo Casa <Paco 81 comezou a súa participación no Mundialito da Xunqueira, o grupo chupetes nunca mellor dito pois mesmo semella que os máis pequenos aínda que andan con él na boca e rematan de

deixar o biberón. Baixo o lema: “Si xogache, xogas ou xogarás o Mundialito, tí es un campión”, os Manolo Conde están a facer as delicias dos centenaes de persoas que se achegan á pista da Xunqueira.





O teatro comunitario de Redondela pon en escena “ARDE WOKE”

opinión

Fran “Larri”, traballador precario

O pasado mes compartín unha mesa redonda xunto a compañeira Ana de Ecoloxistas en Acción e Sara de Amnistía Internacional, sobre a criminalización dos movementos sociais, co título “Submisión ou Castigo”. Como ven sendo habitual neste tipo de actos, a asistencia foi reducida, sen embargo respirose complicidade e solidariedade, tanto entre as relatoras como no público asistente.

A miña exposición centrouse en primeiro termo na crítica ao Estado e ás súas institucións como sistema baseado no castigo. En si, o castigo é a resposta máis estendida ante calquera comportamento que se saia da norma, contra a protesta, a oposición a inxustiza e, sobre todo a insumisión. Así como o control é o primeiro paso para a represión, o ensino público e obrigatorio inicia ás persoas, cando aínda son crianzas, na submisión e o castigo. Defendín que o ensino, en vez de garantir a igualdade entre as persoas e dotalas das ferramentas e coñecemento para a súa emancipación, exclúe e selecciona. Selecciona as persoas mellor adestradas para exercer obedientemente os traballos e tarefas necesarias para a perpetuación do sistema. Mentres as crianzas comezan a percibir o mundo que lles rodea o ensino ocúltales as desigualdades económicas, políticas e sociais. Tamén aclarei que o ensino basease nun método de premio e castigo, aprobado ou suspenso, clasificación da conduta, boa ou mala, e nun réxime disciplinario alleo as crianzas e deseñado por unha elite.

De todos xeitos, xa sexas expulsada do ensino, fuxiras ou gastaras unha fortuna en masters, a seguinte etapa é o traballo asalariado. É entón cando impónsenos a alienación e sufrimos a anulación da nosa personalidade para converternos en súbditos dos intereses da empresa, do teu xefe, do teu superior.

Sinalei o carácter autoritario e xerárquico do traballo asalariado edificado sobre o castigo e a represión para poder manterse. Apuntei como, se ben nun principio os dereitos laborais foron conquistados coa loita obreira, o Estado e o Sistema Parlamentario van metamorfoseando os dereitos en leis para garantir o capricho, a prepotencia, a inxustiza e a submisión á orde empresarial. O castigo por excelencia, o despedido, está baseado na mentira como causa que supón o despedimento impropio, legalizando así o despedido

libre, enraizando e normalizando o concepto de liberdade que reivindica a nova ultradereita, a de liberdade de poder facer calquera cousa, incluso un xenocidio, se podes pagalo.

O aliñamento entre estado e patronal, a utilización do estado como ferramenta da orde do privilexio, non só está nas leis tamén en quen ten que aplicalas. Como fixérame ver Adrián, un compa

sindicalista de A Coruña, “Creo que a ninguén se lle escapa que tanto a nivel xudicial como a nivel da autoridade laboral existe claramente un sesgo de clase. É dicir, son xente, funcionarios de rango alto, de clase alta, que moitas veces non entenden nin son capaces

de empatizar coa situación que viven, que

vivimos, as traballadoras que estamos extremadamente precarizadas. Respecto da autoridade laboral e da inspección de traballo na Coruña é unha inspección que sempre traballa a favor da empresa”. Como exemplo totalmente clarificador nomeei o dereito á folga. Non é necesario nomear a cantidade de folgas na que se detén e criminaliza a folguistas, se lles multa ou incluso se lles pena con prisión. No sindicalismo emancipador, sufrímolos dende fai séculos e seguimos sendo un dos principais obxectivos do dereito penal e da policía, á orde do poder patronal nunha conxura permanente. Facendo fincapé na última actuación policial, denunciada por compas de Ferrol en folga por un convenio digno no metal, onde a policía mallou ás folguistas e excedeuse con clara intención provocativa, denunciéi á institución policial por provocativa, represora e criminalizadora. Seguidamente introducí o despropósito dos “6 de la Suiza”, á conxura policial, política e xudicial que encarcerou ás 6 e o perigo para á clase

traballadora dunha sentenza que senta xurisprudencia para penar con cárcere o exercicio do dereito constitucional de reunión e manifestación.

Cheguei entón á Lei Mordaza que co esperpéntico nome de “Lei de protección da seguridade cidadá”, leva 11 anos acalando o malestar social coa represión e a criminalización dos colectivos e organizacións que se mobilizan fronte a inxustiza e o fraude das políticas e leis do Estado, co consentimento

dos sucesivos gobernos do PP, PSOE, Podemos e Sumar sen que incluso ningún outro partido parlamentario establecera unha liña vermella sobre a lei para calquera acordo, de investidura ou outro. Nomei unha chea de casos e expuxen dous exemplos, o da protesta no IFEMA contra a Feira de Armas de Madrid e o dos 6 de Zaragoza.

En fin, todos eses castigos, onde poderosas conxuras, buscan a submisión de todas nós cara un futuro que se percibe catastrófico.

Talleres
VILABOA
MECÁNICA EN GENERAL
SERVICIO DE RUEDAS



El Muro, 62 bajo
Ctra. Redondela - Porriño
Teléfono 986 400 870
36800 REDONDELA

+ 34 667 709 495
@PELUQUERIAGUAU

GUAU
SALÓN PELUQUERÍA CANINA

C/ SALGUEIRAL Nº1
BAJO 5 REDONDELA
PONTEVEDRA 36800

EL MEJOR CUIDADO
PARA TUS MASCOTAS!



REPARACIÓN Y
VENTA DE
MOTOCICLETAS

TODAS LAS MARCAS

CTRA. DEL CAMPO DE FÚTBOL, 47 - REDONDELA
986 40 43 86



CONSTRUCCIONES
NIETO

687 612 774 · 677 513 604
info@nietoconstrucciones.com



Mentras o mundo celebra Palestina é exterminada

F.J. Waidele, xubilado

Mentres o mundo celebra o Mundial, Palestina pide vivir. Mentres millóns de persoas enchen estadios, prazas e pantallas para celebrar o Mundial de fútbol, hai un pobo que continúa xogando o partido máis duro que pode existir: o da supervivencia.

En Palestina non se compite por un trofeo. Loítase por conservar a vida, por protexer a infancia, por atopar un anaco de pan, un pouco de auga, un hospital que siga en pé ou un fogar ao que regresar.

O fútbol ten a capacidade de unir pobos, derrubar fronteiras e facer que persoas de diferentes culturas abráncense por un mesmo sentimento. Esa mesma humanidade debería servir para non mirar cara a outro lado cando milleiros de civís sofren as consecuencias da guerra.

Ningún gol, ningunha celebración e ningunha copa deberían facernos esquecer

que a dignidade humana está por riba de calquera competición deportiva. A paixón polo deporte non pode converterse en indiferenza ante o sufrimento.

Reclamamos que o mundo non garde silencio. Que a comunidade internacional traballe con determinación para protexer á poboación civil, promover o respecto ao dereito internacional humanitario, favorecer un alto o fogo duradeiro e avanzar cara a unha paz xusta que garanta seguridade, liberdade e dereitos para todas as persoas. Porque o verdadeiro triunfo da humanidade non será levantar unha copa, senón conseguir que ningún neno teña que medrar entre bombas, medo e destrución.

Mentres o balón segue rodando, que tamén o fagan a solidariedade, a conciencia e a esperanza.

Palestina libre. Paz, xustiza e dignidade para todos os pobos.

A III Semana Grande de Soutomaior consolídase como unha das grandes citas festivas do verán en Galicia

O Concello fai un balance moi positivo dunha edición marcada pola elevada participación, a ausencia de incidencias relevantes e o éxito dunha programación que combinou música, gastronomía e tradición durante sete días..

Soutomaior

O Concello de Soutomaior fai un balance moi positivo da III Semana Grande, que ao longo dos sete días de programación, consolidándose como

unha das principais citas festivas do verán na provincia de Pontevedra.

A terceira edición da Semana Grande volveu converter Soutomaior nun

importante foco de atracción para milleiros de visitantes chegados de toda Galicia, cunha programación deseñada para todos os públicos que combinou música en directo, gastronomía, tradición, cultura popular e actividades familiares.

Os concertos das orquestras Bravú Xangai, Panorama, Kubo e París de Noia, xunto coa apertura das festas protagonizada pola Mekanika Rolling Band, rexistraron unha extraordinaria afluencia de público, especialmente no Torreiro da Feira da Dez, que durante as grandes actuacións acadou cheos absolutos.

A programación gastronómica tamén destacou pola elevada participación. O Día da Cociña de Soutomaior reuniu centos de persoas arredor do show cooking, das degustacións elaboradas por cociñeiras e cociñeiros do municipio e do tradicional xantar popular, reafirmando o compromiso do Concello coa promoción da gastronomía local como un dos sinais de identidade do municipio.

As celebracións tradicionais volveron ocupar un lugar destacado coa procesión na honra de San Salvador e coa Romaría de San Caetano, que reuniron a numerosos veciños e visitantes e puxeron en valor o patrimonio cultural e relixioso de Soutomaior.

O alcalde, Manu Lourenzo, destacou que “esta terceira edición confirma que a Semana Grande xa é unha cita plenamente consolidada dentro do calendario festivo galego. Durante sete días Soutomaior converteuse nun espazo de encontro, convivencia e dinamización económica, cunha resposta extraordinaria tanto da veciñanza como das persoas que nos visitaron”.

O rexedor subliñou que “o éxito destas festas non se mide unicamente

pola asistencia, senón tamén polo excelente ambiente que se viviu durante toda a semana. Miles de persoas gozaron da programación con responsabilidade e respecto, facendo posible unhas festas seguras, inclusivas e pensadas para todos os públicos”.

Manu Lourenzo quixo agradecer especialmente “o enorme traballo realizado polo persoal municipal, Policía Local, Garda Civil, Protección Civil, servizos sanitarios, equipos de limpeza, cuxa implicación foi fundamental para que toda a programación se desenvolvese con absoluta normalidade”.

O Concello destaca tamén o bo funcionamento das medidas postas en marcha para facilitar o acceso ás grandes actuacións, como o servizo gratuito de autobús lanzadeira, así como a coordinación dos dispositivos de seguridade, mobilidade e limpeza, que permitiron compatibilizar a elevada afluencia de público co correcto desenvolvemento de todas as actividades.

A importante presenza de visitantes traducíuse tamén nun impacto positivo para o comercio local, a hostalaría e os establecementos do municipio, que rexistraron unha intensa actividade durante toda a semana.

Con este balance, o Concello de Soutomaior considera cumpridos os obxectivos marcados para esta terceira edición da Semana Grande: ofrecer unha programación de máxima calidade, dinamizar a economía local, reforzar a identidade cultural do municipio e consolidar unha cita que, ano tras ano, continúa medrando en participación e proxección.

O Goberno municipal xa traballa coa vista posta na cuarta edición, coa vontade de seguir fortalecendo unha celebración que se converteu nun dos grandes símbolos do verán en Soutomaior.

Alexandre Bóveda, 40-1.º
Tel. 986 70 51 47 Soutomaior
CITA PREVIA

ALCO

Hnos. Castellano

peluquería

estética

Panadería

Justin

Rúa Pazos, 40
Pazos de Borbén

697 538 182

bradouro

A TENDIÑA CREATIVA

PRAZA FIGUEROA 8 BAIXO
REDONDELA

634 464 776

bradouro.shop@gmail.com

@Bradouro.shop

E a tí, contároncho?

Capítulo 1

Por **Mar Núñez**



O río baixaba con forza. O xabón mesturábase coa suciedade da roupa e deixaba un rastro escuro nas augas.

Era a primeira hora da mañán, e a maioría das mulleres do entorno reuníanse os venres cós cestos de vimbio cargados de prendas que se sumerxían ao compás das súas mans frías e enrugadas de tanto frotar sobre unha pedra, intentando que os trapos quedaran o máis impolutos posible.

Nas aldeas aledañas, unha fonte próxima ao fogar, era un privilexio. As lavandeiras coñecíanse dende nenas; ou ben porque naceran no pobo ou ben porque chegaran cos seus pais sendo cativas. Viñeron buscando traballo. Mariñeiros, operarios de conserveiras, de texttil ou calquer outro oficio que se ofrecese, aínda que fose, só por un prato de comida.

A maioría fuxía das miserias e a fame que deixara a guerra, mais era unha fuxida utópica. O franquismo foi o triunfador.

Pan e viño escasos e dabondo muito medo.

As sardiñas e os xureles eran fartura de probes; a escasa información que tiñan era que non alimentaban e o peixe branco era prato de ricos.

As mulleres, no río, agrupábanse como se houbera gremios entre elas.

As máis novas, recién paridas, compartían espazo e auxiliábanse coas criaturas, turnándose para atender

as necesidades que os lactantes berriban sin control.

As maiores, ancianas non por idade se non polas enrugadas marcadas polo sol do traballo no campo, falaban sobre a familia, sobre os acontecementos acaecidos, susurraban sobre a illa, sempre cautelosamente; como si un novo e necesario idioma en clave, acabara de xurdir.

Recibían cartas por parte dos familiares represaliados mais o contido non era mui fiable. Con todo, elas tiñan fe e agardaban impacientes a seguinte misiva.

A incerteza mesturábase coas correntes do río.

Mui poucas sabían ler. As máis novas aprenderan na época da segunda República.

A correspondencia recibíaa Dona Ernestina, a boticaria, e por orden alfabético, según o apelido do remitente leía cada unha delas e finalmente

entregáballas.

As lavandeiras correspondían con outro escrito de volta; e así mes tras mes. Non a moita distancia do lavadoiro, entre uns chopos centenarios cargados de follas, catro mozas xogaban entre risas e salpicaduras.

Corrían descalzas sobre a herba, erguían as saias ata os xeonllos, facían comentarios sobre o sexo en voz baixa, facían xuramentos de amizade eterna. Blanca, Carmen, Pura e Soledad, case da mesma idade e cos mesmos sonhos.

Entre gotas e gotas de risas, Soledad, levaba días sentindo unha comezón insoportable nas partes máis íntimas. Lanzáronse sobre o campo esgotadas polas brincadeiras. Preguntaron á amiga de cabelo negro e brillante como o azabache; por qué se rañaba tanto?.

Soledad, dobrou a cabeza apuntando a mirada ao centro da entreper-

na, comunicando de este xeito unha mensaxe tímida e pudorosa.

Apresuráronse a entreabrirlle máis as pernas; escudriñando, descubriron un batallón de piollos instalados no pubis e campando ás súas anchas. As risas fixéronse eco ata o lavadoiro.

Antes de que calquera muller do gremio do río se acercara a chamarlles a atención, apartaron cabelo por cabelo e coas xemas dos dedos estralaron un por un.

As liendres, desapareceron nunha guerra sangrenta.

Acudiron rapidamente á chamada das nais e cargaron coas cestas da roupa.

De camiño ao clareo, as bromas sucedéronse facendo que Soledad marchara incómoda pero ao mesmo tempo aliviada. Xa non tiña picor. Tampouco sabía canto duraría o sosego. Tódolos colchóns da casa estaban recheos de follato e infestados de pulgas e liendres.

Voltarían verse o seguinte Xoves, na procesión do Corpus Christi.

Xa pasaran 3 anos dende que o réximen prohibira a celebración da danza das espadas e a exposición das alfombras florais.

A poucos metros da beira, un home, novo, disimulaba a súa presenza agochado entre os xuncos. Obervara a escea do prado.

Redondela, Primavera do ano 1.939

Continuará...

REDONDELA • 22 AGOSTO 2026

Entroido de Verán^{27º}

SESIÓN
★ DJ'S ★


GALA DRAG
CARLOS VELEIRO

★ ZONA ★
INFANTIL



MONOULIOUS DOP




CONCELLO DE
REDONDELA

RAFA

SOBRE A NORMALIZACIÓN DO FASCISMO E O QUE VEN DESPOIS.

Toda a solidariedade e tenrura que teño para Lucía Santos e Xurxo Agra.



Ao longo da miña vida formei parte de moitos e variados contextos. Un deles, ao que por distintas razóns non me quedou máis remedio que pertencer, estaba formado por persoas de talante maioritariamente conservador, coas que se podía convivir sen o máis mínimo problema fora dalgúns momentos de incomodidade nos eventos comúns. Pero entre elas había un home que ten todo o perfil de fascista. É un fanático que ten o mesmo problema que todos os fanáticos: confunde a política coa moral e fai valoracións morais sobre o que só son opinións políticas. O home ten un pensamento de extrema dereita, e canto máis lonxe estea o suxeito valorado da súa forma de entender a realidade máis inmoral é aos seus ollos: “Putra comunista” “Rata” “Perro Sánchez” “Terrorista” “Chusma que non merece vivir” eran excrecións biliares habituais nas súas diatribas, cando en calquera conversa colectiva aparecía o tema da política.

Que facía a súa familia cando o suxeito en cuestión vomitaba o seu lixo mental?

Nada, absolutamente nada. No mellor dos casos miraba para outro lado e no peor dos supostos ríanlle as ocorrenzas como se fose algo normal, ou buscaban a xustificación moral recorrendo aos clásicos tópicos de “e ti máis”, “todos son iguais”, “os outros tamén o fan”...

Que acontece cando non se combaten ese tipo de condutas?

Acontece que se volven normais. Sucede que ese tipo de chalados séntense impunes para agredir e tratar de humillar a quen non pensa como eles. De momento quédanse na agresión verbal. Pero, tal como xa nos ensinou a historia en moitas das súas fases, a agresión verbal sempre é o paso previo á física.

A normalidade das condutas fascistas afecta a persoas concretas.

Si, a persoas concretas coma ti, amiga e amigo lector, e coma min. Persoas que teñen fillos e fillas, nais e pais, soños e ilusións, medos e angustias exactamente igual ca nós.

Por moito que nós non sexamos a persoa afectada, non pensemos que somos inmunes ao virus do fascismo. Non, non o somos. Hoxe tócalle a Lucía Santos, candidata do BNG de Marín, e mañá pode tocarnos a calquera de nós.



GONBELA

Distribuidor Exclusivo

Avenida de Ourense, 50 - Marín
Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95
Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95
gonbelventas@gonbelmar.es
WWW.gonbelmar.com

LUCÍA SANTOS

Lucía é a responsable do BNG de Marín desde hai arredor de 10 anos. Se non me falla a memoria as eleccións do 27 serán as terceiras ás que se presente encabezando a candidatura nacionalista. Nas eleccións do 19, o BNG obtivo unha soa acta na corporación marinense, ela mesma.

Lucía fixo un traballo enormemente meritorio, nun contexto moi difícil, e nas eleccións do 23 o Bloque de Marín cuadriplicou representación e pasou a ter 4 concelleir@s.



Lucía Santos

Como foron eses anos de Lucía como responsable do BNG de Marín.

Normais, sen ningún tipo de episodio de especial gravidade fora dalgún insulto ou comentario groseiro, que de cando en vez tiña que aturar nas redes sociais.

E agora?

Dun tempo a esta parte a situación mudou substancialmente a peor. Pouco antes do día da Patria deste ano, Lucía comezou a recibir centos de mensaxes nas súas redes sociais. O día 1 de agosto cando falei eu con ela calculaba que serían arredor de 600, en forma de graves insultos explícitos e ameazas directas tanto a ela como á súa parella: "Putra, retrasada, métete la

bandera por el culo que igual te gusta, subnormal, mereces una hostia en los dientes...."

Así ata 600 veces en 15 días.

O acoso a Lucía é un episodio puntual?

Non, non o é. Responde a unha campaña coordinada contra o BNG en xeral, que tamén sofre ese tipo de condutas e contra outros candidatos e candidatas do BNG en distintas zonas do país.

Por que?

O contexto global de auxe da extrema dereita no mundo inflúe, desde logo que si. E o contexto particular do estado español, cunha dereita que leva 8 anos tratando de ilexítimo o goberno do estado ao que insulta gravemente un día si e outro tamén, provocan este tipo de cousas.

E se falamos do panorama mediático español que convida aos líderes fascistas a excretar ás súas porcalleas intelectuais en horario de máxima audiencia entendemos esta clase de episodios, ou outros igualmente graves como os casos de futbolistas millonarios que non se cortan en amosar o seu desprezo público ao presidente do goberno, ou que nunha celebración dun éxito deportivo desde o balcón do concello inciten ao público, con alegría e naturalidade, a chamar fillo de puta a Pedro Sánchez.

As razóns de fondo.

Non son morais. Os deficientes intelectuais e tarados que fan este tipo de cousas, chamar puta nunha rede social a unha muller que non coñecen de nada, non pintan un carallo. Eles son

os parvos útiles. Ollo, eso no quere dicir que non sexan perigosos, sono en grado superlativo. Son utilizados por persoas moi intelixentes, probablemente moi amables e educadas nos seus respectivos contextos, que o único que queren é o poder. Todo o poder para eles. Estes últimos son que mandan e si que pintan moito.

E velaí temos o quid da cuestión: A dereita española carece de solidez democrática. Todo está ben mentres manden eles, pero cando perden o poder, ou cando teñen medo de perderlo, recorren a todo tipo de estratexias para acadalo. Incluso perder a cabeza e propiciar este tipo de comportamentos disparatados.

Os agresores.

Non teño nin idea de quen son. Só coñecemos o caso dun descerebrado, que se identifica como membro de Vox Marín, que nun océano de solidariedade e afecto cara a Lucía nas súas redes sociais escribiu "Quien siembra vientos recoge tempestades".

Logo borrou, ou borráronlle o comentario non o sei. Pero quedou retratado como unha persoa desprezable. En verdade cústame crer que haxa unha soa persoa en Marín capaz de votar a un perfil que xustifica o acoso colectivo a un ser humano.

Pero eu pregúntome que tipo de persoa pode actuar desa maneira. Os que agriden a outras e outros terán fillos e fillas, parellas, nais e pais, amigos e amigas. É que non lles dará vergonza?

Que pensaría de min a miña filla, a miña nai o meu pai os meus amigos e amigas, se se me dese por chamar en

público: Puta, subnormal, retrasada.... a calquera candidata do PP de calquera concello galego?

Supoño que non me van facer o máis mínimo caso, pero se a algún dos agresores se lle ocorre ler este artigo apelo con toda a humildade a que lle dea unha pensada á súa vida. Os nosos actos non os podemos cambiar, e no futuro o fillo ou a filla dalgún deses agresores vai ter convivir co feito de que o seu pai era un acosador que chamaba puta polas redes sociais a mulleres que non coñecía de nada, só porque non pensaban como eles.

Que fixo o PP de Marín?

Nada, absolutamente nada. Ben, case nada. María Ramallo pendurou unha breve mensaxe nas súas redes sociais condenando as agresións a Lucía na que condenaba, si, pero tamén dicía que esa realidade a sofren todos. Como se ela fose tamén agredida. E claro, ao espallar a agresión a outros presuntos agredidos o que fai é minimizar o impacto en quen si sufriu a agresión en realidade. O certo é que a día de hoxe, 1 de agosto, nin ela nin ningún concelleiro ou concelleira popular de Marín tiveron a delicadeza de escribir ou chamar a Lucía para amosarlle a súa solidariedade e respecto.

Que fixo Facebook?

Lucía denunciou na rede social algún dos perfís que a insultaron, a ela e á súa parella, máis gravemente, e a resposta dos responsables da rede social foi que non pensaban actuar contra eses perfís porque non incumprían ningunha norma de comportamento da empresa. Unha vez máis vemos

GLASSDRIVE®

AUTOLUNAS
CRISTALERÍA DEL AUTOMÓVIL

• COLOCACIÓN Y REPARACIÓN DE CRISTALES DEL AUTOMÓVIL • RECUPERACIÓN INTEGRAL DE FAROS
 • SUSTITUCIÓN Y REPARACIÓN A DOMICILIO • INSTALACIÓN DE LÁMINAS DE PROTECCIÓN SOLAR • **20% Dto.**

• CONCERTADO CON TODAS LAS ASEGURADORAS

PONTEVEDRA
Avda. de Lugo, 12
Tel: 986862546

VILLAGARCÍA
Las Carolinas, 33
Tel: 986565010

SANXENXO
Luis Rocafort, 40
Tel: 986724461

MARÍN
Ezequiel Massoni, 40
Tel: 986839857

SERVICIO DE URGENCIAS: 689542896

MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

Rúa Pazos Fontenla 35
Bueu - Pontevedra

Tel/Fax: 986 320 504
libreriamiranda@yahoo.es
f Librería Miranda Bueu

ALCONY

GLASSDRIVE®
AUTOLUNAS
CRISTALERÍA DEL AUTOMÓVIL

Consulte nuestros precios especiales en **tintado de lunas**

OFERTA ESPECIAL

RECUPERACIÓN INTEGRAL
DE FAROS

antes

después

RÁPIDO, ECONÓMICO, SEGURO
APLICACIÓN EXCLUSIVA DE BARNIZ O.E.M. ULTRAVIOLETA

PENEIREIRO
Taller Automoción

C/ Camiño Vello nº 5
36913 Seixo - Marín
Pontevedra
Tels: 986 703 485 - 629 160 912
talleres_peneireiro@outlook.com

como as redes sociais están controladas por oligarcas, que as usan como instrumento ao servizo das forzas políticas que defenden os seus intereses.

Como está Lucía?

Tranquila é serena. É imposible que a un ser humano normal algo así non lle toque, pero eu vina moi forte, agradecida e emocionada pola marea de afecto e solidariedade que está recibindo das persoas que a aprecian e de moitas mulleres e homes decentes que non a coñecen pero que non poden evitar escandalizarse ante unha forma de proceder tan sumamente noxenta.

Porque isto amigos e amigas é o fascismo. Xa está aquí, entre nós. E ou somos capaces de derrotalo democraticamente ou máis cedo que tarde vailos tocar a todos

Que pode facer a sociedade civil?

A min ocórrenseme dúas cousas: En primeiro lugar expresar con toda a contundencia que son capaz, en público e en privado, toda a miña solidariedade e respecto a Lucía e a Xurxo, o seu compañeiro. Non só porque son vítimas, que tamén, senón porque neste caso en concreto dáse a casualidade de que os coñezo aos dous e sei positivamente que son dúas persoas dignas que calquera persoa que se tomase a molestia de coñecer, inevitablemente ía terminar por apreciar e respectar. E por último o que debemos facer é non contribuír a normalizar o fascismo de ningún modo. Cando ese cancro se cruce no noso camiño hai que combatelo, sinalalo e aplicarlle un cordón democrático.

Xogámonos moito:

**A liberdade, a paz, a democracia e a dignidade para as maiorías sociais.
Non ao fascismo.**



Radiografía do ensino obrigatorio en Marín

Celso Milleiro, historiador

opinión

O Concello de Marín conta con 6 centros públicos de infantil e primaria: CEIP A Laxe, CEIPP O Sequelo, CEIPP O Carballal e EEI O Grupo, CEIP de Seixo e o CEIP de Ardán, así como os concertados CPR A Inmaculada, CPRP San Narciso e o CPRP Os Praceres, este último no concello de Pontevedra mais con moito alumnado de Marín debido á súa proximidade. Nesta parroquia atopamos o centro público CEIPP A Carballeira.

Hai tres anos naceron no concello de Marín 115 nenos, un número cada vez menor aos habidos nos anos anteriores, son os que van entrar neste vindeiro curso escolar 2026-2027. Mais os datos non son moi prometedores, dado que para o curso 2027-2028 os nados no 2024 foron 90 crianzas. A todo isto, debemos ter en conta os nenos nados fora do concello, na súa meirande parte no estranxeiro, e restar os que vaian estudar a outros centros fora do termo municipal, na súa meirande parte a centros concertados do concello de Pontevedra.

O Ensino Público Obrigatorio esmorece a marchas forzadas na vila de Marín, non é unha declaración catastrófica se-

nón unha realidade demostrábel cuxa principal causa é debida á baixa da natalidade e en menor medida á existencia dos centros concertados. Esta situación, de seguir así, levará o inevitábel peche de centros.

Tanto Seixo como O Carballal semella que van a resistir de momento mellor esta investida demográfica, por algo tan esencial e lóxico como é contar con servizos. No caso de Seixo por ter principalmente un centro de Galiña Azul, e no Sequelo por contar entre outras cun itinerario de bus que percorre unha boa parte da vila marinense. En resumidas contas, os pais procuran comodidades e iso conséguese con bos servizos.

Os centros concertados, tamén prexudicados pola baixa natalidade, son sabedores que para poder resistir precisan medrar os servizos e melloralos. Aquí atopamos coa axuda da Xunta e a ideoloxía política do partido que a goberna, un lastre intencionado contra o ensino público.

A baixa natalidade non obedece a un capricho e egoísmo por parte da xente nova. Certo é que moitos non queren pasar polo sacrificio que fixeron os seus pais e avós, mais cómpre revitalizar a na-

talidade con melloras sociais: medre dos salarios, mellor acceso á vivenda, mellores prestacións educativas e servizos que permitan aos pais e nais compaxinar as súas vidas e os seus traballos, etc.

Se hoxe en día Galiza precisa emigrantes non é pola demanda de emprego por unha bonanza económica, senón porque cada vez somos menos debido á baixada da natalidade, a empregos máis precarios e polo tanto mal remunerados. Os que máis protestan contra a emigración son os mesmos que a favorecen, cunha política lesiva contra os dereitos e benestar das xentes de aquí. A baixa natalidade é o síntoma das políticas aplicadas polos partidos sistémicos: coas privatizacións, a diminución de dereitos laborais, unha política que fai que os que máis gañan paguen menos á Facenda, favorecéndolos con beneficios fiscais incluídos, que non redunda na mellora económica nin no benestar xeral das xentes, aínda que aparente todo o contrario, senón que a acrecenta as fendas e diferenzas entre as capas sociais, o que leva a unha baixada demográfica, facendo que os máis novos prioricen outras cuestións nas súas vidas.

Nova edición da Rapa das Bestas do Monte Gagán

Marcos Santos

A fin de semana do 8 e o 9 de agosto celebrouse unha nova edición da Rapa

das Bestas do Monte Gagán e Marín. Como todos os anos o resultado foi ex-

celente, o espectáculo precioso e a asistencia de público foi moi elevada

BAR PLAZA CANGAS

Rúa Méndez Núñez, 27 - Cangas



Casa dos druídas



Acuña Vilaboa

AutoRos
Taller Multimarca

Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas

Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel

986 30 56 73 - 626 14 45 96

reproautoros@hotmail.com

O curro, que terá arredor de dúas décadas de vida, é organizado pola asociación cabalar Monte Gagán. Este colectivo está presidido por Nacho Rosales un rapaz natural da parroquia de San Xulián empregado da fábrica de gaseosas de Seixo, de tan só 23 anos de idade, que xa é



todo un veterano no universo cabalar pois leva arredor de 4 anos presidindo a asociación e toda a súa vida, case desde que era un neno, profundamente namorado do mundo do cabalo, malia que na súa familia nunca houbera tradición cabalar.

O curro faise no parque Lagocheiras na parroquia de San Tomé, no concello de Marín.

A súa finalidade é desparasitar aos cabalos, microchipalos e raparlle as crinas e o rabo. Os cabalos serán arredor de 90 e durante anos viven en liberdade no monte.

Tres semanas antes da data de celebración do curro os membros da asociación cabalar van recollendo os cabalos no monte e meténdoo nun recinto pechado para que estean todos no mesmo espazo cando comece a rapa.

O proceso consiste en que os mozos montan os cabalos un a un, póusanos no chan e unha vez que os animais están tranquilos é cando lles curtan as crinas, os desparasitan e aos poldros pónenlles o microchip. O curro fano arredor de 30 mozos e a asistencia de público é moi importante. É difícil de contabilizar pero as estimacións máis realistas falan de que arredor de 2.000 persoas asisten desde moitos puntos de Galicia a contemplar este espectáculo que persegue mesturar o benestar dos animais en combinación coa conservación dunha tradición de enorme relevancia na antropoloxía do país galego.

O proceso do curro en si dura un día. Á mañá comezan a operar sobre os animais e a partir das 8 da tarde, aproximadamente, os cabalos volven quedar ceibes ata que no ano seguinte se repita

a operación.

É perigoso?

Para os cabalos, malia que se poidan pór un pouco nerviosos, non, non o é, para as persoas que participen no curro a actividade non está exenta de riscos. Poden caer do cabalo, ou recibir unha patada se o animal está especialmente nervioso. De feito hai un par de anos un dos participantes rompeu a mandíbula despois de caer do cabalo e que o animal que viña detrás lle pisase accidentalmente a cabeza.

Non ten por que pasar nada, habitualmente non pasa nada. Pero non está de máis que quen participe o faga con todas as precaucións posibles, de feito a organización está obrigada a ter unha ambulancia no espazo do curro para cubrir calquera continxencia que puidera acontecer.

Como se financia?

Como todos os actos organizados por

colectivos da sociedade civil, con moita imaxinación, tesón e persistencia dos organizadores que teñen que buscarse a vida procurando fontes de financiamento en todos os sitios que poidan, recorrendo en moitas ocasións a patrocinadores privados.

O financiamento non é só para o curro en si, senón para a festa que se argalla arredor do espectáculo cabalar. Hai que pagar as orquestras, iluminación, son, seguridade...

Todo podería ser moito máis doado se o Concello de Marín se implicase máis, algo que por desgraza non fai. A organización non está en absoluto satisfeita coa colaboración que lles presta o Concello e manifestou por boca do seu presidente nas nosas páxinas que eles tamén son de Marín e que merecen un trato máis xusto para unha actividade que cada ano trae a milleiros de persoas a gozar do curro na súa localidade.

Segundo o BNG "O Concello de Nigrán perdeu case 200.000 euros por non executarno tempo previsto a remodelación do parque da Ramallosa"

O Concello debe asumir con fondos propios a parte da obra executada fóra de prazo que ía ser financiada cunha subvención da Deputación de

MotoJard
Bueu

Venta y reparación de maquinaria agrícola y motos

Francisco Escaneo, 13 - Bueu
Taller: 986 322 826

xardinería bueu

Tel. 628 330 567
xardineriabueu@gmail.com

- Deseño e mantemento de xardíns
- Podas de árbores
- Tratamentos fitosanitarios
- Traballos verticais
- Sistemas de rego

TALLERES HERDASA

MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS

ESPÍRITU SANTO 20, 36940 CANGAS

986 30 09 56

TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM

AGRICOLA SEIXO

PIENSOS NUDESA

- PATATAS DE SIEMBRA
- CEREALES · ABONOS
- AVES · PLÁSTICOS
- SEMILLAS · FRESAS

Dtor. Otero Ulloa, 62 - SEIXO Teléf.: 986 704 102

BRASERÍA

TAPERÍA SUSO

Toural nº30
VILABOIA

658 887 625
986 631 514

Motor Marín

Motor Marín. R/Tiro Naval Janer 7. Marín

BAR UMIA

-TAPAS Y BOCADILLOS-

Almuiña, 14 | Tel. 986 88 13 43 | 36900 MARÍN (Pontevedra)

Pontevedra

O goberno municipal aprobou en solitario unha modificación de crédito na que case a metade do seu importe vai destinada a consignar os 188.289,52 € que se perderon

“Estes 200.000 euros únense aos case 80.000 que tivo que asumir o Concello de Nigrán por non xustificar en prazo a obra de Chandebrito” indicou Xavier Rodríguez

Nigrán

As eternas e inacabadas obras de mellora e remodelación do Parque da Ramallosa remataron tendo consecuencias económicas para o Concello de Nigrán, ao ter que asumir este a parte da actuación executada fóra de prazo e, polo tanto, non xustificada en tempo, e perder case 200.000 euros da subvención que a tal efecto tiña concedida a Deputación de Pontevedra.

En abril de 2025, por resolución de alcaldía, foi adxudicada a obra a ORESA, a mesma empresa que formaba parte da UTE á que se intentou favorecer inicialmente na licitación do contrato do lixo. O proxecto tiña un prazo de execución de 31 semanas que foi reducido a 23 na oferta da empresa, para recibir a máxima puntuación neste aspecto e levarse o contrato aínda que despois fose incumplido.

Un contrato que segundo esa oferta da empresa que lle permitiu gañar a licitación tiña que estar rematado en outubro do 2025 e que, pese a que a Deputación prorrogou ata en dúas ocasións o prazo de execución ata estendelo ata maio de 2026, a empresa foi incapaz de cumprir. Agora, a consecuencia é que o concello ten que facerse cargo da parte da obra realizada fóra de prazo e asumir os 188.289,52 euros perdidos da subvención mediante unha modificación de crédito.

Con todo, o problema é que isto é unha cuestión recorrente. O ano pasado este goberno xa perdeu o dereito ao cobro de varias subvencións por non xustificálas en prazo, o que motivou que eses fondos tiveran que ser aportados polo concello. Especialmente significativa foi a mellora de camiños e ampliación da rede de saneamento en Chandebrito, unha obra chea de problemas que se eternizou e supuxo a perda de 77.903,27 euros por non xustificar en prazo parte da obra.

É evidente que o goberno de Nigrán ten un problema coa execución das obras, que xa se iniciaron neste mandato coa obra sen fin da remodelación da rúa Otero Pedrayo, e que proseguiron con outras obras de saneamento nas que xa se perderon subvencións por non executálas en prazo.

A responsabilidade é dun goberno consentidor dos incumprimentos que non impuxo ningunha das penalidades previstas nos contratos pola demora inxustificada na súa execución, polo que “o alcalde convértese en cómplice da alteración das propias licitacións ao permitir o incumplimento dun dos criterios de adxudicación” en palabras do portavoz municipal do BNG, Xavier Rodríguez.

CAIXA DE MÚSICA

Por Xosé Manuel Fernández Costas “Muxicas”



No eido da música popular, ó igual que no resto dos eidos da vida, o papel das mulleres no seu desenrolo e consolidación tivo e ten un peso fundamental para comprendérmonos mellor coma sociedade. Ó igual que houbo compositores, tamén houbo e hai compositoras (a mor das veces achantadas pola propia sociedade, marcadora de roles inxustificables) que

deixaron unha importante pegada no noso acervo musical.

É o caso de María Xosé López. Gaiteira e zanfoneira, multi instrumentista, amais de cantora, que deixou en repetidas ocasións o seu bo quefacer compositivo en gravacións diversas, coma nas de Muxicas, Anamoura ou No Son do Río.

Este é unha muiñeira que compuxo no ano 2017, coa seguinte adicatoria: “Muiñeira para os ausentes”. Un tema para gaita, escrito en Dom, con todo o fondo sentimento que isto con leva.

Tempus fugit

Muiñeira para os ausentes

Autor: María Xosé López



NOELIA GOCE VICENTE

Arquitecta col. 4807

Estrada Vista Alegre 130 baixo izq.

Oia_ Pontevedra

Telf. 650 779 495

goce.arquitectura@gmail.com

New Tekes

Bocatería - Cafetería

Telfs.: 986 36 98 66

628 11 56 34 Ana

newtekes@gmail.com

c/ Diego Sarmiento Acuña, 12

36380 Gondomar



VISITA A COSTA DOS CASTROS

www.costadoscastros.com



DESCUBRE OIA

XX Anos de éxitos do festival Nigrán Jazz

“Vinte anos despois sigo a ter toneladas de ilusión por organizar un precioso festival de Jazz no noso Concello”

Felipe Villar, director

Un ano máis no marabilloso escenario do Esteiro da Foz celebrouse unha nova edición do festival Nigrán Jazz. E desta volta non foi unha edición calquera, pois este evento de calidade extraordinaria acadou as súas dúas primeiras décadas de vida.

Di unha famosa canción, que seguro coñecemos, que 20 anos non son nada. Pero esa canción transmite unha mentira flagrante. Dúas décadas na vida dunha persoa é moito tempo. Neses anos pasan moitas cousas e todo cambia a unha velocidade extraordinaria.

Pero o que non cambiou nestes 20 anos é a calidade do festival de Jazz de Nigrán: extraordinaria. Cando comeza este evento algúns dos máis importantes músicos de Jazz de todo o mundo acoden a un escenario precioso a facer as delicias dos milleiros de persoas, que teñen gozado deste espectáculo.

Non é nada fácil organizar un festival destas características. É especialmente difícil facelo nunha poboación pequena como Nigrán, que durante uns días se converte no centro do universo do jazz. Pero en todos estes anos a valoración de todas e cada unha das edicións é a mesma: Sobresáinte

Cal é motivo?...Seguro que son unha confluencia de razóns que sumadas dan lugar a que todos os anos un evento desta dimensión poida ser posible. Unha desas razóns é sen dúbida o talento do seu director Felipe Villar, un home co que para min foi un pracer conversar de novo. Velaí vai.

Entre que datas celebrastes esta vixésima edición?

O festival en si celebrámolo entre o 16 e o 18 de Xullo, pero desta volta fixemos algunha actividade complementaria tamén como por exemplo algunha sesión de cinema e algún concerto.

A realización de actividades complementarias é unha novidade desta edición?

Algún outro ano xa fixeramos unha sesión de cinema, no Esteiro da Foz, pero esta edición estivemos nos cines municipais da Ramallosa. E aprovei-



Un lance do pasado festival

tando o ciclo de cinema que fai o concello, nós proxectamos alí a película que quixemos ver.

Supoño que a película tería relación co mundo do Jazz?

Si, claro. Puxemos “Mo Better Blues”, unha grande película de Spike Lee na que se analiza o universo do Jazz desde o punto de vista afroamericano. Ao público gustoulle moito.

A película só era para as persoas relacionadas co Nigrán Jazz?

Non, foi unha sesión aberta para calquera persoa que quixera asistir.

Nestes 20 anos de vida en que cambiou Felipe Villar?

Ben, pois teño o pelo algo mais branco e teño algo de lumbago que antes non tiña, pero teño toneladas de ilusión e gañas de seguir construído un fermoso festival de Jazz no noso con-

cello. O corpo deteriórase co paso do tempo, iso é inevitable, pero a ilusión polo Nigrán Jazz non, iso permanece igual que cando comezamos hai dúas décadas.

Ben, a canción di que 20 anos non son nada

Xa, pero esa canción transmite unha mensaxe radicalmente falsa. O certo é que 20 anos na vida dunha persoa é moito tempo, e todo cambia de maneira inexorable.

Cando recordas todo o camiño andado nestes 20 anos do Nigrán Jazz, que sentimento predomina en ti?

Sen dúbida o o orgullo. Se hai 20 anos me dixeran que os principais músicos do Jazz do mundo, os que tocan nos mellores festivais do planeta, estarían polo noso, resultárame asombroso. Este ano a asistencia de público foi

Eladio Costas, S.L.

Correduría de Seguros y Asesoría de Empresas

C/ San Benito, 5
36380 - Gondomar
986 384 433
costasasesoria@gmail.com



-MENÚ DEL DÍA - COMIDAS Y CENAS-
Plaza Santa Liberata, 7 (Frente a la Iglesia)
36300 baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385965 - 685 135 540



C / San Lorenzo, 22 (Esq. de Diego carmona)
36300 Baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385 115 - 685 135 540



moi satisfactoria como habitualmente? Si, foi brutal. Houbo algún día que probablemente fose dos de maior asistencia en toda a nosa historia. E non só destacaría a asistencia, senón tamén o ambiente de relaxación, acougo e paz en todos os asistentes que, creo eu, ten que ver coa maxia que transmite o Esteiro da Foz.

Este ano o festival durou 3 días, cando normalmente faise en dous. Por que motivo foi o cambio?

Ben, digamos que foi para conmemorar o noso vixésimo aniversario e por podermos acoller o concerto de Gretchen Parlato. Ela é unha cantante americana das máis importantes deste século. Trouxo unha banda impresionante e o seu concerto foi marabilloso. A verdade tivemos moita sorte, pois todo coincidiu ben, e puido vir.

Gretchen Parlato está ao nivel dos mellores músicos e músicas de Jazz do mundo?

Para min claramente si. Non só ela senón toda a banda que a acompañou.

Coñecíalos persoalmente?

Non, nin a ela nin a ningún dos seus músicos. Coñecinos nesta edición do festival e foron todos encantadores. Penso que marcharon moi satisfeitos.

Que outras bandas viñeron nesta vixésima edición?

O segundo día tivemos unha banda pouco coñecida de músicos moi novos, entre 20 e 25 anos, chamada eclipse. Fixeron un concerto espectacular dun altísimo nivel. Nós quedamos encantados con eles, e eles quedaron encantados tamén con tocar en Nigrán. Ollo con esta banda Tino. Cómpre apuntar o nome e é necesario apuntar tamén a todos e cada un dos músicos. Van dar moito que falar.

E o último día pechamos co trío Abe Rábade cun convidado especial, o saxofonista Jhon O' Gallagher. Digamos quen nos sentiamos en débeda porque nestes 20 anos non ter tido a Abe con nós era case un pecado.

A duración de tres días foi excepcional ou vaise converter en habitual?

En principio foi excepcional, pero non sei aínda como faremos nas edicións posteriores. Nós procuramos adaptarnos ao contexto e ás circunstancias de cada edición. O importante do Nigrán Jazz é a música, todo o demais é accesorio e susceptible de poder ser modificado.

Como levaches este ano de tres días o estrés, Felipe?

Ha, ha, ha... Nos parámetros habituais: Ao máximo nivel. Foron uns días moi duros cun enorme cansazo físico e sobre todo mental. Afortunadamente

foi todo marabillosos e non houbo nin un só problema.

Segues estando satisfeito das colaboracións dos patrocinadores privados e do Concello?

Estou enormemente satisfeito, agradecido e emocionado de como se implica todo o mundo co festival. Non me chegaría a vida enteira para expresar a gratitude que teño cara aos nosos patrocinadores e ao Concello de Nigrán pola súa sobresaínte implicación e por todo o cariño e axuda que nos prestan.

Non estarás pensando xa na XXI

edición?

Pois teño que confesar que si, xa lle estou dando unha volta. Por moito estrés que sufro eses días, que si o sufro, a ilusión que me provoca o festival é superior e non podo evitar que case ao día seguinte de rematar unha edición xa me poña a pensar na seguinte.

O festival está tan asentado na conciencia colectiva de Nigrán que imaxino que transcenderá a conxuntura política que poida haber en calquera momento?

Quero pensar que si. O contrario pareceríame unha miseria.

A parvada do mes

Anotop at

“O lume vaise movendo dun xeito non previsto, Hai uns efectos climatolóxicos locais producidos pola propia intensidade do lume, a temperatura da combustión e pola vertical que, inmediatamente, cando o lume vai hcara un sitio e parece que podemos atacalo fai un zigzag e parece que se vai a un sitio exactamente contrario a onde estaba avanzando dende o principio, cando o

lume está subindo e poderíase facer un cortalumes para tapalo, automaticamente empeza a baixar e colle un lado no que non había cortalumes”.

Alberto Núñez Feijoo

BOMBERO TORERO

TAPERÍA O MONTE



*Camiño dos Concellos nº 34
Carrasca - Nigrán
Tel.: 986 38 70 52
Móvil: 609 804 666*



La Vitrola
RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

FRUITAS VILAR PATACAS



Fruiterías en Vigo e Feiras de Padrón, Redondela, Sabarís, Tomiño e os xoves no mercado municipal de Tui



HOTEL * * RESTAURANTE

A QUEIMADA

info@queimada.com www.queimada.com

PRAZA DA CARRASCA, 5 NIGRÁN
986 350 307 - 986 350 380

Peixaría Oia

Do mar á túa casa.
Visítanos!!



Estrada de Vista Alegre, 165 (Oia)

As Festas do Monte alumean de vida á vila de A Guarda

Redacción



Nos primeiros días de agosto, entre o 1 e o 10, A Guarda viviu novamente unha das citas máis agardadas do ano: celebrou unha nova edición das Festas do Monte, declaradas Festa de Interese Turístico de Galicia, cunha programación que combinou tradición, cultura, deporte e música para todas as idades.

Durante unha semana, as rúas da Guarda enchéronse de ambiente festivo cun amplo calendario de actividades pensado para que veciñanza guardesa e as persoas visitantes puideran gozar dunha das celebracións máis emblemáticas de Galicia. Como é tradición, todas as mañás houbo pasarrúas dos cabezudos acompañados polo grupo de gaitas do Clube da 3ª Idade, levando a mú-

sica e a festa por todo o termo municipal. Xa o sábado 1 de agosto celebrouse o Campionato de Petanca no Castelo de Santa Cruz, organizado en colaboración co Club Petanca O Caldeiro. O luns 3 tivemos unha das novidades desta edición, a I Milla Urbana das Festas do Monte, organizada pola Sociedade Atlética do Trega. Pola noite leuse o pregón oficial, que correu a cargo de Estela Doiro, seguido do concerto de Terapia de Grupo e DJ Kin. A xornada rematou coa verbena da orquestra Los Magos e unha sesión de DJ con Diego Wass, Darío, Josete e Axel.

O deporte volveu ser protagonista o martes 4 co Partido de Fútbol no estadio da Sangriña entre o Sporting Guardés e o Celta

de Vigo Xuvenil División de Honra, ademais contamos cun pasarrúas do grupo Arrotuada. Xa pola tarde noite celebrouse o tradicional Concerto de Corais na Praza do Reló, coa participación do Orfeón de Moaña, o Coro Cantemos de Salvaterra de Miño e o Coro da Terceira Idade da Guarda. A verbena correu a cargo da orquestra Cayenna, seguida dunha nova sesión dos djs: Guille, Cristian Pereyra, Igar e Diego Mariño.

O mércores 5 foi unha das xornadas máis tradicionais coa celebración do Desfile de Traxe Rexional, organizado pola Asociación Traxe Galego da Guarda, que partiu da Alameda e rematou na Praza de San Bieito co I Concurso de traxes galegos. Pola noite, as orquestras La Fórmula e Saudade amenizarán a verbena.

O xoves 6 combinou deporte e música co Campionato de Xadrez na Praza do Reló, organizado polo Club de Xadrez Albatros; unha exhibición de baloncesto no Auditorio de San Benito a cargo do C.B. Baixo Miño Basket, e a verbena protagonizada por Solara e Ritmo Joven.

A programación continuou o venres 7 co Festival de Danza da Escola Attitude no Auditorio de San Bieito. Ademais, o Cen-

tro Cultural acolleu a obra de teatro "Os vellos non deben namorarse" de Castelao, antes da verbena coas orquestras Galilea e La Nave.

O sábado 8 celebrouse un dos actos máis emblemáticos das festas, o Desfile Folclórico e das Bandas Mariñeiras, no que participaron un total de 21 bandas, enchendo as rúas da Guarda de música e tradición. Pola tarde houbo unha Festa Infantil con canón de escuma e xogos populares no Auditorio de San Bieito, mentres que á noite estivo amenizada polo grupo Ámbar.

O momento máis esperado chegou o domingo 9 de agosto, coa tradicional subida ao Monte Santa Trega e a posterior romaría, acto central das Festas do Monte e unha das celebracións máis multitudinarias e representativas da identidade guardesa. A xornada rematou coa tradicional desfeita.

As festas despedíronse o luns 10 de agosto cunha intensa programación musical que incluíu unha actuación de baile galego a cargo de Vento Mareiro, a actuación da gaiteira Nadia Vázquez e unha gran sesión de Djs na explanada do porto. Á medianoite tivo lugar a tradicional tirada de fogos artificiais, que puxo o broche final a dez días de celebración. E así, as milleiros de persoas, guardesas e visitantes, que tiveron o pracer de desfrutar dunha nova edición desta festa, xa inserida na psique colectiva do pobo galego como unha das máis bonitas do país, despedíronse ata que o próximo ano unha nova marea de luz, ledicia e cor volva asolar as rúas guardesas.

LAVANDERÍA MOISÉS
ALFOMBRES - MANTAS - DORMIDORES - LINO

TINTORERÍA MOISÉS
LIMPIEZA EN SECO

TINTORERÍA LAVANDERÍA MOISÉS
986 610 503
Concepción Arenal, 34. A Guarda

grupo Cromata s.l.

- Pinturas
- Barnices
- Armarios Empotrados
- Tarima Flotante
- Papel decorativo

el. Baiona, 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)
Telf./fax: 986 610 108 cromata@mundo-r.com

RenovaPhones
Reparación y venta de telefonía
Informática y Consolas
www.renovaphones.es
Venta de Consolas de segunda mano

MÁSMÓV!L

XIAOMI

C/ Concepción Arenal nº36 bajo - 36780 - A Guarda - Telf. 986184101 - info@renovaphones.es

NIHIL PRIUS FIDE

José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG | 36780 **A GUARDA**
Telf. 986 611 005 | Fax 986 611 123
e-mail rodriguezcasal@notariado.org

Os lumes forestais

“O ano pasado non houbo mortos en Galicia de puro milagre”

Xan Lois Cabreira, bombeiro forestal do Baixo Miño

Cando facemos esta entrevista (27/07) o verán, no que aos lumes forestais se refire, semella que está indo razoablemente ben en Galicia. Pero en absoluto podemos descoidarnos nin cantar vitoria, pois as circunstancias climáticas e a deficiente política forestal dunha administración autonómica e dun sistema económico, que priman o cultivo do eucalipto, poden dar pé a que a traxedia estoupe en calquera momento, en calquera monte. Este verán é Madrid quen sofre fundamentalmente unha vaga espantosa de lumes que xa ten queimado dúcias de milleiros de hectáreas de monte, e posto en perigo vidas e bens.

Para coñecer de primeira man a valoración de como está indo o verán, que expectativas hai ao respecto das semanas que faltan ata que cheguen as chuvias de outono e saber os motivos que impulsan a devastación forestal do centro da península ibérica, falamos cun experimentado bombeiro forestal do Baixo Miño e vello amigo das nosas páxinas. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa.

Onde tes a túa base?

No Baixo Miño, estamos na parroquia de Areas, en Tui. Antes estabamos en Goián e agora mudamos a base para o Concello veciño.

Canto tempo levas de bombeiro forestal?

Levo oito campañas. Entrei no ano 2019.

Cantos meses ao ano te contratan?

Ben, os primeiros anos traballaba seis meses si, e seis meses non. Eso implicaba que só tiña prestación por desemprego un ano de cada dous. É dicir: inicialmente 6 meses de cada 24 tiña 0€ de ingresos. A partir das últimas eleccións autonómicas a cousa mellorou un pouco, e os

nosos contratos foron subindo progresivamente a 7, 8 e 9 meses.

Agora mesmo como estades?

Este vai ser o primeiro ano no que traballamos 9 meses si, e 3 non.

Cales son os meses nos que non traballas?

Os máis fríos e chuviosos do ano, penso que nos coincidirá en decembro, xaneiro e febreiro. Estaremos parados nos meses nos que máis habería que traballar para facer prevención.

Se houbera a vontade política necesaria para que traballardes todo o ano, habería traballo que facer tamén neses tres meses?



Xan diante das chamas

Si, por descontado que si que o habería. Estamos traballando en extinción e algo, moi pouco, en prevención. E co que vemos ano tras ano creo que xa é hora de darlle unha volta ás funcións dos bombeiros forestais.

De momento o verán en Galicia parece que non vai mal

Si, pero xa vimos o que pasou o ano pasado, e parece que non aprendemos a lección porque a prevención e a dirección non as damos mellorado. O noso servizo ten un serio problema de dirección.

Haberá que cruzar os dedos no que queda de verán

Cruzar os dedos e tragar saliva. E iso que a cousa non comezou ben. Os lumes iniciais de Padrón e Boborás foron bastante potentes, e semellaba que o verán ía ser complicado. De momento o lume

máis perigoso do ano foi o que houbo no Galleiro no mes de abril. Pero non nos podemos descoidar en absoluto, porque isto pode complicarse en calquera momento. Aínda queda verán por diante. E temos unhas condicións climáticas e de acumulación de biomasa moi preocupantes. A adecuada xestión do territorio é o grande cabalo de batalla para podermos combater con expectativas de éxitos os incendios no monte. Esa é a tarefa máis urxente que debe de acometer a administración competente.

Temos moito monte a monte?

Si, moitísimo. E moito monocultivo de piñeiros e de eucaliptos.

Alén da xestión do territorio, un asunto sen dúbida moi importante, tamén debemos de considerar o trato que vos dá a administración. Vós cobrades o que merecedes polo traballo que facedes?

Eu creo que non. Os nosos salarios non se corresponden con estes tempos nos que todo, incluso o esencial para a vida, está tan sumamente caro.

As condicións nas que traballamos tampouco están adecuadamente remuneradas. Recordo un lume moi duro que houbo en



Avenida ordoñez, 54
Goián



Nivaria
centro de fisioterapia

Alberto Carrera Blanco
Nº Colex 2328

Rita Cabeza González
Nº Colex 2294

Tlf/Fax: 986 622 839
Móbil: 677 040 683

fisionivaria@gmail.com

Rúa Gondomar 59 baixo, C.C.P 36740
Tomiño-Pontevedra.





Xeito
ESPECIALIDADES

Pimientos Rellenos de Marisco
Pescados y Mariscos de la Costa
Bogavante con Arroz
Zamburiñas a la Plancha
Entrecot de Buey
Parrillada de Pescados
Postres Caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto) - 36780 A GUARDA (Pontevedra)
Telf. 986 610 474 - Reservas: 659 984 234

GRACIAS POR SU VISITA

Salceda, que coincidiu cunhas circunstancias de calor extrema, no que moitos dos meus compañeiros caeron a consecuencia de golpes de calor.

Non, claramente non nos pagan o que, polas circunstancias do noso traballo, sería xusto.

Supoño que nalgúnhas ocasións poderedes chegar a estar en situación de risco vital?

Si, claro que si. O ano pasado tivemos máis de setenta feridos. Por non falar das toxinas que estás permanentemente respirando, cando estás nun lume, e que se meten no corpo deteriorando inevitablemente a nosa saúde.

Máis de setenta feridos, en Galicia?

Si, só en Galicia, si. O ano pasado non houbo mortos de puro milagre.

Cantos profesionais hai en Galicia no sector?

Non o sei con exactitude, pero contando todos os servizos e todos os medios poderemos ser unhas 3.000 persoas.

É suficiente?

Para atacar os lumes máis fortes non sería suficiente nin cun exército enteiro. O que cómpre é ser eficaces na prevención, e máis eficientes na xestión.

Por exemplo nós co inmenso traballo que tivemos o ano pasado non tivemos nin sequera unha valoración de acertos e de erros por distrito. Algo moi necesario nos servizos de incendios, o que amosa

unha importante falta de previsión.

A terrible vaga de lumes que está a sufrir a comunidade de Madrid por que acontece?: Por puro azar? Ou por deficiencias na xestión da administración autonómica?

Alí, como aquí, hai unha situación de abandono do medio rural e moi pouca xente que xestiona os montes. Pero alén das circunstancias, a xestión forestal en Madrid é escandalosa, os bombeiros forestais están maltratados. Nós estamos peor ca en Catalunya, Euskadi ou Navarra, pero estamos mellor que Madrid.

O que acontece en Madrid é motivado tanto polo azar, como pola pésima xestión forestal da administración autonómica madrileña.

Rematamos: Se dependera de ti que medidas tomarías de contado para minimizar o máximo posible o impacto dos lumes?

O problema é estrutural. E para abordalo de maneira adecuada é necesario corresponsabilizar ao conxunto da sociedade, especialmente ás distintas administracións en:

-Prevención suficiente e permanentemente.

-Cambiar o modelo produtivo do monte de piñeiros e eucaliptos e convertelo en multifuncional.

-Protocolos correctos de actuación ante a chegada do lume.

Non sobran migrantes sobran fascistas e racistas

Todos os días érgome moi cedo e saio a tomar o café, mercar o xornal e voa u polo pan e despois aproveito para camiñar un pouco por Ferrol e sempre vexo o mesmo persoas migrantes que están traballando duramente, a pleno sol o chovendo na mellora das nosas infraestruturas no Peirao de Curuxeiras, na Construción do Porto Exterior, nas panaderías, no coidado de persoas maiores, na hostelería, no reparto de publicidade, limpando cristais, no Servizo de Axuda no Fogar.

Hoxe quero agradecer o seu enorme esforzo, sacrificio e contribución a mellorar a nosa sociedade estas persoas contribúen enormemente a mellorar a nosa economía, o incremento da natalidade, a que podamos ter pensións e a vivir unha vida mellor así como o coidado dos/as nosos/as maiores.

Teño moitas amizades migrantes e vexo o seu enorme esforzo por mellorar as condicións de vidas delas e das súas familias e das nosas sociedades. É moi duro deixar os seus países natais en busca dunha vida e dun futuro mellor pra elas e pras súas familias e iso o valoro moito e é un exemplo de sacrificio, dignidade do que temos que recoñecer.

Os/as que non vexo traballando tan duramente son a eses/as señoritos/as españois, españolas moi españois e moi españolas de bandeira e pulseira na muñeca como Figaredo, Tellado e membros da extrema dereita que demonizan as persoas migrantes e que son profundamente

racistas pero que non queren traballar en traballos que custan esforzo porque son profundamente clasistas e racistas e e que estenden odio pero que non contribúen en nada a mellorar as nosas sociedades so a dividir, fragmentar e destruír a convivencia pacífica.

As persoas migrantes non sobran que nes sobran son as persoas racistas e fascistas que alimentan o odio, que destilan racismo, xenofobia e clasismo e que no contribúen a mellorar a nosa sociedade senon a empeorala e dividila.

Son tempos nos que toca defender a solidariedade internacionalista, loitar fronte ao racismo, o fascismo, a xenofobia, o imperialismo e o neoliberalismo.

É fundamental seguir loitando por unha sociedade diversa, multicultural, igualitaria, solidaria, feminista, antiracista, antiimperialista, antifascista baseada no respecto os dereitos humanos, a igualdade de oportunidades, a solidariedade internacional xa que a convivencia pacífica entre culturas diversas mellora as nosas sociedades e nos enriquece a todos/as.

Vivimos nunha sociedade diversa, multicultural na que nos enriquecemos unhas persoas de outras, unhas culturas de outras, uns países de outros porque a diversidade é boa sempre que estea baseada no respecto os dereitos humanos, a soberanía dos pobos, a igualdade de oportunidades.

GALEGA O EXTRANSEIRA A MESMA CLASE OBREIRA.

RACISMO NUNCA MÁIS.

NON SOBRAN MIGRANTES SOBRAN RACISTAS E FASCISTAS

POR CELSO POSADA FERNÁNDEZ

Integrador social e membro do colectivo Ferrol por Palestina



HOTEL BRUSELAS ★★

Calle Orense. 7 · 36780 A Guarda · Pontevedra

Tlf. y Fax: 986 614 521 · Móvil 666 335 157

info@hotel-bruselas.com
www.hotel-bruselas.com

HR ★★



ATLÁNTICO SUPERMERCADO

CALIDADE
BO PREZO
AMPLIO SURTIDO
SERVIZO E ATENCIÓN
PROXIMIDADE

GOIÁN
ORDÓÑEZ, 22

Telf: 986 62 00 28



EL PERRO VERDE
bar, restaurante & jardín

El Perro Verde
RESTAURANTE

☎ (+34) 986 · 627 · 354

📍 C/ Costa dos soldados, nº10
Camposancos, c.p. 36788,
A Guarda

📧 @restauranteperroverde

📌 El Perro Verde



Oscar Lomba Álvarez

Un novo proxecto para Vigo e a maioría social

opinión

Vigo atravesa un momento decisivo da súa historia. Non porque lle falten recursos nin talento, senón porque o modelo de cidade que impulsou o seu desenvolvemento durante o século XX amosa sinais evidentes de esgotamento. A cidade que foi referente industrial, obreira e portuaria de Galicia enfróntase agora ao desafío de construír un novo horizonte capaz de responder ás transformacións ecolóxicas, tecnolóxicas, económicas e sociais do noso tempo. A cuestión non é simplemente como medrar, senón para quen, con que finalidade e baixo que principios democráticos.

O progreso das sociedades depende da existencia de institucións inclusivas, capaces de distribuír o poder, favorecer a participación cidadá e impedir que unha minoría capture os recursos e as decisións públicas en beneficio propio. O verdadeiro motor dunha cidade non son só as empresas nin as infraestruturas, senón a capacidade das súas institucións para promover a cooperación, mobilizar o coñecemento colectivo, garantir dereitos e orientar o desenvolvemento cara ao ben común.

Vigo construíu a súa identidade grazas ao esforzo de miles de traballadoras e traballadores, do movemento cooperativo, do sindicalismo, do tecido asociativo e dunha cultura popular profundamente solidaria. Esa tradición permitiu crear unha cidade dinámica

e aberta ao mundo. Con todo, durante demasiado tempo o debate público reduciuse á identificación entre liderado político e cidade, como se o futuro dependese dunha única persoa e non da intelixencia colectiva dunha sociedade diversa. A democracia local empobrecese cando a participación cidadá deixa paso ao personalismo, cando a planificación estratéxica se substitúe pola xestión da imaxe e cando a capacidade crítica é presentada como un obstáculo en lugar de ser entendida como unha riqueza democrática.

Ao mesmo tempo, Vigo continúa sufrindo as consecuencias dun modelo económico no que decisións tomadas por pequenas elites tiveron enormes custos sociais. A desaparición das caixas de aforro galegas, as crises de grandes empresas industriais ou determinadas prácticas empresariais orientadas ao beneficio inmediato demos-

traron que o mercado, por si só, non garante nin estabilidade nin prosperidade compartida. Cando falla a responsabilidade social e desaparecen os mecanismos públicos de control e planificación, quen acaba pagando as consecuencias é sempre a maioría social.

Por iso, o futuro de Vigo non pasa por competir con outras cidades nunha carreira sen fin por atraer capital a calquera prezo. O desafío consiste en construír unha economía máis democrática, máis diversificada e máis sostible e resiliente, baseada na cooperación entre administracións, universidade, centros de investigación, pequenas e medianas empresas, cooperativas, iniciativas de economía social e movementos cidadáns. A innovación non nace exclusivamente dos grandes investimentos privados; tamén xorde da colaboración, do intercambio de coñecemento, dos servizos públicos de cali-

dade e dunha cidadanía que participa activamente nas decisións que afectan ao seu territorio.

A cidade dispón de enormes fortalezas. Conta cun porto estratéxico, cun potente tecido industrial, cunha universidade con capacidade investigadora, cunha longa tradición exportadora e cun capital humano extraordinario. O que falta non son recursos, senón un proxecto compartido que coloque esas capacidades ao servizo da maioría social e non de intereses particulares. Vigo necesita recuperar a planificación pública, fortalecer a súa área metropolitana, garantir o dereito á vivenda, impulsar a mobilidade sostible, acelerar a transición ecolóxica e converter a innovación tecnolóxica nun instrumento para reducir desigualdades e ampliar dereitos.

Nun contexto marcado pola emerxencia climática e pola revolución dixital, o desenvolvemento dunha cidade xa non pode medirse unicamente polo número de obras inauguradas nin polo impacto mediático das súas actuacións. Debe medirse pola súa capacidade para garantir o dereito á vivenda, crear emprego digno, reducir as desigualdades, fortalecer os servizos públicos, impulsar a innovación, acelerar a transición ecolóxica e ofrecer oportunidades ás novas xeracións. Unha cidade moderna é a que constrúe futuro, non só a que transforma o seu espazo urbano.

Vigo necesita abrir unha nova etapa



Excmo. Concello de Tui

política baseada na participación, na transparencia e na corresponsabilidade. Precisa institucións que confíen na cidadanía, que incorporen o coñecemento das universidades, das asociacións veciñais, do movemento feminista, do ecoloxismo, do sindicalismo e do amplo tecido social que leva décadas construíndo cidade desde abaixo. A transformación non chegará da man dun liderado providencial, senón dunha comunidade organizada capaz de pensar colectivamente o seu futuro.

O século XXI esixe unha nova ambi-

ción para Vigo. Non a ambición de competir contra outras cidades, senón a de cooperar coa súa contorna, compartir coñecemento, democratizar a economía e garantir que o progreso reverta na maioría social. A mellor tradición viguesa nunca foi o individualismo nin o culto ao poder, senón a capacidade da súa xente para organizarse, innovar e avanzar unida diante das dificultades. Ese é o legado que merece ser actualizado e ese é tamén o camiño para construímos unha cidade máis xusta, máis verde, máis democrática e máis libre.

cer toda a nosa contorna son so algunhas das actividades que realizan na súa estadia na cidade. Forman parte do grupo nenos e nenas saharauís que este verán estarán en Galicia ao abeiro do programa Vacacións en Paz promovido por Solidariedade Galega co Pobo Saharaí, e que neste caso conta coa colaboración do Concello de Tui.

A pasada semana o alcalde, Enrique Caba-
leiro, xunto a concelleiros e concelleiras da
corporación tudense déronlles a benvida a
estes sete nenos e unha nena que convivi-
rán con sete familias durante estes meses
de verán. O rexedor tudense agradeceu a
solidariedade das familias, tres delas re-
petidoras e catro que participan por vez
primeira, ao acoller a estes cativos e cativa
compartindo con eles a vida familiar du-

rante estas semanas. Agasallaron aos pequenos e pequenas cunha mochila, material escolar, e diversos xogos que de seguro están xa a disfrutar na súa estadia en Tui.

Hai máis de tres décadas que o Concello de Tui participa no programa Vacacións en Paz promovido por Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. Esta estadía permítenlles evitar as altas temperaturas que no verán se rexistran nos campamentos en Tindouf. Ao tempo durante as semanas que viven en Tui poden realizar revisión médicas e aprender ou mellorar o seu castelán. Grazas esta programa cada verán nenos e nenas saharauís pasan os meses de xullo e agosto na cidade no seo de familias acolledoras, creando un vínculo que perdura no tempo.

Oito nenos e nenas saharauís pasan o verán en Tui

Sete familias, das que catro participan por vez primeira no programa, acollerán aos cativos durante os meses de xullo e agosto



Foto de familia da recepción

Tui

Dende hai uns días oito nenos e nenas saharauís están a pasar o verán en Tui no seo de sete familias acolledoras. Ir á praia, percorrer o Monte Aloia, ir á piscina, e coñe-

O Concello de Tui recibiu ao campión do Mundo Sub19 de Remo Olímpico Borja Núñez

O remeio tudense do Remo do Miño logrou o ouro mundial na localidade búlgara de Plovdiv



Foto de familia da recepción, con Borja Núñez no centro lucindo a medalla de ouro

JERAL S.L. TALLER




COMPRVENTA JR

JOYERÍA Y RELOJERÍA EXCLUSIVA DE OCASIÓN

TALLERES PROPIOS 609 884 609

COMPRO ORO

Travesía de Foxo S/N
Tui
Tef-Fax: 986 60 34 19
Joyeriajr@yahoo.es



Tui

O remeiro tudense Borja Núñez Martínez, membro do Club Remo do Miño, foi recibido este mediodía na casa do Concello de Tui tras proclamarse na fin de semana campión do Mundo Sub19 de Remo Olímpico en Plovdiv, Bulgaria, na modalidade catro sen temoeiro. Logrou o título mundial xunto aos andaluces Juan Jesús Ortega do Club Náutico de Sevilla, Robert Privistirescu de Club Tiempo Libre El Ejido e Manuel Cruz do Real Círculo de Labrados.

Na recepción estiveron presentes o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, a alcaldesa en funcións, Ana Núñez, o concelleiro de Deportes, Rafael Estévez, os presidentes da Federación Española e Galega de Remo, Miguel Ángel Millán e José Luís Méndez, o presidente do Club Remo do Miño, Manuel Ángel González, xunto a outros concelleiros e concelleiras da corporación municipal, deportistas e membros da xunta directiva do Club Remo do Miño.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro dirixíndose a Borja Núñez afirmou que "que es o orgullo desta cidade" engadindo que "os triunfos saen do esforzo e do traballo persoal, das familias, dos compañeiros, do técnicos, ...". Destacou tamén a importancia do financiamento público e de poder contar cunhas infraestruturas deportivas axeitadas.

Aludiu tamén que Borja Núñez é "herdeiro dos formidables deportistas que contribuíron a que o remo sexa o referente deportivo que é en Tui e en

Galicia".

A alcaldesa en funcións, Ana Núñez, alentou ao campión a "non deixar de remar polos seus soños", ao que tempo que lle fixo entrega dun agasallo en nome do Concello. Pola súa banda, o concelleiro de Deportes, Rafael Estévez, recoñeceu a "gran dificultade que supón conseguir un fito coma este" e agradeceu a Borja Núñez "seguir levando o nome de Tui polo mundo".

O campión do Mundo relatou na recepción coma se desenvolveu o Campionato en Plovdiv, até na final acadar esta medalla de ouro.

Explicou que este logro "pon en valor e fai que sexa significativo todo o traballo que fixen até o de agora, é un aliciente para seguir traballando" indicaba Borja Núñez.

O presidente da Federación Española de Remo, Miguel Ángel Millán, recoñeceu que ser "campión do Mundo non é doado" e animou a Borja Núñez a "seguir traballando, porque

isto non remata aquí" engadindo que "agora comeza todo". Salientou amais o labor e traballo diario do Club Remo do Miño.

Pola súa banda o presidente da Federación Galega, José Luís Méndez, emocionado, recoñecía que para el este título e esta recepción é especial porque Borja "é un remeiro do club que fundou o meu pai".

Felicitou ao club polo "bo traballo que está a realizar" marcando a liña a seguir.

Sumouse as felicitacións o presidente do Club Remo do Miño, Manuel Ángel González, que tamén tivo palabras de lembranza para "os compañeiros que levan anos remando con el" ao tempo que se referiu aos remeiros do Remo do Miño que "foron remeiros internacionais e foron medalla mundial coma Jacobo Moroño, María Cristina, Jesús González, José Ignacio Bugarín, e Rodrigo Conde".

Interveu tamén o voceiro do PP, Nico-

lás Lorenzo, estendendo as felicitacións á familia de Borja, salientando que os pais "son unha parte fundamental". E aludía tamén a que o Remo do Miño "ten moitos referentes" a nivel deportivo.

Tui recibiu así a Borja Núñez, que non só vén de acadar o título de Campión do Mundo sub 19, senón que amais é o primeiro remeiro galego en subir ao máis alto do podio nun Mundial.



Pedro Cortegoso, traballador do SERGAS

Gol de España

opinión

A supremacía dun grupo social maniféstase de dous modos, como dominio e como dirección intelectual e moral. Un grupo social é dominante dos grupos adversarios, aos que tende a "liquidar" ou a someter incluso coa forza armada..

Neste texto de Gramsci podemos substituír "grupo social" por "nación" para comprender mellor como actúa unha nación dominante sobre outra dominada á que pretende facer desaparecer. A nación dominante trata de acadar a hexemonía gramsciana con todos os medios de que dispón, o mesmo que a burguesía fai co proletariado. No caso da Galiza podemos fusionar a nación dominante coa burguesía dominante, pois son o mesmo opresor.

España trata desde fai séculos de facer desaparecer do mapa a esa "anomalía" chamada Galiza, e para iso impón o seu idioma, a súa cultura e emprega o ensino como unha máquina desgaleguizadora. E ao deporte, e as súas seleccións deportivas e deportistas famosos. En tempos foilles moi ben coa Alonso manía, co facha de Nadal, e agora parece que lles funciona a promoción-exaltación de "la Roja".

A selección como símbolo da España que nós une a todos, por que todos somos españois. Ou non?

Cada vez que xoga a selección española as rúas enchense de bandeiras españolas, a "rojigualda" do franquismo, de pantallóns xigantes onde concentrar o sentimento patrioteiro español e programacións especiais en todas as canles de tv e radio ensalzando as bondades do fútbol.

Cada pantalla xigante nunha praza ou alameda dunha vila ou cidade galega é un chanzo máis no proceso de españolización do pobo galego. É unha

victoria na nación-clase dominante sobre a nación-clase dominada, un paso máis na aniquilación de Galiza.

O máis triste é que o discurso penetró nas mentes de quen se din nacionalistas galegos e hoxe xustifican e defenden o apoio á selección española, que seica é progresista, integradora e propalestina. A febleza ideolóxica na sociedade galega, e no mundo do nacionalismo-soberanismo, nunca foi tan grande. Asíñense os símbolos e os valores do inimigo, repítense mensaxes e ideas propias da socialdemocracia española como se o "podemismo" fose o modelo a seguir. Cambiase o combate pola conciliación, abrindo-lle as portas á derrota na loita pola supervivencia de Galiza.

Neste partido só hai dúas equipas: nación opresora ou nación oprimida. Só temos dúas opcións, ser dominados, ou enfrontarnos á dominación para continuar sendo o que somos. Deixar de ser unha nación oprimida para ser unha nación soberana.

Os cálculos electorais que buscan o camiño máis fácil para encher as institucións priman sobre o traballo para facer medrar unha base social sólida e formada coa que resistir nos tempos duros que virán. Porén, das institucións non van vir as solucións aos nosos problemas, nin o Parlamento Autonómico, nin o Congreso, nin o Parlamento Europeo serven para mellorar as nosas condicións de vida. Son instrumentos dunha democracia-ditadura burguesa ao servizo do capital e

da guerra. Xa o dicía a canción, "mándanos autonomía que os caciques son moi listos".

Acabou o partido, volvemos ao mundo real.

Acabado o mundial volverán os problemas, eses dos que non falan os medios de comunicación. Os que non lle importan aos presidentes nin aos monarcas.

Agora, despois da euforia futbolística, toca voltar a unha realidade cada día máis escura. Toda esa rapazada que celebraba os goles de España vai ter un futuro cheo de atrancos, sen capacidade económica para mercar unha vivenda, como moito para un alugueiro compartido, terá un emprego precario con poucos dereitos e unha xubilación incerta, unha sanidade cada día máis privatizada e de peor calidade. E, esperemos, que os nosos gobernantes europeos, sempre tan serviciais, abandonen a súa axenda guerreira imposta pola OTAN contra Rusia e non nos embarquen nun conflito bélico onde a mocidade galega teña que ir de carne de canón para defender a conta de resultados dos grandes fondos carroñeiros.

Mentras non veña un novo evento deportivo sería bo momento de retomar o traballo militante en todos os ámbitos da sociedade. As organizacións políticas soberanistas-independentistas explicando a realidade como é, explicando o que é Galiza e na situación que se atopa dentro do estado español e da UE-OTAN. As organizacións cul-

turais e centros sociais defendendo e promovendo a nosa cultura, a nosa música, o noso idioma. Os sindicatos defendendo os intereses da clase traballadora.

A batalla non está perdida aínda que España gañara o mundial, Galiza leva resistindo cincocentos anos a dominación española e se queremos podemos darlle a volta ao partido. Este 25 de Xullo é unha boa data para coller folgos, recuperarmos das feridas futbolísticas e comezar a preparar o próximo mundial.



Tel.: 986 621 110
667 932 855
C/ Centinela
36750 - GOIAN

O DESCANSIÑO
CAFE - BAR

684 418 559

Estación, 11
Guillarei - Tui

ROCHA
SUMINISTROS

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN

www.rochasuministros.com

✉ C/José Mª Sexto 31, A Gándara
36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881



Gescon

ASESORIA
FISCAL
LABORAL
CONTABLE
SEGUROS

Carlos González Benítez
Avda. Pio Troncoso Nº 2 Baixo
Goian
986 609 702

MASTER
 **CADENA**

MASTER LA GUARDIA

986 611 973

C/. Manuel Alvarez, 20 - A GUARDA

 www.mastercadenas.es

 laguardia@mastergalicia.com

MASTER
 **CADENA**

MASTER TOMIÑO

986 622 147

Rúa Gondomar 59 - TOMIÑO

 www.mastercadenas.es  tomino@mastergalicia.com

NEW
MASTER
 **CADENA**

 **986 953 442 - 696 645 020**

C/ SANJURJO BADÍA Nº 108 - VIGO



BODEGAS IGLESIAS

CASAL - BUDIÑO 95B. O PORRIÑO
TEL: 986 34 61 10



Cousas de Salvaterra

Sítio de Monção, 1658

historia

Antón Xaque, veciño da vila

... **A**s débiles e antigas fortificacións de Valença e Vila Nova, non eran suficientes para a defensa, Viana e Ponte de Lima non estaban fortificadas, do Porto non se debía esperar resistencia algunha, porque nin defensa nin presidio (guarnición militar) tiña que asegurase a cidade, sendo como era a segunda do reino.

Con todas estas consideracións debía-se procurar que o socorro de Monção fose máis con artimañas que con forza, o río Mouro, que entra no Miño unha legua por arriba de Monção e dúas abaixo de Melgaço, tiña un porto mui capaz de introducir por el o socorro. Debíanse fabricar cantidade de barcos, para o que non faltaban madeiras, e cargados de abastecementos e de xente, puidesen levar os mesmos, dando tempo e alento os sitiados, esperando os acontecementos que o exército no Alentexo preparaba para socorrer Elvas, que eran as únicas esperanzas que se tiñan para sustentar aquela praza. Os barcos podían ser vinte cinco, que polo cómputo que fixera Miguel de Lascol, eran os que bastaban para levar douscentos homes, subministros e municións para un mes. Estes podían fabricarse en Melgaço no termo de quince días, e lanzados de noite á rápida corrente do Miño, mal poderían ser atacados se o Marqués de Viana no tivera noticia deles.

Escoitou Nuno da Cunha esta proposición e antes de votar por ela, dixo que saíran do cuartel de Paredes, para



Río Mouro a altura de Ponte do Mouro, Monção.

aquel lugar das Choças, onde estaban, co fin de meter en Monção ou Salvaterra un groso comboi, o que se atopaba coa dificultade dos tres fortes e baterías que os Galegos tiñan levantado na parte por onde se pensaba introducir o socorro. Polos recontos que fixeran, contaban con dous mil homes, agardaban oitocentos máis da comarca de Barcelos e Vasco de Azevedo Coutinho algunha xente máis tiña, xente esta que o Visconde tiña tomado pola súa conta mandar conducir. Toda xunta supuñan uns cinco mil Infantes de calidade notoria. As compañías de cabalos poderían montar catrocentos vinte.

Neste suposto, no perigo en que Monção se atopaba e ó que ficaba exposta toda Provincia coa perda da Vila, os do Consello inclináronse por

intentar o socorro pola parte de Cortes, ou pola de S. Bento da Torre, levando elementos de fogo para romper a ponte, e se non se puidera conseguir, que camiño poderían intentar, ou que lugar se debía elixir para fortificalo, calquera resolución que se tomase debía ser pronta, pola gravidade do aperto en Monção, ponderándose maiormente os pareceres de Fernão de Sousa e a proposta de Nuno da Cunha. O Vizconde, o Conde de Miranda e D. Francisco de Azevedo fixeron un papel en que dicían que estando vivo o Conde de Castell-Melhor o vinte seis do mes precedente, fora do parecer que se fixese un Forte sobre a Praça de Lapela, en canto se

xuntaba xente para socorrer os sitiados e que conseguido este intento, se pasaría a remediar o dano do Forte de S. Luís ¿Gonzaga?, que esta era a operación máis útil do que tiñan apuntado, podendo fabricarse cos barcos que había unha ponte, por onde se introducise socorro nas dúas Prazas, e se procurasen cortar os combois que continuamente entraban no exército inimigo. Na presente ocasión, xuntándose cinco mil homes, como o Xeneral da Artillería propuña, eran do parecer que se fabricase un cuartel para a parte de San Bento da Torre, no sitio que parecese máis convinte e que deste cuartel se intentase por todos os camiños o socorro de Monção e se fixese todo o posible por romper a ponte de barcos dos Galegos, e todas estas resolucións de-

bían de ser rápidas, porque os sitiados, conforme os avisos de Lourenço de Amorim, estaban carecendo de todos os medios para se defenderen. E que do resultado deste intento definirían as resolucións que se debían tomar no resto das dificultades que ficaban por decidir, a estratexia máis precisa era xuntarse a Infantería capaz de superar acometidas perigosas e que para este caso se debían aplicar os medios máis proporcionados.

Os Mestres de Campo Ferancisco Pêres da Silva, Diogo de Britto Coutinho e o Tenente Xeneral da Cabaleiría Domingos da Ponte foron do parecer que naquel cuartel das Choças se resgardase bo número de xente, sobre catro mil homes, e que con eles se ocupase o aloxamento de S. Bento da Torre, ferrigresía de Bela, que ficaba media legua de Monção e un cuarto de legua da ponte inimiga, queimar a ponte, e conseguido este intento, parecía factible socorrer Monção. Nuno da Cunha apoiado por Fernão de Sousa, mandou preparar as barcas, habendo destas vinte cinco só se fabricaron seis máis, diminuindo notablemente as posibilidades deste socorro.

A vinte seis de Novembro marchou Nuno da Cunha do cuartel das Choças, deixando guarnecidos uns Fortíns con Infantería auxiliar, para seguranza dos fornos que cocían o pan do exército. Adiantouse Francisco Peres da Solva co seu Tercio e dúas Compañías de cabalos. Seguíalle o Tenente Xeneral da Artillería Miguel de Lascol con oitenta carros de municións e varios accesorios



JUAN CARLOS FOTOGRAFO

SERVICIOS FOTOGRÁFICOS

- REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
- RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
- VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET

Telf: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239
e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com
Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

e o cabo de tres días tomaron cuartel no lugar da Valinha entre os dous ríos Mouro e Valadares, cubrindo o primeiro a fronte e o segundo a retagarda. Encomendou Nuno da Cunha a preparación dos seis barcos a João Filgueyra y Gajo, que se encontraba no exército como particular. João Filgueyra axudado da grande expedición do Tenente de Mestre de Campo Xeneral Joseph de Sousa Sid. A catro de Decembro fixo que ficaran preparados para poder navegar. En canto durou esta acción, traballaron os Galegos por perfeccionar os fornillos con que determinaban voar o Fortín do Montinho. Atacaron o seis de Novembro, puxéronlle lume as minas pero surtiron pouco efecto, deu o asalto a xente que estaba preparada para este fin, sendo a brecha do fortín valerosamente defendida polos sitiados, retiráronse con grandes perdas os atacantes máis, inda así, volveron facer outro ataque contra un Fortín oposto ó de S. Francisco, do que tamén foron rexeitados. Satisfacéronse os inimigos con outro asalto polo mesmo lugar do antecedente, retirándose con igual infortunio.

Continuará...

Fonte: Portugal Restaurado, parte II, libro III, Luís de Meneses, Conde de Ericeyra, Lisboa.

XXXVIII Edición do Festival de Poesía do Condado

Redacción



Foto: facebook da SCD Condado

Chega o mes de setembro e como sempre, desde hai case catro décadas, chega ao recinto amurallado de Salvaterra unha nova edición do marabilloso Festival de Poesía do Condado. Este é un festival organizado pola SCD Condado, e neste 2026 alcanza a súa trixésimo oitava edición, que se celebrará os próximos 4 e 5 de setembro. Creo que xa contei nalgunha ocasión que nunha conversa coa pintora de Baiona Irene

ne Silva, preguntábamonos como era posible que neste espantoso contexto de agresións sistémicas á cultura e á lingua galega, estas puidieran aínda estar vivas, e ás veces brillar como brilla a máis intensa das estrelas. Irene díxome que na súa opinión, ao longo deste país existían unha serie de persoas dun mérito extraordinario, que co seu esforzo, altruísmo e entrega comprometida e solidaria facían posible que a nosa cultura siga a pelexar contra os xigantes, na procura desas 1.000 primaveras máis para a lingua galega que cantou o mestre Cunqueiro.

Sen dúbida as persoas da Sociedade Cultural e Recreativa do Condado están entre eses seres humanos de mérito extraordinario que co seu esforzo, talento e altruísmo, fan posible que xurdan eventos tan enormes como o festival de poesía, que manteñen con vida á lingua e á cultura de Galicia. Todo iso malia

nefasta política cultural da Xunta de Galicia, e o sectarismo endémico de todas as administracións do Partido Popular que lles leva a negarlle o pan e o sal a festivais como este, comprometidos coa realidade social e sensibles ao sufrimento de outros e de outras, pero a darlle o ouro e o mouro a outro tipo de eventos máis folcloristas, e puramente estéticos, que carecen do máis mínimo compromiso cos seus semellantes, e en nada molestan aos poderosos. Este ano o festival tivo que recorrer a unha campaña de micro financiamento co gallo de obter os recursos necesarios para que se puidera celebrar. A sociedade civil respondeu moi ben, e afortunadamente de novo volveremos gozar cunha nova edición do evento. O Festival de Poesía molesta. E molesta porque quen o fai, a SCD do Condado, son persoas decentes que teñen a valentía de sinalar publicamente á inxustiza e aos abusos.

O Festival de poesía molesta, molesta aos que mandan e aos que miran a outro lado ante a inxustiza e os abusos. E a nós o Festival de Poesía do Condado encántanos.

Agardo que as persoas máis novas, comprometidas e lúcidas, de Salvaterra e da comarca do Condado poidan achegarse e colaborar coa organización para poder lograr que a continuidade no tempo do festival estea asegurada.





LEIRAUTO

TALLER

Talleres Leirauto S.L.L. 

MECÁNICA EN GENERAL

986 657 255 **CAMBIO DE LUNAS**

648 606 300 **MANTENIMIENTO**

leirauto@gmail.com **NEUMÁTICOS**

San Roque 5B 36457 **PRE ITV ...**

Leirado - Salvaterra

Joyería - Relojería

SANTATERESA



C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA

Teléfono: 886 155 560

Mail: santatareixa@hotmail.com

asesoría terra

"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"



asesoría terra

Rúa Rosalía de Castro, 107 - Baixo



Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos da Ribeira

A vida dun paxariño caído

opinión

Había unha vez, na miña terra galega, un paxariño pequeno, tan pequeno que cabía na palma da man. Nacera dun niño agochado entre as pólas dunha árbore, na miña aldea de Fornelos da Ribeira, onde o vento sabía o nome de cada pedra e o río Tea cantaba de noite.

O paxariño tiña fame de ceo e, mentres os seus irmáns durmían acurrunchados, el miraba cara arriba, cara ás nubes que pasaban lentas coma as ovellas brancas nos miserables tempos da fame e da miseria. A nai traíalles vermes, calor e cancións, pero el soñaba con voar antes de tempo.

Un día, quizais por orgullo, quizais por curiosidade, achegouse demasiado á beira do niño. O mundo viuño caer e caer entre follas secas e silveiras, cun golpe que para el foi coma un trebón. Quedou tremendo no chan, cos ollos abertos de medo, escoitando os sons da

terra: as formigas traballando, os cans ao lonxe e o machado dun home rachando leña.

O niño quedaba alto. A nai voaba arredor del, desesperada, sen saber como devolvelo ás alturas. O paxariño piaba baixiño, non tanto de dor senón de soidade. Pasou o día e tamén a noite. A Lúa mirouno coma unha avoa. O orballo molloulle as ás e pensou que quizais nunca volvería voar.

Pero a vida, ás veces, ten corazón de campesiña pobre, mais agocha tenrura nas mans. Á mañá seguinte apareceu unha nena descalza, cun cesto de vimbio e os ollos limpos. Escoitou o seu piar entre os toxos e colleuno con coidado.

—Ai, pobriño! —murmurou.

Levouno para o eido, deulle migallas molladas en leite, púxo o preto da lareira e fáloulle coma se falase cun irmán pequeno.

Os días pasaron e o paxariño foi medrando. As ás enchéronse de forza. Xa saltaba polos ombreiros da nena. Ás veces miraba cara aos campos e sentía dentro del unha chamada fonda.

Ata que chegou a primavera e a nena abriu as mans. Comprende o que debía facer.

—Vaite —dixo, cos ollos brillantes de tristura.

Os paxariños non nacen para estar nunha gaiola.

O paxariño dubidou un intre e logo bateu as ás e voou... Primeiro baixo, inseguro; logo máis alto, máis libre, máis seu.

Dise que, dende entón, cada primavera un paxaro pequeno vén pousarse no peitoril da fiestra. Non lle ten medo á nena, xa feita muller. Ela sorri e deixa unhas migallas de pan para que non teña que buscalas no chan.

Na aldea de Fornelos da Ribeira, onde os invernos son longos e as campás da Igrexa de San Xoán soan como voces antigas perdidas na néboa, está a Carballeira das Fraguíñas, centro neuráxico da parroquia. Os máis vellos do lugar dicían que aquelas árbores xa estaban alí cando os franceses pasaran por estas terras e que nas súas pólas fixeran niño os paxaros de todas as primaveras do mundo.

Nunha das pólas máis altas naceu o paxariño caído. Era pequeno e fráxil, cuberto apenas por unha penuxe gris que o facía parecer un anaco de nube. Os seus irmáns durmían tranquilos, sempre pegados á calor da nai, pero el tiña algo diferente nos ollos: unha curiosidade fonda, unha inqueda que non o deixaba quedar quieto.

Miraba o ceo. Miraba as andoriñas corlando o aire. Miraba ao lonxe...

A nai contáballes historias mentres os

alimentaba:

—O mundo é grande e fermoso, pero tamén ten vento, chuvia e sombras perigosas.

Mais o pequeno paxariño apenas escoitaba. O seu corazón latía demasiado rápido para quedar quieto no niño.

Un serán deste mes no que estamos, mentres o sol se deitaba detrás dos piñeiros e todo arrecendía a herba húmida, o paxariño achegouse demasiado á beira. Quixo probar as ás, quixo ser vento antes de tempo... e caeu.

Non foi unha caída longa, pero para el foi unha eternidade. O aire xirou arredor do seu pequeno corpo, as pólas golpearono, o medo entroulle nos ósos e, finalmente, acabou no chan, entre follas secas, silveiras e pedras molladas.

¡Durante un intre quedou inmóbil. O mundo, visto dende abaixo, era terrible. As herbas parecían bosques, as formigas monstros negros e o ruído da noite resultaba ameazador. Arriba, moi arriba, vía o niño balanceándose co vento.

Piou o paxariño chamando pola nai. Ela apareceu axiña, voando arredor del, angustiada e desesperada. Baixaba, subía, volvía baixar e non podía erguelo.

A natureza, ás veces, é así de cruel:

Ensina a voar deixando caer.

E chegou a noite. A Lúa cubriu a parroquia cunha luz azulada e fría. O paxariño tremía de fame e de medo. Pensou que aquel sería o seu final. Sentíase abandonado.

Pero naquela noite pasou algo...

A nena escoitou o seu piar mentres volvía da fonte. Era unha nena pobre. Vivía coa avoa nun eido de pedra, onde o frío entraba polas fendas das fiestras.

Detívose. Escoitou outra vez e, apartan-

do os toxos, atopouno.

—Meu santiño! —murmurou—. Que fas aí tan só?

A nena colleuno entre as mans con tanta delicadeza que o paxariño deixou de tremar. Sentiu calor e protección.

Levouno para a casa. A avoa, sentada preto do lume, mirou para el e sorriu coa sabedoría dos vellos.

—Os paxariños caídos traen tristura, pero tamén esperanza.

Lémbrome eu tamén de cando lle fixen un niño cun pano vello e herbas secas a un merliño, alimentándoo con migallas de pan molladas en leite e algunhas miñocas recollidas da horta, nunha primavera de chuvia fina e persistente, aló polo ano corenta da nosa triste historia.

Era unha mañá de primavera cando o sol douraba os campos e o río Tea baixaba brillante. O merlo bateu as ás unha e outra vez e voou rozando apenas o aire. Logo deu unha volta arredor de min, coma se estivese dicíndome adeus...

Que conste que chorei, porque entendín algo que só comprenden os corazóns bos:

Non todo o que se ama está feito para quedarse.

Pois ben, dende aquela, cada primavera un paxariño chega á fiestra do eido de Cambra, pousa no peitoril e canta unha e outra vez cara ao ceo aberto.

A nena, hoxe xa muller, segue deixando unhas migallas de pan por se o amigo paxariño regresa.

E eu, agradecido por ter formado parte dese amor, sei que certas amizades nunca aprenden a marchar de todo.

Esta é unha máis das tantas historias gardadas entre as néboas e os camiños da nosa terra.

audífonos **escoita**®

PRUÉBALOS **GRATIS**

escoita.gal

Vigo | Ourense | Redondela | Porriño
Ponteareas | Tui | Tomiño | Salceda C. | Allariz

900 525 754 | escoita.gal
tel.: gratuito

MENTA POLEO
arte en flor

Servicio 24horas.

+34 629 505 958 | +34 986 659 288
Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño
info@mentapoleoartenflor.com
www.mentapoleoartenflor.com

GALIPOR

GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES, S.L.

SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA

Polígono Chan da Ponte P 14
36450 Salvaterra de Miño
986 658 257

Milana bonita

Que alegría e que desgusto

opinión



Montse Fajardo, xornalista

Perdoen que a milana bonita non retorne con optimismo nin sendo agosto, pero é que nos últimos tempos a actualidade vén de ser, polo menos para quen se sitúa claramente na esquerda, como eses sketches humorísticos que se escoitan na radio líder estatal nas tardes de inverno onde unha alegría acaba sempre convertida nun desgusto. As últimas enquisas aseguran que Galiza vai en clara contracorrente e o PP podería perder a súa maioría, que alegría, mais a chave de gobernabilidade estaría en mans de Democracia Ourensana así que a dereita se-

guiría, malia o importante avance do BNG, gobernando na Xunta, que desgusto.

As cifras din que, malia non acadar a media estatal, a nosa economía crece, que alegría, e porén o último informe do Consello Económico e Social advirte que cada vez é maior a porcentaxe de poboación que está en risco de pobreza e ata de exclusión, que desgusto. O documento constata unha vez máis a feminización da pobreza, e a especial situación de vulnerabilidade que teñen os fogares monoparentais, moi comunmente encabezados por nais, e porén é cada vez maior a porcentaxe de poboación que entende que as mulleres xa conseguimos a igualdade en todo, e que temos que deixar de dar a turra co feminismo. Se ata hai unha muller ocupando a alcaldía da Coruña! Esa cidade que acolleu a presentación do informe do Foro Económico de Galicia, un organismo moi paritario onde un comité executivo composto por sete varóns traballou a reo para conseguir que algunha muller escribira no informe, que alegría, mais só atoparon unha, que desgusto, e mira que só no comité de membros natos xa tiñan unha vintena de compañeiras. A alcaldesa Inés Rey non acreditou no esforzo e afeoulles a porcentaxe pero axiña lle rebateron que a culpa era nosa que nunca queremos participar nestas cousas, sen pensar que igual non o facemos, precisamente, porque cada vez que opinamos sobre algo se nos cuestiona, como quedou patente alí mesmo.

O caso é que tamén o Foro constata a boa marcha da economía galega, que alegría, pero o ascenso non evita que a maior parte da poboación chegue afogada a fin de mes, que desgusto, debido sobre todo á sangría que supón afrontar o custo mensual da vivenda para quen non a ten en

propiedade. Segundo o CES, unha de cada tres persoas que vive en aluguer está en risco de pobreza. E xa teñen esta consideración máis da metade das persoas estranxeiras que viven no noso territorio. Así que a alegría de formar parte dun Estado solidario que regulariza a situación de quen chegou doutras latitudes para vivir, traballar e cotizar coma nós convértese tamén en desgusto ao ver as condicións en que teñen que afrontar o seu día a día. Pero iso non varía o relato dos das paguitas, xa saben, eses que viven na alegría de non ter cobrado por nada que non fose un cargo político, pero que usan o seu escano para falar do desgusto que lles provoca que se empreguen en mellorar a vida da xente os cartos das administracións, malia que outro informe, o de FOESSA sobre exclusión e desenvolvemento social, advirte que se as cifras de pobreza non son aínda máis altas é grazas ao soporte que supoñen as pensións e as políticas sociais, é dicir, grazas ao Estado de Benestar que algúns queren reducir ata a expiración. E non nos enganemos, as axudas xa non son só para persoas sen fogar ou que acaban de chegar ás nosas costas en botes ou barcasas, son para familias que viven ao noso lado pero que non teñen soldo dabondo para facer fronte a un teito e á luz que lle garanta calor en inverno e fresquiño en verán, ao tempo que as compañías baten novos récords de beneficios: Repsol triplicou os seus no primeiro semestre deste ano acadando os 2.201 millóns de euros a costa, entre outros factores, da sangría que supoñen para a clase traballadora e as pequenas empresas as súas facturas. Así que, á alegría de bater un novo récord de emprego con 22,7 millóns de persoas ocupadas e a histórica redución ao 10 por cento da taxa de paro no Estado lle segue

o desgusto de que moita desa xente traballadora non chega a fin de mes por moito que traballe, e enferma de ansiedade e fatiga, mentres quen pretende gobernalo di desde unha festa dos Sanfermines, ben afastada do seu escano no Parlamento, que hai que ser moi vago para non ir ao choio. E fala de cancro para que o escoite desde a súa Galiza natal unha persoa que leva dous meses agardando por unha consulta logo de que lle atoparan un tumor nunha revisión xinecolóxica retrasada dous anos.

Todo indica que el será o novo presidente do goberno estatal a costa dun PSOE atufado de corrupción. E é unha alegría que a sociedade sexa intolerante contra os casos que rodean ao executivo socialista mais desgusta que a aposta sexa polo único partido condenado, precisamente, por corrupción e que con case toda probabilidade vai gobernar coa ultradereita. Sempre chove na casa do pobre. Cando parecía que a memoria era xa imparábel e cada vez era maior o alumnado das universidades galegas que a escolían como temáticas de TFG e ata doutorados, volve o aguiucho a poboar balcóns e xente moza, e non tan moza, a deber por unha ditadura da que, na maior parte dos casos descoñecen case todo. E a alegría de que na Galiza esteamos libres de cargos do partido na extrema dos reaccionarios, contraponse co temor a que axiña tomen decisións para o conxunto do Estado e expandan o cambio de bombeiros por toureiros e as trolas que negan o cambio climático e falan de leis que prohiben coardar os nosos montes e ata de láseres que os queiman nunha nova conspiración xudeo-masónica, nun perigoso relato que non deixa oco algún para a alegría pero si para a loita. Seguimos!

AGROPARAÑOS

- Piensos en xeral
- Plásticos e mallas
- Cereais
- Ferretería
- Abonos / Sulfatos
- Patacas
- Sementes e plantas
- Venda de polos e galiñas
- Viña, horta e froitas

SERVICIO A DOMICILIO
664 414 191
PARAÑOS, 3. COVELO

LA PARADA
24 horas

Cafetería La Parada 24H
Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

GASOLINERA 24h
Tienda conveniencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes

Taller Salco (9-13:30/15-19)

INSTALACIONES AS NEVES

FONTANERÍA - CALEFACCIÓN Y GAS
MANUEL NÚÑEZ ÁLVAREZ
986 667 012 | 608 884 729
C/ Cruceiro, 11 Bajo 3. 36440 AS NEVES

SERFIS
ASESORÍA e XESTIÓN

Miguel A. Domínguez Alfonso
Fiscal - Laboral - Contable - Inmobiliaria

miguel@serfisasesoria.com
www.serfisasesoria.com
986 663 019
Rúa Antonio Facorro, 16 | 36880 A Cañiza | Pontevedra

O PP da Caniza responsabiliza ao alcalde da “errática estratexia e errados investimentos” no abastecemento de auga e culpao de ter ao Concello con fortes restricións

Os populares denunciaron a construción de tres pozos “inservibles” nestes anos e a falta de mantemento do depósito que posiblemente fora a causante do vaciado, polo que lamentan que Luis Piña tratara de agochar a súa incompetencia nunha falsa sabotaxe da rede

A voceira municipal, Pilar Vicente, esixe responsabilidades e explicacións ao rexedor e que aclare se todo forma parte dun proceso para privatizar o servizo co conseguinte aumento das taxas

A Cañiza

O grupo municipal do PP da Caniza vén de responsabilizar ao alcalde, Luis Piña, de despreñar unha “errática estratexia e errados investimentos” nas infraestruturas de abastecemento de auga que teñen derivado en fortes problemas de subministración, agravados pola falta dun plan para solucionar esta situación con urxencia, e de ter a todo o concello con fortes restricións no consumo dun servizo básico.

Os populares denunciaron que as políticas do goberno socialista para tentar mellorar o abastecemento tiveron o efecto contrario pola súa incompetencia, xa que nestes anos construíronse tres pozos para tratar de reforzar o servizo, “pero obviamente non se fixeron coas garantías e os estudos axeitados, posto que a realidade é que, despois de realizar investimentos nesta materia, estamos na peor situación da historia”, segundo detallou a voceira municipal, Pilar Vicente.

A concelleira do PP engadía que, dado que os novos sistemas non funcionaban, procedeuse a un trasvase de auga desde as antigas infraestruturas e esta situa-

ción, sumada á falta de mantemento da rede e do depósito municipal, provocaron o vaciado de tres millón de litros en apenas tres días pola falta de reposición. Así mesmo, tamén concretou que a colocación de caudalímetros agravou o problema malia que se lle advertíu dos seus efectos prexudiciais para o servizo.

E para colmo, a edil arremeteu contra a postura do alcalde de tratar de agochar a súa incompetencia en todo o tema do abastecemento facendo ver que a perda dos citados 3.000 metros cúbicos de auga se puido deber a unha falsa sabotaxe e incluso recurriu para elo a unha investigación das forzas de seguridade. “Estamos ante unha situación esperpéntica que causa graves prexuízos aos veciños e fronte á que o alcalde, en vez de dar explicacións e ofrecer solucións, optou por mentirlle á xente”, sinalou, antes de lembrar que os servizos técnicos non detectaron nin fugas nin roturas nin avarías que xustificasen a perda de auga, producido exclusivamente polo consumo e a falta de reposición causada “pola desfeita de infraestruturas artelladas estes anos polo goberno socialista”.

Por iso, Pilar Vicente esíxelle a Luis Piña que asuma as súas responsabilidades e dea explicación, principalmente no que se refire ás solucións, xa que considera que non é viable funcionar cunha achega diaria de 100.000 litros a través de cisternas e tampouco que non haxa ningunha posibilidade de recuperar a

normalidade alomenos durante un mes. Finalmente, tamén lle pediu ao rexedor que aclare se todo este problema xerado pola súa xestión non vai acabar derivado nun proceso de privatización de abastecemento de auga que remataría no conseguinte aumento das taxas que pagan os canicenses.

O Museo da Ciencia do Viño de Salvaterra conta cunha impresora en braille e cun sistema de bucles magnéticos para fomentar a accesibilidade

Ponteareas

O Concello de Salvaterra de Miño, xunto coa Deputación de Pontevedra, instalou dous equipos que supoñen unha mellora na accesibilidade aos contidos deste espazo museístico. Trátase dunha actuación da Deputación de Pontevedra enmarcada dentro do proxecto Visit Río Minho Plus, como socio do programa.

Visit Río Minho Plus é un proxecto para consolidar a marca Río Minho e crear novos produtos turísticos transfronteirizos. Visit Río Minho Plus está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. Trátase dun proxecto global de desenvolvemento a través do turismo. Propón artellar unha oferta baseada en experiencias innovadoras e singulares asentadas no seu patrimonio natural, histórico e gastronómico como elemento diferenciador de identidade e posicionamento, e no que os concellos de Tui e Salvaterra de Miño participan como socios directos.

Estes dispositivos consisten nunha impresora en braille que permitirá ás persoas visitantes con problemas de visión acceder á información relativa aos contidos do museo e nun bucle de indución magnética, unha fe-

rramenta que facilita a comunicación entre o persoal do museo e as persoas con problemas de audición.

A implantación destes dous sistemas xorde da necesidade de facer das nosas institucións espazos máis amables e inclusivos para as persoas con diversidade funcional, unha aposta pola que o Museo da Ciencia do Viño vén traballando desde a súa fundación.

Desde a súa inauguración, trátase dun museo altamente interactivo, sensorial e accesible para as persoas con mobilidade reducida.

Este compromiso cunha maior accesibilidade tamén se reflicte como un dos eixes do Plan de Mellora do museo, un elemento clave para a renovación anual da distinción “Q de Calidade Turística”, outorgada desde o ano 2020 ao Espazo Público Singular da Fortaleza de Salvaterra. Esta certificación acredita non só o cumprimento dos requisitos

técnicos establecidos pola norma correspondente, senón tamén a prestación dun servizo que é sinónimo de calidade, compromiso e profesionalidade, co obxectivo de garantir ás persoas visitantes a mellor experiencia turística posible.



arquitectura | gestión | urbanismo

Marqués de Viana 12 - Bajo
SALVATERRA DE MIÑO

+34 886 663 033 | info@espacioarq.es | espacioarq.es



BAR LA PALMA
En Leirado - Salvaterra



Ferretería Bazar

Materiales de construcción

Mondariz

Avenida del Val, 1 36870 - Mondariz

986 656 002



Ferretería Alpe, s.l.

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN EN GENERAL

Tel.: 986 65 64 66 - MONDARIZ

Friki Mania, o universo friki en pleno corazón de Vigo

“Cando o cliente adquire algún produto da miña tenda en moitas ocasións é para evocar os momentos felices da súa infancia”

Iván Alonso, propietario

No mesmo centro de Vigo, na rúa Rolda de Don Bosco número 36, está unha tenda enormemente orixinal: Friki Manía. Eles son o paraíso para todos os fans das series televisivas de culto nos anos 80 e 90 do século pasado, para os fanáticos do anime, dos vídeo xogos e das películas clásicas cuxos efectos especiais se facían de maneira artesanal cando a imaxinación humana aínda non fora substituída pola intelixencia artificial.

O meu camiño e o seu cruzáronse de casualidade hai poucas semanas, e non puideron resistir a tentación de conversar con eles para coñecelos un pouco mellor. Velaí vai o que deu de si a miña conversa con Iván, o propietario da tenda, un tipo agradable, bo conversador e unha auténtica enciclopedia vivinte sobre o universo que podemos atopar no seu negocio.

Queremos coñecer un pouco mellor, Iván

Ben, pois eu son de Vigo, nacín na zona de Hispanidade e teño 37 anos.

Que fixeches na túa vida ata chegar a Friki Manía?

Comecei a traballar moi pronto, xusto despois do bacharelato, porque na nosa casa facían falla os cartos. Entón inicialmente traballei como zapateiro.

Vaia, zapateiro. Ti fuches orixinal xa desde os teus comezos

Ha, ha, ha, ha..Pódese dicir que si. Digamos que por un contacto na familia, tiveron a oportunidade de probar e gustoume. Comecei nunha pequena zapatería de barrio e logo fun a unha franquía importante, ata que me decidín a montar a miña propia tenda.

O negocio baixou substancialmente, tiña que traballar moito tempo para sa-

car moi pouco beneficio. Entón decidín cambiar de sector e traballei nunha fábrica, pero...

Non me digas máis: picouche o verme da creatividade

Tal cal, así foi..Eu son unha persoa moi creativa, e sentía que algo faltaba na miña vida. Entón merquei unhas máquinas 3D e comecei a facer cousas na casa. No 2023 suxeríronme asistir a unha feira Friki que se fai no IFEVI e levei cousas das que eu facía.

Que é para ti o “fiki”?

Para min, ser friki é ser fan de algo que se aparte do que é puramente convencional: películas, anime, vídeo xogos...

Ti es friki de algo?

Si, claro. Son fan de moitas cousas. Por exemplo son especialmente friki da serie de TV “Breaking bad”.

Como foi esa primeira feira friki á



que fuches?

Foi moi ben, vendín moito. O noso posto gustou á maioría dos visitantes, e xa me foi moito máis fácil asistir á segunda edición. Despois tamén asistín á GFF, outra feira friki que se fai na praza elíptica. Entón me animei a ver locais. Encontrei este e encantoume pois ten todos os espazos que necesito, tanto para traballar como para vender. Abrín a tenda en novembro do 2024.

Cantas persoas traballades aquí?

Dúas, teño un empregado.

Que vendedes?

Unha variedade moi ampla de produtos relacionados coa cultura friki: Bustos, figuras, dioramas, lámpadas, todo tipo de filamentos....

Traballas por encargo?

Si, e é algo que me gusta moito. Calquera cliente pode encargarme a figura que lle guste, e para min será un pracer pór o mellor de min mesmo para que quede satisfeito

Algún encargo que che fixera especial ilusión?

Pois si, agora mesmo estou facendo un

encargo dun neno que lle quere agasallar ao seu pai a figura de Iago Aspas celebrando un gol, que penso que vai quedar moi bonito.

Observo que vendes catanas. Non son perigosas?

Non, non son perigosas porque nin están afiadas nin se poden afiar. Son de atrezzo. Véndoas fundamentalmente para disfraces. Teño moitos clientes aos que lles gusta disfrazarse do seu personaxe favorito.

Iso semella un pouco friki, non?

Ha, ha, ha, ha.. pois iso, velaí tes o friki: a nosa propia esencia.

Levas algo máis de ano e medio coa tenda aberta. Como valoras este tempo?

Valóroo moi positivamente. Traballo moito e todo está carísimo, pero estou vendo resultados positivos o que é moi gratificante.

Compensa ter a tenda aberta, Iván?

Si, si que compensa. Aínda que nós tamén temos unha liña aberta de venda on line a través de ETSY, unha plataforma para a venda de artesanía.

TOQUÍS

ZAPATERIA

Rúa Marqués de Viana Nº14
Salvaterra de Miño

EnoVít
LABORATORIO ENOLÓGICO Y VITICULTURA

Rosalía de Castro, 76 Bajo
36450 Salvaterra de Miño
Telf.: 986 65 90 33
Móvil: 676 450 438 - 636 649 232

enovit@enovit.es
www.enovit.es

Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Senén Canido, 4 PONTEAREAS

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Este é o negocio da túa vida?

Estou moi satisfeito co que fago actualmente, pero non podo saber que pasará no futuro. Esa pregunta só a pode responder o paso do tempo.

Que tipo de perfil de clientes tes?

Temos perfís moi variados. Se cadra o máis numeroso está composto por persoas que están entre os 30 e os 40 anos.

Por que motivo?

Eu creo que é a xeración na que o friki estivo en parámetros máis elevados e que viviu o auxo dos vídeo xogos. E en moitas ocasións adquirir figuras ou coleccións antigas serven para evocar os momentos felices da infancia. Agora mesmo, coa intelixencia artificial, todo está un pouco máis refrito. Nestes tempos a orixinalidade propia da imaxinación humana está en decadencia.

A conexión coas emocións da infancia é o factor esencial?

Non sei se o esencial, pero estou absolutamente seguro de que si é tremendamente importante no noso mundo.

Terminamos Iván: O prezo dos produtos que vendes está ao alcance de calquera peto?

Si, claramente si. O que vendemos nós está ao alcance de todos os petos. Aquí podes adquirir cousas realmente bonitas desde tan só 5€.

A intervención arqueolóxica no cemiterio de Chan da Ponte permite localizar uns restos pendentes de identificación

Salvaterra de Miño



Exhumación Chan da Ponte

A intervención arqueolóxica desenvolvida entre os días 27 e 31 de xullo no cemiterio municipal de Chan da Ponte permitiu localizar un enterramento con restos óseos que poderían corresponder a unha das persoas cuxa localización se perseguía nesta actua-

ción. Os traballos, promovidos pola Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica de Miño, Condado de Louriña e o Concello de Salvaterra de Miño, foron executados pola empresa Breogán Arqueoloxía e financiados pola Secretaría de Estado de Memoria Democrática a través da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

A actuación tiña como obxectivo a

procura dos restos de Bernardo Bernárdez e Delfín Rey, asasinados en xullo e decembro de 1936, respectivamente, así como dunha terceira vítima de identidade descoñecida, atopada en estado de descomposición na beira do río Miño en xaneiro de 1937.

A escavación centrouse no antigo cemiterio civil, nunha superficie duns 30 metros cadrados situada na parte traseira do cemiterio vello e na contorna da antiga casa de autopsias. Como resultado da intervención localizouse un único enterramento, correspondente a un cadaleito que contiña os restos óseos dunha persoa aínda sen identificar.

No momento da exhumación, o médico e antropólogo forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), Fernando Serrulla, realizou unha primeira valoración dos restos, concluíndo que poderían corresponder a un varón duns 50 anos con aparentes signos de traumatismo violento no

cranio. Polas características observadas, non se descarta que poidan corresponder a Delfín Rey, ao ser a única das persoas procuradas cuxa idade e características físicas resultarían compatibles cos restos localizados.

A identificación definitiva dependerá agora dos resultados do estudo antropológico-forense e das análises xenéticas, xa en marcha, que permitirán determinar nos vindeiros meses a identidade da persoa exhumada.

O Concello de Salvaterra de Miño agradece o traballo desenvolvido por todas as persoas e entidades implicadas nesta intervención, que supón un novo avance no coñecemento da historia local.



O CHIRINGUITO DA AVOA

DE MIÉRCOLES A DOMINGO!
DE 10:00 A 00:00

649 610 045
986 651 399

O CHIRINGUITO DA AVOA
@ochiriquitodaavoa

C/ PROGRESO, 86 BAJO 36880 A CAÑIZA (PONTEVEDRA)



COMERCIAL Carrera

Xinzo, 1-Sobral
Ponteareas

986 641 439
609 490 331

Todo en baño y cocina

WWW.comercialcarrera.com
info@comercialcarrera.com

TAPICERÍA SAN ROQUE

650 44 00 57

C/ Moscadeira Nº5. PONTEAREAS

TALLERES LAMAS

José Luis Lamas Pérez

Servicio Oficial
PASQUALI Y BARBIERI

MEDER - SALVATERRA
Teléfono/Fax: 986 657 247
tallereslamasss@gmail.com

* MECANICA
* CHAPA
* PINTURA

AUTO-TALLER

ad

O BNG de Forcarei sen límites

“Forcarei xa está cansado da polarización entre o PP e o PSOE e precisa a seriedade e o rigor do BNG”

Roberto Jorge Correa, voceiro do BNG de Forcarei

Forcarei foi un dos concellos nos que o PP se aproveitou do cambio legal que agora permite utilizar o voto de tráfugas para poder executar mocións de censura, e co voto dun tráfuga do PSOE, que neste momento forma parte do goberno do PP, desenvolveu unha moción de censura que permitiu substituír á alcaldesa socialista Verónica Pichel pola popular Belén Cachafeiro.

Forcarei xa leva moito tempo polarizado e tremendamente crispado. Parece que se non es identificado con claridade por parte dun dos dous partidos maioritarios como simpatizante, es un inimigo. E fronte a esa perigosa polarización que chega a enfrontar veciños, Roberto candidato do BNG, reivindica a seriedade e o rigor desta forza política e aposta por un proxecto integrador ao servizo da veciñanza.

O BNG de Forcarei non se pon ningún tipo de límite e convida á veciñanza a que dirixan a súa mirada a esta forza política firmemente chantada na realidade social do pobo galego.

Entramos no último ano do actual mandato. Un mandato que se pode cualificar de calquera maneira menos de aburrido?

Si, foi un mandato moi movido e ateigado se sorpresas.

Eu destacaría dous feitos politicamente relevantes dos que quero coñecer a túa opinión: O voso abandono do goberno?

O noso abandono do goberno non foi motivado por ningún motivo concreto. Produciuse por mor dunha serie de feitos, ao longo de mandato e medio no que apoiamos á alcaldesa Verónica Pichel, que fixeron imposible que puidésemos seguir traballando xuntos. Basicamente o PSOE incumpriu absolutamente todos os acordos de goberno que pactara con nós. Non cumpriu nin a primeira coma

do pacto de goberno. Non houbo nin cesión de competencias, nin asignación de áreas nin orzamentos. Considero que o BNG tivo paciencia de abondo e aguan-



Roberto Jorge Correa

tou bastante máis do que debiera antes de saírmos do goberno.

Cres que nin había vontade real de colaboración?

Non, non a había. Estiveron tomándonos o pelo. E para nós ter palabra na política e na vida é esencial.

A responsabilidade é de Verónica Pichel?

Ben, eu creo que a xestión do grupo municipal socialista foi nefasta en liñas xerais. Eu creo que quen debe asumir

responsabilidades é Paula Fernández, a coordinadora provincial socialista e alcaldesa de Silleda, porque ese modus operandi repítese no funcionamento de distintos grupos municipais socialistas na contorna.

A segunda cuestión pola que che quero preguntar é obviamente a moción de censura?

Deuse polos problemas internos do PSOE. Eles mesmos xestionaron fatal o seu grupo ofrecéndolle o número dous a unha persoa, para nada máis gañar a alcaldía pasalo a número tres.

Esa persoa foi a que exerceu transfuguismo político e votou a favor do cambio de goberno na moción de censura?

Si, Rafael Fiestras. Quero deixar claro que o BNG votou en contra da moción de censura, e se esta prosperou foi unicamente polo cambio do sentido do voto dunha persoa que se presentou na lista do PSOE e que agora está no goberno do PP.

Pero Rafael foi expulsado do grupo municipal do PSOE, non é que o abandonara el, verdade?



**OFICINA
ARAUJO**

**SEGUROS Y GESTIONES
TELF. 680619475**

**C/Raiña Dª Urraca, 3- bajo
SALVATERRA DE MIÑO**

SERMIÑO
SEAT
Experiencia 5
Toda una vida mimando tu auto...solo podemos decir:
GRACIASSSSSSSSS...!!!

Rúa Rosalía de Castro, 21
Salvaterra de Miño
Telf.: 986 65 82 00



Distribuidor Oficial para:
**CALEFACCION,
INDUSTRIA y
AUTOMOCION**

**SERVICIO
A DOMICILIO**



Tel. 986 66 13 90
C/. Real, s/n. - bajo
Tel. y Fax 986 66 13 89
36860 PUENTEAREAS

Tel. 986 61 43 61
C/. Rosalía de Castro, 3
Tel. y Fax 986 61 43 12
36780 LA GUARDIA

**Agrícola
“A Sementeira”**
PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
Telfs: 986 65 93 94 - 606 7450 09
Rúa Galicia 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

**DON
KEBAB**
Paseo Matutino , 17 (Ponteareas) Telf.: 651 076 375

Si, foi expulsado nada máis comezar o mandato despois de que votara en contra das propostas socialistas no pleno de organización. Pero hai un dato que penso debemos ter en conta, e é que naquel momento a lei non permitía contar co voto de tráfugas para promover mocións de censura. Logo a lei mudou e agora si se pode facer.

Aínda que a lei naquel momento lles favorecera eu non comparto en absoluto que, nunha situación tan xusta(6-5), se vaia a unha situación de conflito que deixa ao goberno nunha situación de minoría.

Como valoras os anos de mandato coa alcaldía de Verónica Pichel, e como está sendo para o BNG a alcaldía de Belén Cachafeiro?

Os anos de Verónica Pichel foron decepcionantes, non se lle pode por outro cualificativo. A nós non nos deixou facer nada e tratounos como se foramos o adversario en lugar de como a un aliado.

No que respecta á actual alcaldesa a valoración é moi negativa. Trátase do mesmo PP de toda vida. É un goberno escuro, sen alegría e carente dun modelo político que poida abordar cunhas mínimas garantías de éxito os graves problemas estruturais que padece Forcarei.

Explícanos a moción sobre a hostalaría que levastes a pleno?

Trátase dunha moción que intenta dinamizar o consumo na hostalaría local e a socialización e a vida da veciñanza e das persoas que nos visiten, levando actuacións musicais aos locais e ás súas contornas.

Noutros países como Irlanda ou Escocia é algo que se fai de maneira permanente e estou seguro de que en Forcarei funcionaría realmente ben. Todo o mundo gañaría: A hostalaría, a veciñanza e tamén a grande cantidade de músicos locais que fan música de enorme calidade.

Tamén pedides que se dinamice a festa do gaitero de Soutelo?

Si, porque esa é unha festa importantísima do noso pobo que cremos que

se está descoidando dunha forma alarmante.

Nas redes sociais vexo comentarios, ao respecto da política en Forcarei, moi sorprendentes, pois revelan unha crispación moi preocupante. Hai tensión no clima político de Forcarei?

Si, por desgraza si. Hai unha crispación moi elevada causada polo PSOE e polo PP que non ten ningún sentido, e que é moi perigosa pois enfronta aos veciños.

Cal é a opinión do BNG sobre o proxecto de reforma da rúa Dúas Igrexas?

É unha mostra da tendencia que ten a actual alcaldesa de sinalar ás persoas que non identifica como súas.

Pero non entendo: Hai casas non beneficiadas pola reforma desa rúa porque se considera que alí viven persoas que non son do PP?

Eu creo que é obvio. Xa o tiñamos visto noutras obras no pasado.

Sobre as vivendas que se van facer nas antigas casas dos mestres de Forcarei que nos dis?

Digo que me parece incomprendible que as vivendas de Soutelo quedasen fóra e que só se actúe nas de Forcarei.

Por outra parte eu creo que se deberan construír outro tipo de vivendas en solo libre. Esas vivendas nas que se vai actuar son moi difíciles de reformar. Teñen unha escaleira interior e para as


persoas maiores non me parecen moi apropiadas.

Vas ser o candidato do BNG nas municipais do 27?

Si, estou con moitas gañas e ilusión. Temos a percepción de que o noso traballo está chegando de maneira moi positiva á maioría social do noso pobo, e confiamos en que no 27 poidamos dar un salto moi importante en votos e en actas. Forcarei xa está cansado da polarización entre o PP e o PSOE e precisa a seriedade e o rigor do BNG.


Un salto ata o punto de acadar a alcaldía?

Non nos poñemos ningún tipo de límite. Creemos que podemos, sendo realistas, triplicar o número de concelleiros. Logo xa veremos como queda a corpo-



AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

Mecánica, Chapa
y Pintura al Horno
B- 36307866
Tlf.: **986 68 29 08**
667 36 70 41
Pazo, n.º8
36449 Tortoreos
As Neves
talleresneves@gmail.com



Bugarín · Chan, 10
36869 PONTEAREAS
**Facemos Comida
para levar**
986 66 15 19
687 30 98 62



RESTAURATE ATALAYA
Pescados y mariscos,
empanada, caldo gallego,
arroz, ciervo con setas,
ternera gallega, lamprea en
temporada...
Teléfonos
986 66 23 37
986 66 23 35
RAMÓN PEINADOR, N.º23, 36890
MONDARIZ BALNEARIO
Calidad y tradición desde 1988



Abogados Moreno
info@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es
986 410 949 (Vigo) - 986 182 122 (Salvaterra)
Calle Venezuela, 12 1ºE - Vigo Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño



CHICHO
cafeteria
Tèlf. 986 658 349
Rúa Rosalía de Castro, 120 36450 Salvaterra de Miño



Ferretería
Julio Pérez Giraldez
Tele/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julioperezgiraldez@hotmail.com
C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA



Funeraria Porto
SERVICIOS FUNERARIOS
Teléf. y Fax: 986 641 891
Móviles: 608 883 955
649 376 959
PONTEAREAS (Pontevedra)

“Estou absolutamente convencido de que nas municipais do 27 vai haber cambio de goberno en “A Lama”

Carlos Riveiro, xefe da oposición de “A Lama”

A disposición aritmética do Concello de A Lama, 7 concelleiros o PP fronte a 4 o conxunto da oposición, pode levar a engano, pois semella que a vitoria do PP foi esmagadora nas municipais do 23. Pero en realidade a situación sociolóxica do pobo da Lama está moito máis igualada do que parece, xa que son menos de 150 votos os que separaron aos populares da suma dos sufraxios das forzas da oposición. Carlos Riveiro, o principal candidato a disputar a alcaldía ao PP, con garantías de éxito é plenamente consciente desta situación e manifesta nas nosas páxinas que está a traballar con intensidade, e con razoables expectativas de podelo conseguir, para que no 27 as tres forzas que actualmente están na oposición da corporación municipal se presenten unidas. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa.

Antes de entrar a valorar este mandato quería preguntarche pola proposta de fusión entre os Concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes e A Lama que tirou Andrés Díaz, alcalde de Ponte Caldelas. Cal é a túa opinión?

Eu aposto máis por mancomunar servizos que por fusionar os concellos. Pero ollo; ou a situación da Lama mellora substancialmente ou a fusión será inevitable, porque nós non teremos capacidade económica para afrontar os gastos necesarios para que a administración municipal poida funcionar.

A Lama necesita como o comer un goberno que saiba aproveitar as inmensas potencialidades que ten o concello. Pero por desgraza o que ten é un goberno que non goberna,

senón desgoberna. Así temos o triste récord de sermos o segundo concello máis pobre de Galicia.

Xa estamos no último ano de mandato. Como valoras a alcaldía de David Carrera?

Moi decepcionante. Estamos ante un goberno que se preocupa máis de tratar de conservar o poder que de buscar o ben común da veciñanza da Lama.

Por que afirmas iso?

Porque os poucos recursos dos que dispomos gástanos en reformas meramente estéticas, que non beneficiarían en nada á veciñanza, en lugar de atender as graves necesidades estruturais que padece o noso concello.

Podes pór algún exemplo do que ti consideras un gasto puramente estético?



Carlos Riveiro

Pois por exemplo os 300.000€ que se gastan na reforma da rúa Jorge Canda, ou outros tantos que se van meter na rúa da Igrexa, ou os 600.000€ que van meter na humanización da rúa Tosar.

Pero en que cabeza cabe gastar esas cantidades na reforma dun par de rúas, no canto de abordar con decisión e valentía as necesidades máis importantes que ten a veciñanza de A Lama?

Por que non se mellora o saneamento?...Se apenas temos cuberto un 10%..

Por que non se melloran as traídas e as conducións de augas?

Se en moitas ocasións o estado das tubaxes dá pena, verdadeira pena..

Por que non se mellora a atención social ás persoas máis vulnerables do noso concello?

E así poderíamos seguir ata o infinito..A resposta é por desgraza sempre a mesma:É así porque a este goberno só lle importa el mesmo, e non o benestar da veciñanza da Lama. Por ese motivo danlle prioridade

ás cuestións que poden ser esteticamente bonitas, pero que teñen nulo impacto no ben colectivo.

Un mozo ou unha moza que queira construír un proxecto de vida na Lama teno difícil?

Teno terriblemente difícil. Incluso calquera persoa de fóra que queira montar un negocio no noso pobo teno pouco menos que imposible. Na Lama non hai baixos comerciais para alugar e o goberno, por máis que llo indicamos desde a oposición, non fai nada ao respecto.

En relación á transparencia como vai este goberno?

Para o goberno municipal a transparencia non existe. É así de cru pero é así de real.

Que tal Radio Nova?

É unha radio supostamente municipal, pero que en realidade está ao servizo do goberno do PP.

A situación é de tal gravidade que cando Radio Nova fai algunha reportaxe dalgún evento no que estamos algún dos representantes da oposición, borra as nosas fotos. A



Decoraciones Victor
Roberto Rivas
 C/ de la Iglesia, 10
 36820 Ponte Caldelas
 Pontevedra
 roberto@decoracionesvictor.es

986 750 383
609 067 164
www.decoracionesvictor.es



Auga C.B
Beleza e saúde

Pedreira, 7
Baixo
A Lama
986 768 261
augacb@outlook.es



Escola Infantil
PAPAVENTOS
pontecaldeas

- Educación infantil 0-3 anos 100% subvencionada
- SED (Ludo, Deberes): Trades Vacacións
- Plan Madruga e servizo comedor nen@s de 3-12 anos
- Horario 07:30- 20:30

C/ Paseo Cordo Boulosa, 3
 36820 - Pontecaldeas

Tlf: 986 767 520
 E-mail: eipapaventos@hotmail.com

radio municipal é unha cacicada máis. Fíxate: hai pouco fixen un vídeo dunhas veciñas de Antas que foron presuntamente recriminadas polo alcalde. Sabes o que publicou Radio Nova do asunto? Nada, absolutamente nada.

En que situación está o conflito arredor da praza na biblioteca?

Segue xudicializado. O Concello perdeu o xuízo e estamos pendentes do recurso.

Ti pensas que a muller que se sentiu prexudicada porque perdeu a praza, demandou con razón ou sen ela?

Demandou con toda a razón. A adxudicación desa praza eu entendo que foi unha flagrante inxustiza.

Aínda que a situación aritmética pareza moi complicada, O PP ten 7 actas fronte ás 4 da oposición, a realidade é máis parella do que parece. Só hai 143 votos de diferenza entre os acadados polo PP no 23, e os lo-grados polo conxunto da oposición. É realista pensar no cambio de go-berno no 2027?

Estou absolutamente seguro de que o PP vai perder o goberno da Lama nas próximas municipais. É que nos xogamos moito, e se non derrotamos democraticamente ao PP poderíamos ter graves problemas de tipo existencial para o propio Concello.

Cales son ao tu xuízo as principais potencialidade que ten o concello e que habería que explotar para xerar benestar económico ao conxunto da poboación?

Sen dúbida o turismo. Xestionando mellor, e sobre todo formulando un modelo de pobo que permita darlle expectativas de vida e servizos suficientes á veciñanza e ás persoas que puideran ter interese en vivir na Lama, o noso pobo ten todo para ser un lugar moi atractivo para vivir e

no que vivir.

E este goberno non ten modelo de pobo?

Non, lamentablemente o único que fan é xestionar o día a día como poden.

Vaste presentar ás municipais do ano próximo?

Por suposto que si.

A atomización da oposición non fai moi difícil que xurda unha alternativa con opcións realistas de gañar ao PP?

Son plenamente consciente. De feito estamos traballando con intensidade para tratar de solucionar esta situación e intentar que as 3 forzas que agora mesmo constituímos a oposi-

ción no pleno da Lama nos presentemos unidas nas vindeiras municipais.

Se o conseguimos, que máis nos vale ter altura de miras e conseguilo pois nos xogamos algo tan importante como o futuro da Lama, teño a convicción de que no 27 haberá cambio político no noso Concello.

A Deputación de Pontevedra concede unha subvención de 55.049,18 euros ao Concello de Ponte Caldelas con cargo á Liña 2 do Plan Máis Provincia



A subvención destínase a cubrir as facturas de xaneiro e febreiro de 2026 do Contrato de recollida, transporte e xestión de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo.

O gasto dos meses de xaneiro e febreiro ascende a un total de 79.789,14 euros, dos que 55.049,18 euros se aboarán con cargo ao Plan Máis Provincia da Deputación de Pontevedra, concretamente con cargo á Liña 2- gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais.



C/ José Regojo nº 19 Bajo
36800 Redondela

602 64 15 65
986 11 69 41

ALQUILER DE VEHÍCULOS
turismos y furgonetas



AUTOS C. CASTIÑEIRA

886 160 902 • 652 803 013

contacto@autoscasteira.es www.autoscasteira.es
Pazos nº13 A - 36829 - Ponte Caldelas - Pontevedra

Compra • Venta • Alquiler • Taller



Pedreira S.L.
materiales de construcción y ferretería

Disponemos de material para la construcción
Bloques - cementos - colas - aislantes - tuberías sanit - tejas - tarimas
pavimentos - muebles baño - loza sanitaria - mamparas - etc...

Visítenos en
avda. de Racelo s/n. A Lama
pedreiracomercial@gmail.com

608 353 346
986 768 396

DISCO TASCAR



Carnicería y Supermercado Jose Luis



Plaza de Abastos
36830 A Lama

T. 986 768 094 - 699 849 342
aliproxalama@hotmail.com



C/ Jorge Canda, 2 A Lama Telf.: 986 06 52 81

Vigo

Zamáns prepárase para celebrar as festas na honra da Virxe dos Aflixidos

Por G. Figueiredo

A parroquia viguesa máis pequena do municipio, pero non por elo a menos fermosa, Zamáns, volverá vivir en setembro un dos momentos máis agardados do ano: as festas na honra da Virxe dos Aflixidos. Durante os días 4, 5, 6 e 7 de setembro, o Parque Forestal de Zamáns converterase no punto de encontro de veciñas e veciños, familiares, amizades e visitantes doutras parroquias da cidade e das vilas da contorna que se achegarán para desfrutar dunha programación pensada para todas e todos os públicos.

As celebracións combinarán tradición, música, actividades relixiosas e xogos populares mantendo ese carácter tan especial que teñen estas festas para a parroquia. Unha cita que cada ano serve tamén como punto de encontro para reencontros, de cheiro a cordeiro, marisco, polbo, viño do país e de celebración dunha tradición que supera xa os setenta anos de historia e para despedir o verán antes da volta á rutina.

Seis meses de eventos para financiar a festa.

Aínda que este ano a comisión, composta de nove persoas, seis homes e tres mulleres e capitaneada outro ano máis por Cristófer carreira Vila, non colleron as rendas da festa ata a primavera deste 2026, esta puxo en marcha unha intensa programación anual para sufragar os gastos dos catro días de festa. O Bar da Comisión, aberto en fins de semana e en festivos, foi o epicentro da actividade, xunto coa concesión do aparcadoiro da Feira de San Cosme tres domingos ao mes.

Entre os eventos organizados destacan:

Os Bingos eróticos, con gran éxito entre o público adulto. Festas con DJs, traendo un repertorio amplo e moi coñecido na zona: Ales G, Piti, Rami, Fercho, Broket, Siana, DJ Sombrero ou Chris Geath, entre outros. Torneo de Petanca, que este ano reuniu entre

200 participantes, converténdose nun dos eventos máis multitudinarios. Festa do Motor. Festas infantís con inchables e mesmo unha deslizadeira de auga para os máis pequenos e a celebración do San Mamede, patrón da parroquia, con grupos locais como Abeleira e Xinela.

A comisión destaca "O noso punto forte é a mocidade e as noites", comentan, lembrando que desde a inauguración da comisión o 11 de abril non deixaron de traballar. Tamén que este ano contan con catro membros foráneos, dúas persoas de Vincios, una de Valladares e outra de Sanguñeda, algo que valoran positivamente porque "é de agradecer que xente de fóra queira implicarse, pero tamén é importante que o pobo se anime a participar e a coller as rendas do próximo ano.

Catro días de festa en Zamáns:

A programación dará comezo o venres 4 de setembro, ás 20:30 horas, co pregón e a tradicional empanada para os socios e socias, que estará amenizada pola Charanga Vai de Baile.

Xa pola noite, a partir das 23:30 horas, chegará un dos momentos musicais máis destacados da primeira xornada coa actuación de El Combo Dominicano, que será o encargado de poñer ritmo á noite.

O sábado 5 de setembro a festa continuará cun pasarrúas coa Charanga Noroeste. Ás 19:00 horas terá lugar a

gran tirada de fogos e, posteriormente, a música tomará o protagonismo coa Orquestra Solara, que actuará a partir das 22:30 horas.

A programación deste sábado inclúe ademais propostas do O Son do Monte Festival, con actuacións de DJ Fercho, DJ Rami e Borja Solla.

O domingo 6 estará marcado polos actos relixiosos e pola música. Ás 12:00 horas celebrarase a misa cantada pola Coral Polifónica de Zamáns, coa participación da Banda de Música Atlántida de Matamá.

Xa pola noite, a partir das 22:00 horas, a verbena correrá a cargo das orquestras Saudade e La Nave, nunha nova noite para bailar e desfrutar no torreiro da festa.

A xornada do luns 7 de setembro porá o punto final ás celebracións. Ás 12:30 horas terán lugar as poxas despois da misa e, a continuación, actuarán a Banda de Música de Val Miñor e os Mariachis Amigos de México.

Pola tarde, ás 17:00 horas, chegarán as tradicionais cucañas, unha das actividades pensadas para desfrutar en familia. E para pechar a programación musical, ás 22:00 horas actuará Los lunes al sol e o Grupo Extra.

O luns contará tamén con máis propostas dentro de O Son do Monte Festival, coa presenza de JJ Compota e Dumore.

A tradición relixiosa, parte esencial

das festas.

Xunto coa programación musical e festiva, os actos relixiosos volverán ocupar un lugar importante nestas celebracións.

A novena dará comezo o venres 28 de agosto ás 20:00 horas. O sábado 5 de setembro, ás 17:30 horas, celebrarase a ofrenda floral e a misa.

O domingo 6 de setembro haberá celebracións relixiosas ás 09:00, 10:00, 11:00 e 12:00 horas, sendo esta última a misa cantada con procesión. Pola tarde, ás 18:00 horas, terá lugar unha nova misa.

Finalmente, o luns 7 de setembro ás 11:00 horas celebrarase a última misa das festas deste ano.

Unhas festas para toda a parroquia

Con esta programación, Zamáns prepárase para vivir varios días de festa nos que a tradición e a celebración popular volverán ir da man. Música, orquestras, charangas, actividades para todas as idades e os actos relixiosos conforman unha proposta coa que a parroquia quere recibir tanto á súa veciñanza como a todas aquelas persoas que se acheguen ata o Parque Forestal de Zamáns.

Unha nova edición das festas da Virxe dos Aflixidos que promete deixar atrás o verán por todo o alto e converter Zamáns, durante estes días de setembro, nun dos puntos de encontro festivos da contorna de Vigo.

Bar HORACIO

Zamáns Igrexa

Ricardo
Telf: 986 46 53 44
666 697 765

Especialidade en:
Comidas, tapas variadas
Viños Ribeiro e Condado

Café - Taberna Tenda Exprés

Laura

Vending 24 horas

Estrada de Zamáns, 219
Teléfono: 986 468 365
Móbil: 670 062 376

Kami

el auténtico croissant artesano de mantequilla

Bajada a la Playa, 152 B
36392 Sayanes / VIGO
Tel. 986 491 118 / Móvil 645 260 727

SERVICIO A CAFETERÍAS Y HOTELES

Café SORAYA Bar

SELLADO QUINIELAS BONO-LOTO PRIMITIVAS

SORAYA

Xunto á igrexa de Zamáns

CAFETERÍA Bò Catar

Martes a Domingo de 8:00 de la mañana a cierre

Gregorio Espino 48 - VIGO Tel.: 669 522 169

FESTAS NA HONRA A VIRXE DOS AFLIXIDOS
PARQUE FORESTAL DE ZAMÁNS
ZAMÁNS 2026

4 VENRES SETEMBRO
As 20:30h. Pregón e empanada para os socios amenizada pola **CHARANGA VAI DE BAILE**
As 23:30h.

5 SÁBADO SETEMBRO
Pasarrúas coa **CHARANGA NOROESTE**
As 19:00h. **GRAN TIRADA DE FOGOS**
As 22:30h. **ORQUESTA SOLARA**
O SON DO MONTE
DJ FERCHO | DJ RAMI | BORJA SOLLA

6 DOMINGO SETEMBRO
As 12:00h. Misa cantada pola **CORAL POLIFÓNICA DE ZAMÁNS**
e a **BANDA DE MÚSICA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ**
As 22:00h. **ORQUESTA SAUDADE e LA NAVE**

7 LUNS SETEMBRO
As 12:30h. **POIXAS** despois da misa
A continuación: **BANDA DE MÚSICA DE VAL MIÑOR**
A continuación: **MARIACHIS AMIGOS DE MÉXICO**
As 17:00h. **CUCANAS**
As 22:00h. **LOS LUNES AL SOL**
GRUPO EXTRA
DUMORE
ACTOS RELIXIOSOS
Venres 28 de agosto ás 20:00h. Novena.
Sábado 5 de setembro ás 17:30h. Ofrenda floral e misa.
Domingo 6 de setembro ás 09:00h., 10:00h., 11:00h. e 12:00h. Misas (misa cantada e procesión)
e ás 18:00h. Misa solemne.
Luns 7 de setembro ás 11:00h. Misa.
CULTUREA 22 Depoñición

unha cuarta parte do cadro de persoal". Do total de persoas sancionadas, un 71% sufriron a separación definitiva. Algúns departamentos do concello como o de Policía, os corpos de limpeza e arbitrios e os servizos de augas e sumaron un total de 160 persoas depuradas, máis do 70% do total. Foron purgados dende o secretario xeral, xefes de seccións, inspectores, porteiros, lavandeiras, bombeiros, persoal administrativo, varredores, encargados, aprendices, oficiais, peóns, policías, vi-xiantes, choferes, mestras, cabos, palafre-neiros, etc. Toda esta información, salienta a sección sindical, foi recollida polo historiador ga-lego Lucio Martínez Pereda e publicada no boletín nº 14 de Glaucopis do Insti-tuto de Estudos Vigueses no ano 2009. "É de xustiza que a estas 226 compañei-ras e compañeiros que su-friron a represión fascista teñan un recoñecemento polo Concello de Vigo polos servizos prestados e pola inxusta situación pola que pasaron", asevera a sección sindical.

pregos públicos no Concello de Vigo e foron depuradas ou represaliadas como consecuencia do golpe militar do 1936 e da ditadura franquista.

Solicitar ao Estado a Declaración de Re-paración e Recoñecemento Persoal das ví-timas do golpe militar e da ditadura fran-quista que desempeñaron algún posto no Concello de Vigo.

De igual maneira, fan un chamamento á cidadanía para localizar as familias do persoal que sufriu esta purga para ofre-cerlles información e reparación; investi-gar na documento do Arquivo Municipal se durante a ditadura franquista houbo máis persoas funcionarias represaliadas; e realizar un acto público de recoñecemen-to e reparación.

A sección sindical da CIG no Concello de Vigo solicita a reparación do persoal funcionario represaliado polo franquismo na guerra civil

Subliñan que, dun total de 895 persoas traballadoras, 226 foron sancionadas

A sección sindical da CIG no Concello de Vigo rexistrou unha solicitude á Alcaldía para que se repare ao persoal funcionario desta administración municipal que foi represaliado polo franquismo durante a guerra civil. Lembran que cada ano, en agosto, o Concello realiza unha home-naxe no Cemiterio de Pereiró aos políticos e sindicalistas vigueses asasinados polos fascistas e con esta petición, quérese es-tender esta homenaxe tamén ás persoas

servidoras públicas que sufriron as repre-salias do franquismo.

Lembran que tras do golpe de estado do 1936 instaurouse o franquismo en toda a provincia de Pontevedra levando a cabo unha depuración do colectivo de persoal funcionario nas administracións públicas. A depuración máis numerosa de Ponte-vedra tivo lugar no Concello de Vigo "xa que dun total de 895 funcionarios e fun-cionarias foron sancionados 226, é dicir,

Por isto, a representación da CIG solicita que se convoque un Pleno extraordinario e se acorde:

Repudiar e condenar a usurpación do poder local pola ditadura franquista no Concello de Vigo.

Declarar nulos e revogar todos os acordos plenarios e resolucións que se ditanan no seu día para depurar por cuestións ideolóxicas a empregados e empregadas municipais.

Considerar vítimas para os efectos da Lei de Memoria Histórica ás persoas que desempeñaron em-

IMPRESIONES
FREKI MANIA
MERCH

IMPRESIONES EN 3D
ENCARGOS PERSONALIZADOS
OBJETOS DE REGALO
ESPECIALIZADOS EN ANIME,
VIDEOJUEGOS, SERIES.....
ARMAS COSPLAY

Rua Ronda D. Bosco, 36 bajo VIGO
2 plantas de exposición y venta de
todo tipo de creaciones propias y
de diferentes artesanos
WhatsApp 692063537 - 656954099

SERVICIO **Grandes Ofertas en Pinturas**
Distribuidor Oficial

PINTURAS
CLENIN
Pinturas Impermeables
Alta Decoración
Papel Pintado desde 8€

Presupuesto sin compromiso
C/ Aragón 166, Vigo · Tlf: 986 37 64 00

Cafetería Tapería
Mi Capricho

Rúa García Lorca, 5
Vigo

Visítanos, estaremos encantados de atenderte!!

MOLINER

outlet de Juguetes

Todo para a volta ao cole en Moliner



newcompany
mouliner
VENTA Y DISTRIBUCIÓN DE
REGALOS Y JUGUETES



Polígono A Granxa
259-Nave, 6

O Porriño

986 346787
visita a nosa web:

info@jmoliner.com